

**CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO  
EN VILAXOÁN DE AROUSA**

**Decembro 2009**

**aCentral Folque - Centro Galego da Música Popular**

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Director: Marcos Lorenzo

Autores: Marcos Lorenzo e Ramom Pinheiro

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	6
-------------------	---

### BLOQUE 1: VILAXOÁN HOXE

---

1. DATOS MUNICIPAIS DE CONTEXTO.....	11
1.1. Información xeográfica.....	11
1.2. Datos sociodemográficos.....	12
1.3. Datos socioeconómicos.....	14
1.4. Oferta turística, lúdica e cultural.....	17
1.5. Recomendacións xerais en estudos previos.....	19
1.6. Resumo executivo.....	20
2. URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS EN VILAXOÁN.....	23
2.1. A problemática inserción no Concello de Vilagarcía.....	28
3. RECURSOS CULTURAI E DINÁMICAS SOCIAIS DA VILA.....	30
3.1. Entidades socioculturais e equipamentos.....	31
3.2. Dinámicas sociais.....	37
3.3. Identidades.....	40
4. ECONOMÍA LOCAL: DO SUBSTRATO MARIÑEIRO AOS MEDIOS DE VIDA ACTUAIS....	43
4.1. Historia económica.....	43
4.2. Recursos pesqueiros e mariños.....	47
4.3. Medios de vida actuais.....	49
4.4. A crise mexilloeira.....	50
5. O POTENCIAL TURÍSTICO DA CULTURA MARIÑEIRA .....	52
6. IMPLICACIÓN EMPRESARIAL E INSTITUCIONAL NO DESENVOLVEMENTO.....	59

### BLOQUE 2: BANDA SONORA ORIXINAL

---

1. HERDANZA MUSICAL SEÑORIAL.....	65
1.1. En terra transitada.....	65

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

1.2. Música nos pazos.....	67
2. VILAXOÁN MARIÑEIRO.....	73
2.1. Porto e vila mariñeira.....	74
2.1.1. Os mariñeiros.....	76
2.1.2. As peixeiras.....	77
2.2. A música dos mariñeiros.....	82
2.2.1. Sinais sonoros.....	82
2.2.2. Cantigas dos portos.....	82
2.3. Protoindustria e cantiga operaria.....	88
2.3.1. A cantiga social.....	90
2.4. Mariscadoras e Bateiros.....	96
3. A VIDA CANTANDO.....	97
3.1. Xogos e cancionero infantil.....	97
3.2. As festas do ciclo do ano e da vida.....	101
3.2.1. Natal.....	104
3.2.2. Os casamentos.....	108
3.3. Fiadeiros e lavadeiros.....	111
4. UNHA SOCIEDADE QUE SE URBANIZA.....	115
4.1. Gaiteiros e Bandas de música.....	115
4.2. A bailar co acordeón!.....	117
4.2.1. O acordeón de formas.....	117
4.2.2. O Manso e as orquestras de baile.....	121
4.3. O Entroido.....	125
4.3.1. O enterro da Sardiña.....	125
4.3.2. As comparsas.....	128
4.4. A música Coral.....	135
4.4.1. Coral Máximo Patiño.....	135
4.4.2. Coro Parroquial.....	138
4.4.3. Vilaxoán canta.....	140
4.5. As novas músicas urbanas (e portuarias).....	142
4.6. Folclore, folclorismo e folcloristas.....	151
4.7. Música e deporte.....	158

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

4.7.1.Fútbol.....	158
4.7.2.Boxeo.....	160
4.7.3 Regatas.....	161

### **BLOQUE 3: CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS**

---

1. CONCLUSIÓNS DE DIAGNÓSTICO (DAFO).....	165
2. METODOLOXÍA, PROCESO DE PARTICIPACIÓN E PROPOSTAS.....	171

## INTRODUCCIÓN

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

A cada paso é máis evidente o papel central da cultura nos procesos de desenvolvemento dos territorios. Se hai algún tempo se lle reservaba unha función secundaria en favor doutros sectores de actividade, na actualidade a cultura revélase como un factor determinante na xeración de actividade productiva, no fomento da cohesión social, no fortalecemento da identidade local e na rexeneración urbana de espazos degradados ou en declive. Cando os sociólogos etiquetan a época contemporánea como “sociedade do ocio” ou “sociedade do coñecemento”, os economistas sinalan o potencial da creatividade e da formación do capital humano como elementos decisivos no progreso dunha comunidade.

Efectivamente a cultura ten cada día máis peso na creación de empresas e un maior impacto no emprego. O informe 2006 de MKW encargado pola Dirección Xeral de Emprego da Unión Europea indicaba que naquel ano existían 7’2 millóns de traballadores da cultura en Europa, e prevían que esa cifra podería ascender a 22 millóns en 2011. Así mesmo, e como ben se indica no estudo *Revitalización urbana e fomento do emprego no sector terciario do municipio de Vilagarcía* (2008): “as medidas de conservación e recuperación de tanxibles e intanxibles culturais convértense en activos comerciais de primeira orde”. Complementando esa idea os autores dese estudo advirten ademais que o consumo cultural pode ser “punta de lanza” para o comercio local.

Pois ben, nesa mesma liña o presente informe propúxose “explorar as potencialidades de desenvolvemento local ligadas á música e á cultura mariñeira en Vilaxoán”. Tratábase de coñecer as peculiaridades musicais e culturais da vila para a continuación definir unha estratexia que combinase a posta en valor dese patrimonio local (material e inmaterial) co fomento dos sectores turístico, comercial, hostaleiro e acuícola, na convicción de que esa acción conxunta tería un efecto mutiplicador sobre a economía local, como se pode constatar en tantas intervencións similares noutras latitudes de Europa. Ademais, a dependencia histórica de Vilaxoán da actividade extractiva e manufactureira do mar aconsellaba camiñar cara unha maior

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

diversificación da súa estrutura productiva, pero sempre en sintonía cos seus valores autóctonos. Este enraizamento ten un sentido obvio en termos de historia e identidade colectiva, pero tamén serve para singularizar a oferta, facilitando dese modo a súa proxección turística. As propostas culturais que resultaron do proxecto están fundamentadas no legado antropolóxico da vila, pero tiveron moi en conta outras iniciativas que están a agromar en Carril e Vilagarcía coa finalidade de conformar así un paquete turístico municipal único do que derivasen tres focos complementarios.

Vilaxoán padeceu nas últimas décadas unha perda neta de poboación e actividade económica, o que desembocou nunha sensación xeral de decaemento vital, de desarraigo e de subordinación periférica. A cultura, concibida desde un enfoque transversal e non só como sector económico, pode ser a menciña que reforce a autoestima colectiva e a cohesión comunitaria da vila, ademais de mellorar a expresividade da cidadanía e estimular a súa creatividade.

Cando falamos de música e cultura mariñeira estamos a identificar un tópicos que non ten porque esgotarse nun patrimonio etnomusical máis ou menos museizado ou fosilizado. Pola contra, debe atender prioritariamente ás manifestacións vivas da cultura popular e a todas as súas derivas e actualizacións, a todas as reciclaxes e innovacións sonoras ligadas dalgún xeito ás formas do pasado. Ao fin esa foi e é a historia dos portos e das vilas costeiras, a da abertura a múltiples influencias externas e a da mestizaxe.

A aposta pola cultura como motor de desenvolvemento social e económico dun territorio é unha iniciativa relativamente inédita en Galicia, polo que cabe resaltar o seu carácter pioneiro e innovador. De certo que, á vista dos resultados da experiencia de Vilaxoán, xurdirán réplicas noutros barrios e vilas do país. Benvidas sexan se contribúen a espallar a dignificación e posta en valor do noso patrimonio cultural como recurso imprescindible de futuro.

Por último, queremos deixar constancia do noso agradecemento aos máis de 60 veciños e veciñas de Vilaxoán que nos asesoraron na elaboración do presente informe xunto con outros profesionais e expertos foráneos como Gonzalo Rodríguez, Xabier V. Pumariño, Carlos Rei, Moncho Marín e José Luís



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

do Pico. E por suposto ao Concello de Vilagarcía por ter iniciado esta andadura e por confiar n'a Central Folque para a súa materialización.

**BLOQUE 1: VILAXOÁN HOXE**

## 1. DATOS MUNICIPAIS DE CONTEXTO

Co obxecto de realizar unha primeira aproximación analítica á situación actual de Vilaxoán tomaremos unha serie de estudos e informes previos que aportan datos cuantitativos e valoracións cualitativas, fundamentalmente a escala do municipio de Vilagarcía. Debido ás carencias de información desagregada para Vilaxoán, moito do reflectido neste apartado só servirá para apuntar algúns trazos grosos que serán posteriormente matizados cando abordemos especificamente os riscos diferenciais da vila. De todos modos, o baleirado de datos secundarios permítenos comprender en primeira instancia en que contexto e dinámicas se insire o Vilaxoán actual.

Para a confección deste apartado empregamos as seguintes fontes:

- a) Documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal -PXOM- de Vilagarcía de Arousa;
- b) Informe sobre o que se sustenta o Plan Estratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira 5 da Ría de Arousa -PEZ GAC 5-;
- c) Proxecto Urbana AROUSA 21;
- d) Estudio “Revitalización urbana e fomento do emprego no sector terciario do municipio de Vilagarcía”.
- e) Páxina web do Concello de Vilagarcía: [www.ivilagarcia.com](http://www.ivilagarcia.com);
- f) Páxina web: [www.lariadearosa.com](http://www.lariadearosa.com);
- g) Información tirada da Wikipedia ([gl.wikipedia.org](http://gl.wikipedia.org)).

### 1.1. INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

Vilagarcía de Arousa é un municipio da provincia de Pontevedra pertencente á comarca do Salnés. Ten unha extensión de 47,1 km<sup>2</sup>. Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis, ao sur con Vilanova de Arousa e ao oeste coa Ría de Arousa.

O actual concello é o resultado da fusión en 1913 dos antigos municipios de Vilagarcía, Carril e Vilaxoán. Na actualidade comprende 11 parroquias: Santa Eulalia de Arealonga, Nosa Señora da Xunqueira, Bamio, Santiago de Carril,

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

San Pedro de Cea, Cornazo, Fontecarmoa, Rubiáns, Solobeira, San Martiño de Sobrán e Sobradelo. As dúas últimas, xunto coa freguesía de San Lourenzo de Andrés, conformaron en tempos o antigo Concello de Vilaxoán. A día de hoxe, Vilaxoán é un núcleo urbano da parroquia de San Martiño de Sobrán (5,9 km<sup>2</sup> de extensión) ubicado no extremo sur do municipio de Vilagarcía.

### 1.2. DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

O municipio de Vilagarcía de Arousa tiña en febreiro de 2009<sup>1</sup> arredor de 38.000 habitantes. É o concello máis densamente poboado da Ría de Arousa, con 830 hab./km<sup>2</sup>, para unha media de 345 hab./km<sup>2</sup>. A maiores desas 38.000 persoas empadroadas hai 4.350 vinculadas non residentes (por motivos de traballo, estudos, segunda residencia ou turismo), o que supón un 11% máis sobre o total censado<sup>3</sup>. Polo tanto a poboación real do concello de Vilagarcía excede os 40.000 habitantes.

Entre os anos 2000 e 2008<sup>4</sup> a poboación municipal incrementouse en 3.500 persoas, o que supón un medre de aproximadamente un 10%. O asentamento máis favorecido por esa dinámica é o núcleo urbano de Vilagarcía (de 15.301 en 2000 a 18.316 en 2007) mentres que os núcleos de Vilaxoán e Carril experimentaron un estancamento ou unha medranza moi ténue. Así, o núcleo de Carril pasou dos 1.444 habitantes en 2000 a 1.528 en 2007, e Vilaxoán de 1.460 a 1.480 habitantes no mesmo período. Pola contra, se analizamos o comportamento das parroquias, a de San Martiño de Sobrán (na que se inscribe Vilaxoán) pasou entre 2000 e 2008 de 3.387 habitantes a 3.431, e a de Santiago de Carril mingou de 3.130 habitantes a 3.063 no mesmo período. En consecuencia, e cunha tendencia estacionaria en ambos casos, Carril concentra o seu leve crecemento no núcleo urbano e Vilaxoán na súa periferia.

Nunha estimación para o ano 2024 os técnicos do PXOM agardan que a poboación do núcleo de Carril supere para entón os 1.700 habitantes

---

<sup>1</sup> PXOM: Padrón Municipal 2009.

<sup>2</sup> GAC 5. INE, padrón municipal de habitantes 2006.

<sup>3</sup> GAC 5: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova 2007.

<sup>4</sup> PXOM: INE. 2000, 2008.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

(ascenso moderado), mentres que para Vilaxoán prevén o seu estancamento arredor dos 1.500. Podemos dicir por tanto que o concello de Vilagarcía é o que presenta un maior dinamismo demográfico da Ría de Arousa gracias ao comportamento da súa capital municipal.

O saldo vexetativo en 2006 foi levemente positivo, con máis nacementos que defuncións (345 fronte a 311)<sup>5</sup>. Polo tanto, a medranza poboacional que experimentou Vilagarcía nos últimos anos explícase mellor a partir dos saldos migratorios. Entre 1990 e 2006 rexístrase un ascenso continuado nos datos de emigración e inmigración, se ben a maior ritmo na inmigración, co cal a resultante é positiva. Así, e a modo de exemplo, en 2006<sup>6</sup> chegaron a Vilagarcía 1.566 persoas e marcharon 1.059 (compárese co saldo vexetativo). Do total de persoas chegadas nese ano, 435 eran de nacionalidade estranxeira. A magnitude da inmigración en Vilagarcía foi moi superior á dos restantes concellos da Ría de Arousa<sup>7</sup>.

A partir deste dato podemos extraer unha primeira conclusión: a importancia do fenómeno da inmigración no concello de Vilagarcía demanda políticas activas de integración e convivencia. Na área de cultura habería que promover encontros e actividades interculturais ou especificamente deseñadas para atender ás necesidades desa nova veciñanza.

Por outra parte, e quizás en relación co dato anterior, a poboación do concello presenta unha media de idade de 41 anos<sup>8</sup>, por debaixo da comarca do Salnés e Galicia<sup>9</sup>. O feito de dispor dunha poboación máis nova que a contorna xeográfica é unha fortaleza municipal fronte ao proceso de envellecemento que sofre Galicia.

No que atinxe á formación dos vilagarcíans os datos dispoñibles son confusos ou controvertidos. Baseándose en fontes do IGE para o ano 2001, o Urbana AROUSA 21 conclúe que os niveles educativos en Vilagarcía son baixos ao só ter finalizado estudos superiores o 5,36% da poboación. Sen embargo o GAC 5 mostra datos ben distintos desde a mesma fonte (enquisa IGE 2001) ao

---

<sup>5</sup> Urbana AROUSA 21: IGE 2006.

<sup>6</sup> Urbana AROUSA 21: INE 2006, Estadística de Variaciones Residenciales.

<sup>7</sup> GAC 5: IGE 2006.

<sup>8</sup> PXOM: INE 2001.

<sup>9</sup> Estudio “Revitalización...”.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

sinalar que a formación media da cidadanía de Vilagarcía é elevada con respecto á da Ría de Arousa ao dispor dun 11% de universitarios fronte á media do 8% no conxunto dos municipios ribeiráns. Esta discrepancia impídenos inferir ningunha conclusión fiable ao respecto.

A taxa de criminalidade do municipio de Vilagarcía roldou en 2006 os 40 delitos por cada 1000 habitantes, 10 puntos porcentuais inferior á media española<sup>10</sup>, o que quizás nos fale da perda de vixencia na vida local dos episodios máis escuros do narcotráfico.

No Urbana AROUSA 21 cualifícase de insuficiente a oferta municipal de prazas de gardería e terceira idade (1.635 para nenos de 0 a 4 anos, e 6.069 para maiores de 65 anos). En Vilaxoán hai un centro sociocomunitario orientado a maiores, pero non se localiza ningunha gardería nin residencia de anciáns. A deficiente cobertura social ten unha incidencia negativa na incorporación da muller ao mercado laboral. Esta é unha das principais conclusións do proxecto Urbana AROUSA 21.

### 1.3. DATOS SOCIOECONÓMICOS

En 2001<sup>11</sup> a taxa de paro en Vilagarcía era dun 15,9%, e dun 7,7% en 2007<sup>12</sup>, en ambas anualidades por enriba da media comarcal e galega<sup>13</sup>, e moi acusada entre parados “sen emprego anterior” (19% do total de desempregados, segundo o GAC 5). No ano 2007 o paro feminino representaba 2/3 do total, superando os niveis da provincia e Galicia<sup>14</sup>. Polo tanto, desemprego máis elevado que na contorna, moi feminizado e especialmente acusado en parados “sen emprego anterior”.

En canto á porcentaxe de persoas activas, só dispoñemos de datos de 2001 (INE e IGE). Segundo esas fontes, a taxa de actividade do municipio de Vilagarcía era do 53,4%<sup>15</sup>, por enriba da media galega (50,7%)<sup>16</sup>.

---

<sup>10</sup> Urbana AROUSA 21. Subdelegación do Goberno.

<sup>11</sup> GAC 5: IGE 2001.

<sup>12</sup> GAC 5: Anuario Socioeconómico de Galicia 2007. Caixanova.

<sup>13</sup> Estudio “Revitalización...” e GAC 5: Anuario Socioeconómico de Galicia 2007. Caixanova.

<sup>14</sup> Urbana AROUSA 21: IGE, Censo de Poboación e Vivenda.

<sup>15</sup> PXOM: Censo de Población 2001. INE.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Por profesións, só un 2,3% da poboación ocupada en Vilagarcía se inscribe en “profesións cualificadas relacionadas co sector primario”, fronte ao 34,6% de Vilanova<sup>17</sup>. Destaca o 12% de poboación ocupada en “profesións asociadas a titulacións de 1º, 2º e 3º ciclo universitario”, moi por enriba da media da Ría de Arousa<sup>18</sup>. Do que se deduce que o perfil de ocupados en Vilagarcía é máis cualificado que na contorna, froito dos seus maiores niveles formativos (dando así a razón ao GAC 5 fronte ao AROUSA 21), da súa especialización en servicios e da súa diversificación productiva<sup>19</sup>. Así mesmo, podemos entrever como a posición de Vilaxoán como polo mariñeiro resulta excéntrica a respecto dunha capital comercial e de servicios, e máis achegada ao perfil do veciño concello de Vilanova de Arousa.

A especialización terciaria do concello de Vilagarcía reflíctese na ocupación por sectores<sup>20</sup>, cun 68% do emprego en servicios (forte ascenso desde 2001: 55%<sup>21</sup>), un 28% no sector secundario (industria e construción, decrecendo desde 2001: 38%<sup>22</sup>) e menos dun 4% no primario (moi inferior á comarca<sup>23</sup> e diminuindo desde 2001: 7%<sup>24</sup>). En canto ás empresas<sup>25</sup>, un 75% céntranse en servicios, case un 23% no sector secundario e pouco máis do 2% no primario. Polo tanto, evidente primacía do sector servicios, como corresponde cunha cabeceira comarcal, tendencia que se está a afianzar nos últimos anos.

Segundo o PXOM, o sector primario de Vilagarcía céntrase na pesca, marisqueo e cultivos mariños, xunto coa vide, invernadoiros de flores e explotación forestal. A actividade nas lonxas de Vilaxoán e Carril segue a ocupar un papel relevante. O secundario na súa vertente industrial nótrese das conservas e viños (agroalimentaria) e de diferentes ramas metalúrxicas (naval, agrícola e metalgráfica). No sector terciario destaca o peso das actividades ligadas ao comercio e ao turismo.

---

<sup>16</sup> GAC 5: IGE 2001.

<sup>17</sup> GAC 5. IGE.

<sup>18</sup> GAC 5. IGE.

<sup>19</sup> GAC 5. IGE.

<sup>20</sup> PXOM: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales 2008.

<sup>21</sup> PXOM: IGE 2001.

<sup>22</sup> PXOM: IGE 2001.

<sup>23</sup> Un 13% en 2004 na comarca do Salnés, segundo estudio “Revitalización...” (IGE).

<sup>24</sup> PXOM: IGE 2001.

<sup>25</sup> PXOM: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales 2008.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Entre 1999 e 2007 medrou considerablemente o número de empresas<sup>26</sup> (de dúas mil a dúas mil seiscentas). Predomina o comercio polo miúdo pero cómpre destacar o incremento en construción e servicios inmobiliarios, do comercio por xunto, e de novas actividades ligadas á formación, aos coidados persoais e ao ocio: actividades asociativas, recreativas, culturais e deportivas, de educación, de servicios persoais... O que marca unha pauta xeral de maior emprendemento, maior diversificación empresarial e apertura a actividades inscritas na sociedade do ocio e do coñecemento (nova economía). As empresas de construción e servicios inmobiliarios é previsible que volvan a un punto de equilibrio máis baixo logo do estalido da burbulla do ladrillo, e a prevalencia do comercio é un sinal de identidade municipal e consubstancial co papel de Vilagarcía como cabeceira comercial da comarca.

Máis da metade (55%) das empresas de Vilagarcía non teñen asalariados, sobre un 40% teñen de 1 a 9 asalariados, o 5% son pequenas empresas (de 10 a 49 asalariados) e as de maior emprego supoñen un 0,5%. Só hai unha cooperativa<sup>27</sup>. En Vilagarcía sobresaen as microempresas (95%) e o recurso ao autoemprego. Na base de datos Ardán 2006 falan de só 10 empresas que superen os 10 M € de facturación, das que 8 pertencen ao sector servicios. Ademais, podemos apreciar o raquitismo da economía social no municipio (cooperativas, sociedades laborais...), só compensado pola presenza de formas mancomunadas de cooperación empresarial e laboral: confrarías e asociacións sectoriais do mar (mexilloeiros, mariscadores, etc..).

Recapitulando: a combinación entre poboación relativamente nova, paro elevado en mulleres e na categoría “sen emprego anterior”, predominio de microempresas, visión comercial e carencia de empresas de economía social, xunto coa importancia do peso relativo do turismo, marca unha pauta de intervención en termos de desenvolvemento local.

Os portos de Vilaxoán e Carril están especializados en funcións pesqueiras e recreativas, mentres que os dous de Vilagarcía na comercial e deportiva<sup>28</sup>. No PEZ GAC 5 afirmase que a nova terminal portuaria de Ferrazo impulsará a actividade comercial a través do tráfico de contedores. Vilaxoán padece o

---

<sup>26</sup> PXOM: Datos do Concello de Vilagarcía.

<sup>27</sup> Urbana AROUSA 21: IGE 2006.

<sup>28</sup> PXOM.



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

impacto paisaxístico e medioambiental desa infraestrutura, así como a segregación espacial que demarca, sen recibir compensación aparente. Lembramos que segundo o GAC 5, Vilagarcía produciu en 2006 o 16% dos 220 millóns de quilos de mexillón vendidos no total da Ría de Arousa a un prezo agregado de 97 M €. O tráfico comercial, o turismo e a actividade extractiva mariña (acuicultura e pesca) seguen a convivir -e competir- nos usos da costa vilagarcían.

E para rematar este apartado, algunhas pistas sobre o poder adquisitivo e a produtividade dos vilagarcíans. A renda familiar media dispoñible de Vilagarcía era de 11.177 €/hab. en 2005<sup>29</sup>, a máis alta da Ría de Arousa aínda que inferior á media galega (11.833 €/hab.). No caso do valor engadido bruto por habitante si se superaba en Vilagarcía á media galega (16.991 € / hab. fronte a 16.725 €/hab.)<sup>30</sup>. E a produtividade por habitante en 2001 era de 104 en Vilagarcía para un promedio de 100 en Galicia. Ou sexa que a groso modo maior produtividade e menores ingresos que no conxunto de Galicia.

Dise no PXOM que boa parte da medranza da vivenda nos últimos anos débese a segundas residencias. No seguinte apartado veremos que esta variable é moi significativa de cara a definir un perfil do turista en Vilagarcía.

### 1.4. OFERTA TURÍSTICA, LÚDICA E CULTURAL.-

Existe un indicador manexado por expertos que mide o valor turístico dun territorio. Pois ben, entre os anos 2000 e 2006 rexístrase un pronunciado descenso no “índice turístico” de Vilagarcía de Arousa, de 80 a 25 puntos<sup>31</sup>.

A oferta de aloxamento turístico de Vilagarcía é moi deficiente se a comparamos con outros concellos da Ría de Arousa. Así, os 5 hoteis de Vilagarcía teñen capacidade de 344 prazas, os 9 de Vilanova de 609 prazas e os 41 do Grove de 2.867 prazas. O único cámping de Vilagarcía conta con

---

<sup>29</sup> GAC 5: Anuario Socioeconómico de Galicia 2007. Caixanova

<sup>30</sup> GAC 5: Anuario Socioeconómico de Galicia 2007. Caixanova.

<sup>31</sup> Urban AROUSA 21: Anuario Comercial 2007. La Caixa.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

menos de 300 prazas, polas 2.500 do Grove ou as 1.200 de Ribeira<sup>32</sup>. Onde ten Vilagarcía unha presenza significativa é en puntos de atracada nos seus peiraos: 450 cunha previsible ampliación ate os 1.000 (estimacións do Plan Director das Instalacións Náuticas Deportivas de Galicia 2008). Do que podemos deducir que o perfil turístico de Vilagarcía posúe fortes peculiaridades: serios déficits en turismo de habitación e forte decantación en turismo de alto poder adquisitivo, con embarcacións e segundas residencias.

Cruzando diferentes informacións municipais en canto a equipamentos culturais, observamos que o núcleo urbano de Vilagarcía ten un auditorio municipal, unha sala de exposicións, unha galería de arte, unha rede de centros socioculturais, uns multicines, unha biblioteca (con 3 extensións en Bamio, Carril e Vilaxoán), un segundo espacio escénico (Praza da Peixería) e unha escola de música que previsiblemente será transformada en conservatorio. Co cal detectamos carencias en canto a espazos museísticos e de interpretación do patrimonio local (histórico, cultural, natural) con potencial turístico, ademais de centros de formación e experimentación artística.

Analizando a oferta de grandes actividades festivas e turísticas de Vilagarcía, e sen pretensión de exhaustividade, identificamos a Procesión de San Roque, a Festa da Auga, a Festa da Ameixa de Carril, o Combate Naval, a Mostra do Albariño e o Festival do Norte. En consecuencia, faltan programacións centradas na historia mariñeira da zona e hai cabida para novos eventos gastronómicos (de aí o suceso da Festa das Tapas, recen inaugurada).

Concluindo, serían precisos novos equipamentos e programacións culturais xenuínas e con raizame local que aglutinen dous obxectivos: atracción de visitantes no verán e identificación da poboación co seu legado histórico. Na práctica trataríase de combinar a organización de eventos estivais coa produción artística de base popular durante o curso escolar. Ademais cumpriría deseñar actividades que integren as expresións artísticas e musicais da inmigración partindo da mestizaxe e o cosmopolitismo intrínseco aos portos.

---

<sup>32</sup> GAC 5: Dirección Xeral de Turismo 2007. Xunta de Galicia

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

### 1.5. RECOMENDACIÓNS XERAIS EN ESTUDIOS PREVIOS.-

Varias das fontes documentais nas que se sustenta este punto 2 recollen recomendacións de futuro para Vilagarcía. A continuación faremos un breve percorrido polas mesmas, extractando aqueles contidos emparentados coa finalidade do noso informe.

O Urbana AROUSA 21, proxecto no que se enmarca a nosa iniciativa, propónse tres obxectivos xerais:

- a) a promoción do comercio tradicional;
- b) a conciliación da vida laboral e familiar;
- c) o fomento da calidade dos servizos turísticos e culturais.

Estes obxectivos resultan dun DAFO previo no que entre outros tópicos se indica a modo de diagnóstico: 1) a elevada dependencia da pesca e do marisqueo en Vilaxoán, e por tanto a súa escasa diversificación económica e insuficiente especialización turística, e 2) as carencias na rede de centros sociais para pícaros e anciáns.

Como consecuencia, o programa de actividades do AROUSA 21 promove a creación de empresas entre mulleres e/ou colectivos con dificultades de inserción, baixo fórmulas de economía social e localizadas nos núcleos de Vilaxoán e Carril, ao tempo que postula intervencións artísticas embelezadoras do espazo público nos cascos históricos de ambas localidades.

Pola súa parte, os redactores do PXOM sinalan unha serie de potencialidades ligadas ao turismo, en ascenso desde os anos 60'. Destacan catro ítems: natureza, patrimonio, gastronomía e oferta náutica. Non inclúen o deseño estratéxico de actividades culturais e servizos turísticos que poñan en valor a identidade local como elemento de atracción e desenvolvemento da zona. Sen embargo, nos Criterios Xerais de Ordenación apostan por renovar a fachada litoral e porque os portos tradicionais actúen como centros de identidade.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Por último, o documento “Revitalización...” recomenda a creación dun tecido de microempresas hostaleiras, comerciais e de ocio que atraian e dean servizo aos turistas. Aquí xa parecen contemplar o papel do desenvolvemento cultural na dinamización dos territorios. Hai un par de reflexións que merecen ser reproducidas literalmente e que reforzan a pertinencia do noso proxecto. Seleccionaremos tres fragmentos:

a) “o sector turístico vese apoiado non só polas praias, boa gastronomía e porto deportivo, senón pola existencia dun rico patrimonio arquitectónico e cultural, así como dun comercio competitivo e de calidade, e unha oferta lúdica, deportiva e cultural en crecemento”<sup>33</sup>;

b) falan da necesidade de “recuperar a identidade”, de “crear espazos únicos e singulares” e din que “as medidas de (...) recuperación de tanxibles e intanxibles culturais perseguen incrementar o turismo e capital cultural das cidades, e convértense en activos comerciais de primeira orde”<sup>34</sup>;

c) apostan polo consumo cultural como “punta de lanza” para o comercio<sup>35</sup>. Amén doutras recomendacións indicadas pola veciñanza de Vilaxoán, os redactores deste estudo propoñen a implementación dun roteiro polo casco histórico, con boa sinalética e visita guiadas implicando á cidadanía. Ademais aconsellan promover oferta residencial en forma de VPO’s, segundas residencias, etc..

Por indicar unha pequena carencia, non parecen advertir da necesidade de promover medidas que incentiven a rehabilitación do casco histórico para atraer á mocidade e ao novo comercio mediante o aluguer.

### 1.6. RESUMO EXECUTIVO.

Da análise dos datos secundarios e das valoracións recollidas nos informes precedentes podemos deducir unha serie de conclusións de partida:

- O concello de Vilagarcía é moi dinámico en termos demográficos gracias ao efecto atracción que exerce a capital municipal, en boa

---

<sup>33</sup> Documento “Revitalización...”, páx. 53.

<sup>34</sup> Documento “Revitalización...”, páx. 82.

<sup>35</sup> Documento “Revitalización...”, páx. 87.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

medida entre persoas inmigrantes. Os núcleos urbanos de Vilaxoán e Carril presentan, pola contra, unha tendencia estacionaria.

- Son necesarias políticas activas de encontro e convivencia intercultural coas comunidades inmigrantes, tamén no eido cultural e artístico.
- A poboación de Vilagarcía é comparativamente máis nova que a da súa contorna xeográfica.
- A deficiente cobertura social do municipio ten unha incidencia negativa no acceso da muller ao mercado laboral.
- O desemprego é máis elevado que na contorna, moi feminizado e especialmente acusado en parados “sen emprego anterior”.
- O perfil de ocupados en Vilagarcía é máis cualificado que no conxunto da Ría de Arousa, froito dos seus maiores niveles formativos, da especialización en servicios da súa economía e da súa diversificación productiva.
- A posición de Vilaxoán como polo mariñeiro resulta excéntrica a respecto dun concello comercial e de servicios como Vilagarcía, e máis próxima ao do veciño municipio de Vilanova de Arousa. O monocultivo mariño de Vilaxoán é a principal debilidade da súa economía.
- O carácter terciario da economía vilagarcía acentuouse nos últimos anos.
- Sen perder a súa vocación comercial, Vilagarcía está inmersa nunha dinámica xeral de maior emprendemento, maior diversificación empresarial e apertura a actividades inscritas na sociedade do ocio e do coñecemento (nova economía).
- En Vilagarcía predominan as microempresas (95%) e hai unha absoluta carencia de fórmulas de economía social (cooperativas, sociedades laborais...).
- A combinación entre poboación relativamente nova, paro elevado en mulleres e “sen emprego anterior”, cultura do emprendemento a través de microempresas, visión comercial e carencia de empresas de economía social, xunto coa importancia do peso relativo do turismo, marca unha clara pauta de intervención en termos de desenvolvemento local.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

- O tráfico comercial, o turismo e a actividade extractiva mariña (acuicultura e pesca) seguen a convivir -e a competir- nos usos da costa vilagarciana, o que xera un severo impacto (por acción e por omisión) nas expectativas de futuro de Vilaxoán.
- A grandes riscos, Vilagarcía presenta unha maior produtividade e uns menores ingresos medios por habitante que o conxunto de Galicia.
- O perfil turístico de Vilagarcía posúe fortes peculiaridades: serios déficits en turismo de habitación e forte decantación cara o turismo de alto poder adquisitivo, con embarcacións e segundas residencias.
- Vilagarcía presenta carencias en canto a espazos museísticos e de interpretación do patrimonio local (histórico, cultural, natural) dotados de potencial turístico. Tamén hai escaseza de centros de formación e experimentación artística.
- Faltan programacións centradas na historia mariñeira da zona e hai cabida para novos eventos gastronómicos.
- En Vilaxoán son necesarias medidas que incentiven a rehabilitación do casco histórico para atraer á mocidade e ao novo comercio.

### 2. URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS EN VILAXOÁN

A modo de aclaración previa, diremos que os seguintes apartados foron elaborados en base ás entrevistas realizadas a 35 informantes, veciños na súa meirande parte de Vilaxoán pero tamén expertos externos. Ademais, servímonos de textos de Dionisio Pereira, Teo Cardalda, Manuel Villaronga e Marcelino Abuín que nos axudaron na contextualización histórica do pobo. Gracias a eles acadamos unha mellor comprensión da súa identidade e dinámicas contemporáneas.

Entre as diversas temáticas que abordaremos neste informe sobre a realidade actual de Vilaxoán, comezamos por todo o relativo ao medio físico (infraestructuras e urbanismo) pola centralidade que a veciñanza de Vilaxoán lle outorga en tanto que variable explicativa da recente evolución da vila. Efectivamente entre os habitantes de Vilaxoán existe a firme convicción de que a vitalidade social, económica e cultural do pobo decaeu de maneira drástica nos últimos 30 anos como resultado dunha normativa municipal que impediu ou dificultou enormemente a edificación residencial, o que se traduciu na práctica na expulsión de case dúas xeracións de vilaxoaneses que buscaron acomodo na urbanización “Las Gaviotas”, en barrios de Vilagarcía (principalmente n’O Piñeiriño) ou fóra da demarcación municipal. Obviamente nun proceso de decadencia tan agudo como o que describiremos ao longo do informe non só inflúe un único factor, pero o certo é que a parálise urbanística é o mínimo común múltiplo dos argumentos esgrimidos polos nosos informantes. O feito de atribuírle unha causalidade tan rotunda na raíz dos males do pobo a unha directriz emanada do Concello de Vilagarcía alimenta unha sensación quizás máis ampla de desprotección e abandono histórico (se non de suposta hostilidade) por parte da administración municipal cara os intereses e necesidades de Vilaxoán.

Se un observa fotografías antigas de Vilaxoán apreciará a notable coherencia morfolóxica do burgo mariñeiro, cunha planta vilega conformada por intrincados rúes, cunha arquitectura relativamente homoxénea (tanto na volumetría edificada como na estética das fachadas), e cun bordo litoral recortado ao pé das casas e das vellas fábricas de salgadura. Se un imaxina

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

esa vila coqueta chea de poboación, con abundante comercio e hostalería (“unha taberna cada dúas casas”), con actividade fabril nas conserveiras, con cultivos mariños en bateas, con numerosos barcos de pesca, cunha cultura popular afeccionada ao canto e á invención de coplas enxeñosas... e compara esa lembranza coa realidade actual, non é de estrañar que os habitantes de Vilaxoán perciban a evolución do seu pobo como un pesadelo deprimente. Nas últimas décadas Vilaxoán perdeu unha parte moi significativa da súa poboación e da súa base económica. Boa parte do legado arquitectónico de Vilaxoán, a diferencia doutras vilas costeiras en Galicia, permaneceu relativamente ben conservado (con excepcións). Sen embargo isto non é froito dunha política responsable de conservación do patrimonio senón síntoma do despoboamento da vila.

Vaiamos por partes. Os principais argumentos que manexan as persoas entrevistadas no que respecta á negativa incidencia na vida local das decisións tomadas sobre o medio físico son as seguintes:

- Nos anos 70’ e 80’, as restriccións á edificación en Vilaxoán e a abertura de novas urbanizacións en Vilagarcía (O Piñeiriño) implicaron a expulsión de case dúas xeracións de vilaxoaneses, o que por vez levou á caída do pequeno comercio e a hostalería, ao risco de peche de servizos na vila (SERGAS, Correos) e á ruptura na transmisión xeracional da cultura mariñeira. Resultado: falta a xente emprendedora de entre 30 e 50 anos que lle podería dar vida económica e cultural á vila.

Efectivamente, un simple paseo polo núcleo urbano de Vilaxoán permite constatar a avanzada idade da poboación residente, a escaseza de establecementos comerciais, a cantidade de vivendas baleiras e unha impresión xeral de abandono. Habería que buscar fórmulas para implicar de novo á poboación expulsada na revitalización da vila.

- A política de rehabilitación posta en marcha no anterior PXOM non deu resultados satisfactorios: poucas persoas se acolleron ás axudas e fallou o control sobre os criterios de conservación. A día de hoxe non hai unha política que incentive a rehabilitación de baixos para usos comerciais e o alugueiro para mozos.

De cara ao mantemento ou medranza da poboación, a principal alternativa á urbanización residencial foi a rehabilitación de vivendas no



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

burgo mariñeiro. Desde as administracións públicas non se tomaron medidas decididas nesa dirección. Hoxe pode ser demasiado tarde para acometer esa vía: as persoas residentes teñen unha idade elevada, o que dificulta que amorticen un importante investimento nas súas vivendas, e os seus descendentes establecéronse noutros lugares, co cal é incerto que vaian aproveitar esas reformas. Máis ben habería que apostar pola atracción de novos habitantes e negocios<sup>36</sup> a base de incentivos. A rehabilitación pública de baixos comerciais a cambio de alugueiros económicos para novos emprendedores podería ser unha saída. Así como a posta en circulación de vivendas baleiras entre a mocidade.

Entre os signos positivos a mencionar, dicir que na actualidade percíbese unha tímida rehabilitación de vivendas por parte de emigrantes retornados de idades avanzadas.

Outro elemento a destacar é que, se ben se restrinxiu a edificación de nova planta, non se tomaron medidas enérxicas de conservación da tipoloxía arquitectónica no casco histórico (véxase a modo de exemplo a reconstrucción de dúas casas de patín sen criterios de conservación), o cal tivo o efecto positivo de facilitar a permanencia de habitantes na vila e o negativo de alterar o perfil mariñeiro da vila, o que podería ter afeccións futuras no desenvolvemento turístico da mesma.

- O retraso na chegada do paseo marítimo a Vilaxoán foi unha oportunidade perdida.

Arredor do ano 2000 inaugurouse o tramo Carril - Vilagarcía, reforzando dese xeito o polo turístico municipal e excluindo a Vilaxoán dos potenciais beneficios que lle poderían reportar. O novo paseo marítimo de Vilagarcía a Vilaxoán está aprobado e tramitado, o que constitúe sen dúbida unha boa noticia. Sen embargo todo este tempo de desligación do eixe turístico son anos perdidos na posta en marcha dunha estratexia de promoción da vila.

- As instalacións industriais do porto vilagarcían ubicáronse ao pé de Vilaxoán, contribuíndo á súa degradación paisaxística.

Xa desde os anos 40' do século XX, a medranza do porto de Vilagarcía cara Vilaxoán debido ao calado dispoñible na Punta de Ferrazo, axeitado para o atraque de buques de gran tonelaxe, supuxo a intensificación

---

<sup>36</sup> Indícanse varios exemplos: venta de produtos locais, tabernas mariñeiras, pequenas empresas da cultura e a creatividade, etc.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

progresiva de usos industriais na entrada norte de Vilaxoán, o que tivo por vez dous efectos: o illamento espacial da vila tras un polígono portuario e o impacto paisaxístico dunhas instalacións que afectan ao encanto mariñeiro de Vilaxoán. Ademais, en datas recentes houbo un movemento popular de rexeitamento da implantación de depósitos de combustible anexos ao núcleo urbano, co conseguinte risco para a seguridade da poboación, o que levou a unha sentenza xudicial de derrubo.

- O recheo do porto de Vilaxoán foi motivo de tensións veciñais e pode ter un impacto negativo no desenvolvemento turístico da vila.

A causa da oposición ao recheo foi a preservación da identidade do pobo, que non se desnaturalizase como sucedeu en tantas vilas costeiras de Galicia. A protesta foi maioritaria, aínda que as vías de expresión dese descontento foran dispares: mentres algunhas persoas se mobilizaban, outras opúñanse de palabra pero non se implicaban na acción, o que provocaba a indignación dos activistas. O obxectivo do recheo foi a instalación do INTECMAR (Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño), dependente da Xunta de Galicia. Nunha primeira fase construíuse un predio de altura limitada e respectando a esencia da arquitectura mariñeira. Tempo despois procedeuse a sumarlle alturas e a engadir un segundo edificio que chocaba coa estética local. O que se aduciu oficialmente eran os postos de traballo que o Instituto traería consigo, o mesmo argumento utilizado no caso dos depósitos de combustible de Ferrazo. Houbo persoas sensibles a esa apelación ao progreso. Todo o proceso foi traumático para a convivencia en Vilaxoán e motivo de confrontación na veciñanza.

- Vilaxoán sufriu un illamento espacial progresivo entre dous estrangulamentos: depósitos de Ferrazo e estrada Vilagarcía - Cambados. A vila non está debidamente sinalizada nos cruces, o que acentúa a súa invisibilidade.

Como dicíamos anteriormente, Vilaxoán sufriu o impacto da localización das instalacións industriais do porto de Vilagarcía nas súas inmediacións. Pero tamén a estrada Vilagarcía - Cambados, que atravesa a cota superior da vila con gran intensidade de tráfico, é unha barreira física e unha fronteira simbólica que divide en dous ao pobo. A este respecto, recoméndase fixar un novo semáforo fronte ao supermercado Día

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

(urbanización Las Gaviotas) e pavimentar en adoquín con forte limitación de velocidade o tramo da estrada que comunica o burgo co pazo do Lagar e a igrexa de San Martiño, facéndoo permeable para os peóns.

En calquera destes accesos de entrada aprécianse serias carencias en canto á sinalética: para un visitante foráneo o máis probable é que Vilaxoán pase desapercibida. O mesmo podemos dicir da ausencia de indicadores co nome da vila nos cruces das vías de alta capacidade comarcais que se construíron en épocas recentes.

- Os déficits nas infraestructuras de saneamento da vila teñen incidencia nos cultivos mariños e no potencial turístico.

A dependencia de Vilaxoán das industrias extractivas do mar fai que sexa moi sensible aos vertidos que se poidan filtrar das industrias contiguas. Por este motivo sería preciso modernizar a rede de saneamento, pero tamén para coidar a limpeza e polo tanto os usos recreativos das praias.

- A densidade de pazos que existe en Vilaxoán (Lagar, Pardiñas e Rial) é unha fortaleza local que convén poñer en valor de cara ao seu aproveitamento turístico.

Segundo nos informan as persoas entrevistadas non hai unha axeitada inserción dos mesmos nas rutas turísticas de Vilagarcía nin se lles tira proveito en forma de programacións culturais específicas e visitas guiadas. Sería preciso adecentar a súa contorna e se procede emprender accións puntuais de rehabilitación parcial dos edificios.

- Outras obras recomendadas para Vilaxoán: urbanización da explanada adxunta ao Centro Sociocultural, reforma do piso superior da Confraría (antiga sede do Fogar do Pescador), mellora da Casa da Cultura con acceso público incluído, rehabilitación dalgunha antiga conserveira ou fábrica de salgadura con fins museísticos, recuperación do antigo cine, nova dotación deportiva (pavillón polideportivo ou pistas de fútbol sala e baloncesto).

A Casa da Cultura de Vilaxoán é percibida como pequena, agochada e na práctica maioritariamente para nenos. Sería preciso remodelala para dotala de novos contidos e usuarios. Ademais, o seu acceso por terreo da Confraría semella irracional. Aproveitando a súa proximidade ao Club de Remo podería abrirse un corredor (dotado dunha pequena pista de fútbol e baloncesto) que servise de foco de actividades culturais, deportivas e recreativas para os máis novos. Se a iso lle engadimos a creación dun

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

espacio museístico de orientación turística nas súas inmediacións, a conexión directa entre o Fogar do Pescador e o Centro Sociocultural e a urbanización da explanada do Centro Sociocultural (mesmo con espazo para xogos populares) xa temos un polo de desenvolvemento coa masa crítica suficiente para converterse en referente de ocio de Vilaxoán e arredores.

### 2.1. A PROBLEMÁTICA INSERCIÓN NO CONCELLO DE VILAGARCÍA

En Vilaxoán existe unha percepción histórica de maltrato por parte do Concello de Vilagarcía. O propio himno apócrifo da vila atribúe os males da localidade á dolorosa perda do municipio en 1913, cuestión que afectou ao orgullo local. A este elemento súmanse alomenos outros dous factores (máis ou menos obxectivos) que sustentan esa opinión: a localización do antigo porto municipal no centro de Vilagarcía (con serios déficits de calado) fronte á mellor alternativa de Vilaxoán, e a dinámica centralista que imprimiu o Concello desde os anos 50' na procura da creación dunha gran capital da Ría de Arousa.

A respecto do primeiro factor, un dos nosos informantes asegura que a fusión entre municipios foi aceptada por Vilaxoán porque se acordou que o futuro porto municipal se ubicara na vila. Esta afirmación resulta controvertida, por canto o peirao de ferro e o peirao do ramal (ambos no actual centro de Vilagarcía) foran inaugurados en 1893 e 1903 respectivamente, é dicir, con antelación ao momento da fusión. Tempo despois a gran infraestrutura portuaria municipal desprazouse á punta de Ferrazo, próxima a Vilaxoán e dotada de calado suficiente para acoller barcos de gran tonelaxe. En todo caso, pódese debater se os investimentos portuarios en Vilaxoán foron os axeitados ou foron insuficientes. Outras persoas sinalaron que a causa da aceptación da fusión intermunicipal foron as fortes débedas do Concello de Vilaxoán naquela altura.

O outro factor, o que podemos denominar como “centralismo vilagarcían”, quizás teña que ver coas políticas do “desarrollismo” dos anos 60' e a súa preferencia polas economías de escala, ou acaso cunha antiga pugna entre

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Vilagarcía e Vilaxoán debido ao seu carácter diferenciado ou contraposto (os alcumes e os imaxinario mutuos están aí para refrendalo: Vilagarcía distinguida e Vilaxoán mariñeiro). De feito un veciño apuntaba a unha consecuencia política desta diferenza ao afirmar que a vila non recibira investimentos de Vilagarcía durante o franquismo porque “Vilaxoán sempre foi republicana”. Sexa como fora, a sensación de agravio está presente no cotián de Vilaxoán, e os síntomas dese abandono municipal poderían resumirse nos seguintes feitos -históricos e actuais-:

- a) a parálise na edificación en Vilaxoán desde os anos 80’;
- b) a discutible localización histórica do porto municipal;
- c) a centralización das festas en Vilagarcía;
- d) a taxa municipal de residuos a abonar polo dispensario médico;
- e) a falta dun punto de información municipal en Vilaxoán;
- f) a indiferencia municipal ante a ameaza de peche da oficina de Correos;
- g) a nula dotación actual de seguridade pública en Vilaxoán;
- h) as carencias de iluminación, mobiliario urbano, pavimento, sinalización;
- i) a eliminación da figura do alcalde de barrio;
- j) a deficiente inserción dos pazos locais na oferta turística de Vilagarcía;
- k) a ausencia dunha política cultural específica para a vila.

De todos modos, aínda que poida haber moito de certo nesta listaxe, debemos advertir que recorrer ao victimismo como explicación dos males que castigan á vila ten un efecto ambivalente: efectivamente serve de reforzo da unidade popular cara dentro pero a costa de evitar indagar nos propios erros. Ademais, instalarse no catastrofismo conduce ao desánimo e á pasividade (para que facer nada; o noso futuro non está nas nosas mans), sumando un novo problema aos xa existentes.

### 3. RECURSOS CULTURAIS E DINÁMICAS SOCIAIS DA VILA

Ao longo deste apartado vamos a describir as principais características das entidades sociais, culturais e deportivas de Vilaxoán, en tanto que axentes centrais da vida comunitaria. Así mesmo, analizaremos as dinámicas sociais que presenta a vila a través de varios fitos históricos de unión ou confrontación popular. E ademais abordaremos a identidade local e os vínculos de afinidade con outros territorios veciños.

Sen afán de exhaustividade, algúns dos antecesores dos actuais colectivos sociais de Vilaxoán son os que seguen: asociación de labregos e mariñeiros “La Honradez” (1915), Pósito de Pescadores (1919, logo denominado Confraría Sindical de Pescadores e por último Confraría de Pescadores “Virxe do Rosario”), asociación cultural “Los Xosé-Finos” (1921), centro cultural Fogar do Pescador (1955), conxunto musical La Embajada (1940) e grupo de baile e música tradicional Revenidas (1978). Que tivesen continuidade ate os nosos días, ademais da Confraría temos ao Club de Fútbol San Martín (1952), á Coral Polifónica Máximo Patiño (1962), á Asociación de Veciños Vilaxoán (1976), á Asociación de Mexilloeiros Vilaxoán (1979 aprox.) e ao Coro Parroquial (1978). As restantes entidades presentes hoxe na vila foron constituídas a partir de 1980.

O abano de recursos socioculturais (entidades, equipamentos e eventos) cos que conta Vilaxoán na actualidade son:

TÁBOA DE RECURSOS SOCIOCULTURAIS DE VILAXOÁN		
<b>ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Confraría “Virxe do Rosario”.</li> <li>- Club de Remo.</li> <li>- C.F. San Martín.</li> <li>- Atlético Faxilde.</li> <li>- A.VV. Vilaxoán.</li> <li>- Coral “Máximo Patiño”</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coro Parroquial</li> <li>- A. de Mulleres Rurais “Avelaiña”</li> <li>- A. Marítimo Cultural de Vilaxoán</li> <li>- A. Cultural “A Repichoca”</li> <li>- Comparsa Marajota e Media</li> <li>- Comparsa Os Trancheiros</li> </ul>
<b>EQUIPAMENTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Centro Sociocomunitario (Xunta)</li> <li>- Centro Sociocultural</li> <li>- Casa da Cultura</li> <li>- Antigo local do Fogar do Pescador</li> </ul>	
<b>EVENTOS CULTURAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- “Vilaxoán Canta”</li> <li>- Festival das Revenidas</li> <li>- Concurso Popular de Panxoliñas</li> </ul>	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enterro da Sardiña</li> <li>- Festas do Carme</li> <li>- Festas do Rosario</li> </ul>

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Á hora de avaliar o estado actual do tecido asociativo e da vida cultural de Vilaxoán as opinións son diverxentes. Varios interlocutores o cualifican como “ilusionante”, percibindo un maior activismo que en épocas pasadas, e no que destacan algúns signos como o nacemento da A.C. A Repichoca e da Asociación Marítimo Cultural, o rexurdimento da Asociación de Veciños, o importante labor que vén desempeñando o Club de Remo, a escola de fútbol do C.F. San Martín, a recuperación do Enterro da Sardiña, o festival “Vilaxoán Rock”, a nova etapa da Coral Polifónica “Máximo Patiño”, a vitalidade do Coro Parroquial, etc.. Ademais sinalan paradoxalmente como unha fortaleza o feito de non ter recibido apoios decididos por parte do Concello, por canto iso estimulou a capacidade de autoxestión cultural do pobo.

Sen embargo hai outras voces discrepantes que indican que as actividades organizadas polas entidades sociais e culturais da vila non teñen a suficiente capacidade de convocatoria nin impacto real na vida local, e con demasiada frecuencia están desvinculadas das raíces culturais e antropolóxicas de Vilaxoán. Por outra parte hai quen se lamenta de que fóra das asociacións haxa tan poucas persoas que dinamicen a vida sociocultural do pobo.

Como a casuística é diversa e as visións encontradas, e de cara a coñecer máis polo miúdo o funcionamento das entidades sociais e culturais de Vilaxoán, dedicáremoslle a elas o groso do seguinte apartado.

### 3.1. ENTIDADES SOCIOCULTURAIS E EQUIPAMENTOS

- Confraría “Virxe do Rosario” de Vilaxoán. A principal institución da vila, nace en 1919 como Pósito de Pescadores. En 1941 obtén o primeiro dispensario médico mariñeiro de Galicia. Nos anos 70’ foi pioneira no cultivo de ostras. Dada a importancia do pasado pesqueiro de Vilaxoán, a Confraría é das de maior patrimonio da contorna. A día de hoxe conta cuns 170 socios, e presta numerosos servicios á comunidade: centro de atención médica, rexeneración de praias, habilitación de novos bancos marisqueiros, seguridade contra o furtivismo, apoio ás Asociacións de

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Mexilloeiros, espacio de reunión e festexos para as entidades da vila, etc.. No piso superior do seu local social, e desde 1955, existiu o principal punto de encontro da vida cultural e recreativa de Vilaxoán: o Fogar do Pescador (máis adiante abondaremos no tema). Os seus medios de financiamento son: cobro dun cánon por descarga en lonxa, cotas anuais dos socios e subvencións de diferentes administracións públicas. Entre as últimas medidas adoptadas polo actual patrón maior destaca a adquisición dunha grúa para bateeiros que xera actividade arredor do porto e presta servizo aos mexilloeiros locais. Esta nova prestación contribuíu a sanear as contas da Confraría. Tamén houbo intentos de organizar actividades de turismo mariñeiro que aínda non fructificaron.

- Asociación de Veciños Vilaxoán. Segundo o historiador local Teo Cardalda foi legalizada o 26 de maio de 1976, o que a converte na segunda máis antiga de Galicia. Por entón comprendía o territorio do vello municipio, é dicir as parroquias de Sobrán e Sobradelo. Desde o seu nacemento pasou por importantes altibaixos, estando aínda recente unha crise que a mantivo practicamente paralizada. Como causa ou consecuencia desa inestabilidade, influíu o feito de se constituíren outras dúas asociacións de veciños no seu ámbito xeográfico: a AVV de Sobradelo (coa quen na actualidade mantén unha relación fluída de colaboración) e a AVV Insuíña. A día de hoxe a AVV Vilaxoán ten 230 socios e desenvolve o seu traballo no Centro Sociocultural, onde ademais dunha estancia de uso propio xestiona a cafetería. No seu organigrama figura unha vocalía de cultura. Entre as demandas ou reivindicacións da AVV Vilaxoán nos últimos anos constan: 1) a expansión da praia do Preguntoiro como espacio de recreo; 2) a dotación dun parque infantil; 3) a limpeza e rexeneración da costa; 4) varias melloras no parque do recheo. No ámbito cultural organizan un curso de guitarra e teñen en proxecto outros de gaita, percusión e pandeireta. Tamén colaboran entre outros eventos co Enterro da Sardiña e co festival Vilaxoán Rock.
- Club de Remo. Nace en 1982 co obxectivo de crear novos deportistas e participar en competicións de traíñas. Desde esa data mantivo unha actividade estable ate 1999 (aprox.) en que comezou un proceso de medranza e modernización de equipos que chega ate hoxe. Na actualidade ten 90 mozos e mozas formándose, entre cadetes e sénior. Os maiores compiten na liga galega, os pequenos na española (máxima



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

categoría). As súas instalacións ubícanse no Centro Sociocultural. En 2009 organizaron o Campionato de España de Traíñas, co apoio loxístico e financeiro do Concello de Vilagarcía e do Ministerio de Medio Ambiente y del Medio Rural y Marino. Os custes do mantemento Club son elevados e precisan de novos equipamentos para seguir a ser competitivos (unha traíña, dúas traíñeiriñas e un batel máis). No ámbito local organizan varias regatas: “Bandeira Concello de Vilagarcía de Traíña”, “Bandeira Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Bateis” e Torneo de Traíñeiriñas. Contan cunha importante base popular e empresarial de apoio e patrocinio. En 2008 comezaron a organizar a Festa do Porquiño (gastronómica) con fins recaudatorios. En paralelo, apostan pola recuperación de xogos tradicionais como a billarda e a chave e pola reconstrucción da lancha xeiteira Carmelo, antiga contrincante da rianxeira Manuela, de cara a reeditar a vella e amigable rivalidade.

- Club de Fútbol San Martín. Fundouse en 1952, contando co precedente dun equipo anterior, o Fortuna. Pasou por diferentes etapas, chegando mesmo a desaparecer. A pesar dos vaivéns, é unha das iconas do pobo. A afección a este deporte é moi temperá na zona debido á influencia dos ataques da flota inglesa na Ría de Arousa a principios do século XX. A referencia dos xogadores que destacan no San Martín foi desde sempre o Arosa de Vilagarcía. A mellor época do club foi a mediados dos 80’, cando competiron en Terceira División e nunha liga das Rías Baixas (Rexional Preferente). Ten 450 socios, 9 adestradores entre todas as categorías, e 200 rapaces nos diferentes equipos. A asistencia media aos partidos do C.F. San Martín é de 200 seareiros. Finánciase a través da publicidade de empresas, as cotas dos socios e pequenas subvencións (por esta orde). O campo de fútbol é municipal. Na actualidade están a reforzar o traballo coa canteira, co que agardan obter froitos nas seguintes xeracións de futbolistas locais.
- Coral Polifónica “Máximo Patiño”. Outra das institucións decanas da vila, xurdiu en 1962, da man da figura clave de Máximo Patiño (director durante 40 anos). Na actualidade, e desde hai uns 7 anos, a Coral conta cunha nova directora que lle imprimou renovadas enerxías e unha maior amplitude de repertorio. Son un total de 40 membros, en xeral de idades avanzadas. Precisarían dun coro infantil que nutrise á Coral e garantise o relevo. Ensaian na Casa da Cultura (en condicións moi mellorables) e

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

actúan tanto no piso superior do edificio da Confraría (antigo Fogar do Pescador) como no Centro Sociocultural. Teñen uns 30 concertos ao ano. Non se inscriben en circuítos musicais (Rede da Deputación, p.e.) nin en estruturas federativas (FECOGA). Máis ben existen intercambios con outras corais ou son directamente contratados (citan a Festa do Sacramento da Illa de Arousa). Só a directora percibe ingresos polo seu labor: os restantes membros non son remunerados. Non dispoñen de liñas propias e regulares de formación musical. Cada lustro organizan unha semana ou mes cultural, e todos os anos o Concurso Popular de Panxoliñas en colaboración co CEIP Vilaxoán, de gran predicamento popular. En 2012 conmemórase o seu 50 aniversario. Reciben apoios económicos puntuais do Concello de Vilagarcía.

- Coro Parroquial. Fundado en 1978 no seo da catequese, comezou sendo unha agrupación coral de rapaces e rapazas da vila, co que serviu de canteira de novos valores para a Coral Polifónica. Recentemente modificou ese perfil incorporando a antigos membros xa en idades adultas. Ensaia no salón parroquial e colabora con institucións benéficas. Na actualidade preséntase como “Coro Vilaxoán”. Para máis información, ler o capítulo musical deste informe.
- Asociación de Mulleres Rurais “Avelaiña”. Constituíuse en 1993. A súa traxectoria vén marcada pola estabilidade, sen grandes altibaixos nin fitos históricos a resaltar. Ten máis de 200 mulleres socias e dispón dun local cedido polo Concello nos edificios de La Gaviota e dunha pequena estancia na Casa da Cultura. No primeiro espazo organizan cursos de bordado e encaixe; no segundo manualidades varias e tapizado. Tamén practican teatro afeccionado, guiadas por un profesor que aporta o Concello. As estreas das obras fanse no antigo Fogar do Pescador (onde tamén organizan bailes de salón), e as representacións ordinarias no Centro Sociocultural. Ademais, realizan excursións coincidindo con pontes festivas, normalmente financiadas pola Deputación de Pontevedra. O día da patroa da asociación, Santa Lucía, celébrano cunha misa cantada pola Coral Polifónica “Máximo Patiño”, a representación dunha obra de teatro e, en ocasións, a impartición de charlas. A maiores disto, Avelaiña ten unha valiosa experiencia federativa e de cooperación con entidades externas: participan nunha federación municipal de mulleres rurais chamada Mestura (16 entidades), e na asociación Rodela,

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

de ámbito autonómico e centrada no acompañamento de mulleres maltratadas.

- Asociación Marítimo Cultural de Vilaxoán. Naceu en novembro de 2004. O detonante para a súa creación foi o baleiro deixado polo Fogar do Pescador na organización da popular travesía a nado (en 2013 cumpríranse 50 anos). O principal evento que organizan é a Semana Náutico Cultural, coa participación de corais, compañías de teatro, grupos de danza, etc., e a realización de actividades netamente marítimas como piragüismo, pesca deportiva ou encontro de embarcacións tradicionais. En datas recentes recibiron por parte dunha familia de Vilaxoán a doazón dun racú para a súa restauración. Respaldan a proposta de recuperación da lancha xeiteira Carmelo, para o que antes, adverten, habería que dispor dos planos.
- Asociación Cultural “A Repichoca”. Vinculados ao antigo grupo de música e baile tradicional Revenidas (nacido en 1978 e disolto a mediados dos 90’), os seus promotores perseguen actualizar e poñer en valor o legado cultural e antropológico da vila. Con ese obxectivo participaron activamente na recuperación do Enterro da Sardiña no seu formato tradicional e na actualidade organizan o Festival das Revenidas, un dos fenómenos musicais de Vilaxoán de maior repercusión fóra das fronteiras locais.
- Comparsa de Antroido “Marajota e Media”. Constituída en 1994, conta con 50 membros, entre maiores e nenos. Leva funcionando 15 anos ininterrompidos a excepción de 1999, cando se produce a separación dun grupo de membros que crearán a outra comparsa da vila, “Os Trancheiros”. Continúan a rica tradición das coplas populares en Vilaxoán.
- Comparsa de Antroido “Os Trancheiros”. É unha escisión da Marajota e Media fundada no ano 2000. Agrupa a 30 membros, todos maiores. Para maior información sobre ambas comparsas ver o capítulo deste informe dedicado á música local.
- O Fogar do Pescador. Aínda que xa extinto, queremos facer referencia ao que foi epicentro social e cultural de Vilaxoán durante décadas, na medida en que segue a estar presente no imaxinario popular e a maioría das persoas entrevistadas sinalan como prioritaria a súa recuperación ou a creación dun espazo análogo. Fundouse en 1955 coa finalidade de

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

promover as artes, a cultura, o recreo e o deporte entre a veciñanza de Vilaxoán. Dispuña de todo o piso superior do edificio da Confraría, no que había cafetería, salón de baile e auditorio e múltiples equipamentos de ocio. Organizábanse festas, ciclos de conferencias e actividades culturais (exposicións e toda clase de espectáculos musicais, teatrais, etc..). Chegou a ter un equipo de natación que competía a escala autonómica. Con parte dos fondos recadados fixéronse adquisicións de obras de arte co obxecto de crear unha colección propia. Foi o xermolo de asociacións culturais e veciñais da vila. Chegou a ter máis de 500 socios. O Fogar do Pescador era autónomo da Confraría mentres se mantivese en activo. Un conflito motivado pola xestión dun bingo que rexentaban foi o detonante da súa disolución. No seu espacio, xa baixo a xestión directa da Confraría, séguese a organizar o Concurso Popular de Panxoliñas e actos sociais varios (bailes, representacións teatrais, etc..). O recinto precisa dunha serie de reformas básicas (instalación eléctrica, chan, illamento de teitos) que a Confraría solicitou á Deputación de Pontevedra. Un hipotético reflatamento do Fogar requiriría da implicación da administración pública na súa xestión.

En canto aos equipamentos socioculturais da vila, ademais do antigo Fogar do Pescador e a Confraría, xa mencionados, atopamos outras tres instalacións:

a) Centro Sociocultural (Concello de Vilagarcía). Obra de nova factura sita fronte á praia do Preguntoiro, é un espacio multifuncional de planta baixa dotado de cafetería, auditorio, estancias para oficinas e instalacións deportivas. É a sede do Club de Remo e da Asociación de Veciños Vilaxoán. Previsiblemente en breve acollerá a máis entidades da vila. O auditorio é empregado para a celebración de festivais (Vilaxoán Rock), para o ensaio e representación de grupos de teatro (Asociación de Mulleres Aveláña) ou para a organización de actividades culturais diversas (Semana Náutico Cultural). Suple de forma parcial a ausencia do Fogar do Pescador. Varias das persoas entrevistadas sinalan problemas: aínda non cumpre o papel de espacio de encontro veciñal pola súa escasa programación cultural e o auditorio posúe unha acústica moi deficiente.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

b) Centro Sociocomunitario (Xunta de Galicia). Orientado a persoas da terceira idade, é un edificio de dúas plantas con cafetería na baixa e espacio de lectura máis aula formativa na superior. Ten unha moi importante afluencia durante semana como espacio recreativo (televisión, xornais e xogos de cartas). Organízanse cursos para todas as idades, algún deles de iniciación á informática. Non dispón de sala de exposición nin auditorio.

c) Casa da Cultura (Concello de Vilagarcía). Localizada na parte posterior do edificio da Confraría e sen acceso público (hai que atravesar as estancias privadas da Confraría), ten dous andares: no baixo ubícase unha axencia da biblioteca municipal (entre 100 e 300 usuarios ao mes, a maioría nenos) ademais dunha pequena habitación para o almacenamento de materiais, e no superior varios cuartos, un deles onde ensaia a Coral “Máximo Patiño”, outro a antiga sede da Asociación de Veciños Vilaxoán e un terceiro a disposición da Asociación de Mulleres Rurais “Avelaiña”. Xunto a este edificio hai unha pista deportiva ao aire libre para a práctica de fútbol sala ou baloncesto. En conxunto é un equipamento de gran utilidade para a comunidade pero cunhas instalacións en estado de deterioro, sen o mantemento axeitado. Precisa dunha urxente reforma.

### 3.2. DINÁMICAS SOCIAIS

Como vimos, o peche do Fogar do Pescador foi un duro golpe para Vilaxoán. Perdíase o espacio de encontro e vertebración da vida social. As circunstancias que levaron a esa disolución son sintomáticas dun proceso social máis profundo que atravesa canto sucede na vila: as tensións e divisións veciñais, con frecuencia fundamentadas en discrepancias partidistas. Hai que lembrar que Vilaxoán foi unha vila cunha economía industrial moi temperá (a respecto do contexto galego), e por tanto cunha división do traballo en clases sociais e un grao de politización elevado, o que supoñemos que redundaría nunha conflictividade estrutural que funde as súas raíces no pasado. Un dos nosos entrevistados narra un episodio de desavinzas que se remonta ao ano 1938. Por entón, e sempre segundo a súa versión, lanzáronse acusacións de roubo contra a directiva da Confraría, o que derivou en liortas na rúa, boicots aos barcos dos contrincantes, etc..

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Seica o que subxacía era a oposición do patrón maior ao alzamento franquista.

Pero sen ir tan lonxe temos exemplos contemporáneos que confirmarían esa tendencia á división local e ao conflito entre familias veciñas. Un deles sería o propio peche do Fogar. Outro as protestas pola obra de recheo do peirao (tamén xa mencionada), suceso xerador de fortes tensións cidadás. E xa no presente resulta sintomática a duplicación de entidades similares: dúas asociacións de veciños (Vilaxoán e Insuíña), dúas formacións corais (Coral “Máximo Patiño” e Coro Parroquial), dúas comparsas de Antroido (Marajota e Media e os Trancheiros), dúas asociacións de mexilloeiros (Vilaxoán e Virxe do Rosario)... O que podería ser unha mostra de vitalidade asociativa e cultural, no contexto de Vilaxoán vívese como unha constante que desgasta ao pobo en vez de orientar as enerxías cara obxectivos comúns de mellora. Un veciño aducía que os motivos desta confrontación eran as envexas, ciumes e desconfianzas que aniñaban nunha vila moi endogámica. En efecto en Vilaxoán houbo historicamente unha dinámica social centrípeta, de portas para dentro, con predominio dos matrimonios entre poucas familias da vila e desconfianza cara o foráneo, o que podería derivar nun clima social viciado. Pero isto non deixa de ser unha hipótese a contrastar. En todo caso o que semella evidente é a necesidade de reeditar un novo Fogar do Pescador ou constituír unha coordinadora cultural que propicie o encontro, o debate constructivo e a cooperación entre as entidades sociais e culturais da vila, e que permita sandar as feridas que poidan seguir abertas. Ou simplemente organizar programacións culturais e de ocio aglutinantes que faciliten que a poboación coincida regularmente nun contexto festivo (para o que sería preciso un certo grao de descentralización da oferta cultural municipal).

A este respecto, no transcurso das entrevistas xurdiron varias propostas que poderían fomentar a cohesión comunitaria. Unha delas é a organización dun evento denominado “Vila Mariñeira”, a modo dunha festa histórica ou exposición local que funcionaría como actividade dinamizadora e inclusiva de todas as entidades culturais, ademais de como escaparate da vila. Outra sería a creación dunha radio local e dun portal web que servisen de novos espazos de convivencia no ámbito mediático e virtual.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Pero o cadro non é tan dramático como se pinta. Tamén houbo momentos e circunstancias que lograron concitar a unión dos vilaxoaneses, sobre todo cando a percepción dun agravio ou ameaza externa estimulou o seu orgullo localista. Algún dos episodios citados foron a creación da Asociación de Veciños Vilaxoán, o rexeitamento ao intento de peche do dispensario médico polo SERGAS, a oposición á mudanza do nome do campo de fútbol (de “Campo Municipal de Vilaxoán” a “Campo de Fútbol de Sobradelo”) e moi recentemente a demanda de exención da taxa municipal de residuos para o dispensario médico.

Outro fenómeno social cunha fonda pegada no devir da vila foi a última quenda migratoria (anos 50’, 60’ e 70’) sobre todo con destino a Suíza, Alemaña e Francia, e os embarques de mariñeiros a Noruega para traballar na pesca, en plataformas petrolíferas ou na mariña mercante. A crise das industrias do mar (que explicaremos nun seguinte apartado) están detrás desta nova emigración. A marcha dun importante e cualificado continxente de traballadores reportou beneficios á vila en forma de divisas, pero a cambio tivo efectos perniciosos en forma de abandono dos oficios tradicionais mariñeiros, desarraigo cultural e sobre todo o “custe de oportunidade” de que esas persoas deixasen de concentrar os seus esforzos na creación de riqueza en Vilaxoán. De certo a súa ausencia notouse na vitalidade social, económica e cultural do pobo, reforzando dese xeito os efectos negativos derivados da expulsión de poboación por razóns urbanísticas.

Ademais das dinámicas sociais internas e da emigración, a importancia desde os anos 70 do contrabando de tabaco e do narcotráfico tiveron un impacto negativo evidente para a mocidade local consumidora, pero tamén efectos nocivos na base productiva do municipio, ao implantarse unha cultura do enriquecemento fácil e rápido no que predominaba o gasto en obxectos de luxo sobre o investimento productivo. Ignoramos en que medida este fenómeno poida estar vinculado cos baixos niveles formativos que se rexistran en Vilaxoán (segundo afirman varios informantes).

Un motivo de preocupación suplementario entre os maiores da vila é a desmotivación e atonía que perciben naquela parte da mocidade local que

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

non se implica en actividades culturais ou deportivas. Quizás os proxectos mencionados da radio local e do portal web poderían enganchar á mocidade, axudando a introducilos en pautas de vida máis estruturadas e estimulantes.

### 3.3. IDENTIDADES

O elemento central da identidade local de Vilaxoán é sen dúbida o seu carácter mariñeiro. A bibliografía consultada xa describe no século XVII a especialización económica de Vilaxoán en torno á pesca e o marisqueo. Desde entón a industria da salgadura primeiro e logo a da conserva non fixeron senón acentuar ese perfil. A día de hoxe a crise das industrias do mar e a transformación da base socioeconómica da vila (da pesca á acuicultura, agora en dificultades) ameazan con desdebuxar ese risco identitario, pero o pobo mantén vivo o seu legado cultural con lexítimo orgullo. Unha das expresións máis notorias desa singularidade é a afección ao canto e á música popular, motivo principal deste informe.

Vilaxoán tivo Concello propio desde o ano 1836 ate 1913. A perda da municipalidade foi motivo de frustración local. Aínda que esteamos a piques de cumprir un século desde a súa desaparición, o vello Concello de Vilaxoán subsiste no imaxinario dos habitantes das parroquias contiguas. Moitas das persoas de maior idade seguen a considerarse vilaxoanesas e aportan cartos para a festas da vila. Non en vano de novos facían vida no burgo mariñeiro. E entre os veciños de Vilaxoán ofende que desde a prensa se cualifique a Vilaxoán como “barrio”. Sen embargo a perda progresiva de influencia política e económica da vila deixouse notar. Froito da fusión con Vilagarcía e do declive económico e demográfico experimentado nas últimas décadas foron emerxendo novas identidades locais (parroquia de Sobradelo, lugar de Faxilde...) que agroman por oposición á vila. A pugna entre os veciños de Vilaxoán e de Sobradelo polo nome do instituto de ensino secundario ou do campo de fútbol mostra esa nova realidade, así como a creación das asociacións de veciños de Sobradelo e Faxilde. Para cada vez máis xente Vilaxoán pasa por ser un núcleo urbano máis do Concello de Vilagarcía, sen ascendencia sobre o seu antigo territorio municipal. Outro elemento que contribuíu a escindir a unidade identitaria de Vilaxoán é a barreira espacial



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

da estrada Vilagarcía - Carril. Unha curiosidade: durante as entrevistas un informante afirmou que as mariscadoras non son de Vilaxoán senón “de terra dentro”, o que de ser certo resultaría significativo por canto as identidades se reflectirían aínda hoxe nos oficios. Polo tanto, e como resumo, poderíamos dicir que as identidades locais se atopan na actualidade en fase de remodelación ou recomposición.

As relacións con Carril e Vilagarcía foron sempre de distancia e rivalidade. O contraste sociolóxico entre as tres localidades é notable. Se Vilaxoán presentaba un forte aceno mariñeiro, con predominio da pesca e da industria alimentaria, Carril e Vilagarcía destacaban polo seu comercio marítimo e o turismo, o que lles confería un aire máis burgués. Así, non é de estrañar que mentres os vilaxoaneses tiñan fama de “guerrilleiros”, os de Carril e Vilagarcía pasaban por ser “señoritos”. Os alcumes sarcásticos entre as tres vilas están á orde do día: os vilagarcíans serían “ingleses”, “famentos” ou “caghanacunchas”, os carrilexos “afoghacristos” ou “os ricos”, e as mulleres de Vilaxoán “peixeiras” ou “regateiras”. O certo é que a pesar das marcadas diferencias entre Vilaxoán e Carril, existe entre ambas vilas máis intercambios e lazos individuais dos que a veces se recoñecen (uns participan nas actividades lúdicas e culturais dos outros).

Con quen mantivo Vilaxoán unha relación máis intensa, de complicidade, identificación e mesmo parentesco, foi con Rianxo e coa Illa de Arousa. Ademais de compartir os labores da pesca, a lonxa de Vilaxoán foi e segue a ser onde os rianxeiros descargan a sardiña “ao xeito”, a máis apreciada. Antigamente había unha competición de remo entre as lanchas xeiteiras Carmelo (Vilaxoán) e Manuela (Rianxo) que agora se quere recuperar. Á Illa de Arousa os veciños de Vilaxoán ían de festa e houbo varios casamentos mixtos. Aínda hoxe a asociación cultural Dorna, da Illa de Arousa, garda as súas embarcacións tradicionais na nave da conserveira Mariscadora (Vilaxoán). Os lazos históricos, o apego mutuo e o mantemento da cultura mariñeira nas tres localidades aconsellan a creación dunha rede ou roteiro de vilas mariñeiras da Ría de Arousa con fins turísticos.

A Ría de Arousa foi no seu momento unha unidade sociocultural. O transporte de persoas e mercancías realizábase prioritariamente por mar (ate os anos

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

70': ver tráfico de persoas no porto de Vilagarcía nesa década) e os mariñeiros circulaban por toda a costa na procura do peixe. Desde os anos 50' e 60' hai algunhas asociacións sectoriais do marisqueo e o mexillón que aglutinan persoas e intereses económicos da Ría, pero esa identidade zonal foi decaendo polo auxe das comunicacións por estrada.

### 4. ECONOMÍA LOCAL: DO SUBSTRATO MARIÑEIRO AOS MEDIOS DE VIDA ACTUAIS

Para poder desentrañar algunha das claves da situación actual e evolución recente da economía local faremos a continuación un breve resumo da historia económica do pobo de Vilaxoán e do Concello de Vilagarcía. Con tal obxecto empregamos informacións extraídas dos libros “Vilaxoán de Arousa, a realidade dun pobo”, de Teo Cardalda, e “Vilagarcía y el mar”, de Manuel Villaronga e Marcelino Abuín.

#### 4.1.- HISTORIA ECONÓMICA

Como dixemos nun capítulo anterior, xa desde o século XVII hai constancia da ligazón entre Vilaxoán e a actividade pesqueira e mariscadora. Por entón Vilaxoán gañou fama polas súas ostras, preparadas en escabeche e embarricadas para ser vendidas nos mercados de Madrid.

Na primeira metade do século XVIII nace a industria da salgadura. Coa chegada de empresarios cataláns expertos na materia agromaron as fábricas e Vilaxoán acadou a condición de “porto máis importante da Ría de Arousa”. A finais de século contaba con 20 fábricas que o converteron no porto galego que máis sardiña salgada exportaba. Toda esa medranza sostívose sobre un reparto inxusto dos beneficios: os empresarios cataláns explotaban aos nativos con xornais de miseria ou mediante préstamos usureiros para a compra de embarcacións.

A principios do século XIX (1815 aprox.) o pago do “dezmo do mar” á igrexa, a escaseza de sal, os impostos estatais para sufragar guerras e a prohibición da arte de pesca da xávega (práctica esquiladora) marcaron o inicio do declive da salgadura. No ano 1900 só ficaban 5 fábricas, que foron derivando en conserveiras de sardiña e xouba, e xa avanzado o século XX en secadoiros de bacallao.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

En paralelo, a mediados do XIX, o porto de Carril, con abundante presenza de consignatarias e firmas comerciais de Santiago de Compostela, exportaba sardiña e cebolas e importaba semente de liño e coiros. A inauguración do tren Santiago - Carril en 1873 foi un fito que impulsou a actividade económica. Dous fenómenos marcarán a evolución seguinte: a explosión de emigración cara América e o nacemento do turismo rexional. O primeiro obrigou a complementar as instalacións portuarias de Carril con novos equipamentos en Vilagarcía (peirao de ferro en 1893 e peirao do ramal en 1903). O segundo supuxo unha pequena revolución na paisaxe social e derivou na construción de residencias de verán nas inmediacións das praias (Vilagarcía) e da casa de baños “La Concha de Arosa” (1888). Se a estes factores sumámoslle a crise finisecular española (fin das colonias e decrecemento do comercio marítimo) e a importante tradición de comercio polo miúdo en Vilagarcía, temos xa os motivos polos que Carril foi perdendo peso económico e centralidade política en favor de Vilagarcía. A partir de aquí viría a expansión urbanística de Vilagarcía, o que incluíu a desecación da marisma.

A inicios do século XX Vilagarcía xa dispuña de estación de tren propia e axencia de aduanas, casino, círculo mercantil, centro recreativo e dúas prazas de abastos. A maior parte dos turistas eran composteláns pero xa se apreciaba un importante continxente madrileño e catalán. O porto era o terceiro de Galicia. Exportaba man de obra, madeira e salgadura e importaba carbón, materiais de construción e alimentos. A arribada regular da escuadra inglesa do Atlántico durante varios meses no ano era un recurso central para a vitalidade económica da vila (15.000 mariños para unha poboación local similar), e deixou unha fonda pegada na cultura e costumes. A burguesía local chega a financiar un plan para a doazón da illa de Cortegada a El Rei Alfonso XIII de cara a fixar alí a súa residencia de verán, proxecto finalmente frustrado. As forzas vivas locais soñaban cunha gran cidade de carácter liberal. Nese contexto nacen locais emblemáticos da vida social como cafés concerto ou salóns de variedades, ademais dunha nutrida oferta cultural (cine, teatro, ópera...).

Mentres tanto, o pequeno porto de Vilaxoán é declarado de refuxio para embarcacións pesqueiras (1920) e o Pósito de Pescadores solicita un novo

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

peirao e unha explanada “para secadero de redes y lonja”, o que foi concedido en 1926. Ao comezo da II Guerra Mundial créase no pobo a Atlántica S.A., industria de productos químicos primeiro e logo de construcións metálicas, que deu traballo a 200 operarios. En 1946 nace na enseada do Rial o cultivo de mexillón da man do Marqués de Aranda, a semellanza do sistema que observara en Barcelona (por vez copiado do Xapón). En Vilaxoán bótanse as primeiras bateas de Galicia (a Atlántica tamén as constrúe). En 1935 apróbase finalmente a ampliación do porto, pero non se executará ate 1951.

Logo da Guerra Civil o porto de Vilagarcía sofre un forte descenso na súa actividade. A interrupción da emigración, das estadias de flotas de guerra estranxeiras e do turismo marítimo, xunto á autarquía decretada polo réxime franquista, contribúen a esa contracción. O número de barcos e a tonelaxe das cargas diminuírá drasticamente, acadando aínda en 1949 os niveis de 1936. En liña con ese maior ensimismamento e retroceso económico medra o tráfico de baía, a base de persoas que ían de compras a Vilagarcía, o que axuda a consolidala como capital do pequeno comercio local. A execución da macroestrutura portuaria, demorada durante a Guerra Civil, non rematará ate 1946. Máis adiante virán novos recheos (1956: peirao de ribeira).

Nos anos 60’ a comisión administrativa do porto de Vilagarcía solicita que os portos de Pontecesures, Catoira, Vilaxoán, Vilanova, Carril e da Illa de Arousa queden baixo a súa xurisdicción. Tratábase de gañar en economías de escala e ordenar os fluxos da Ría de Arousa. Foille concedido en 1964. En 1982 volveríase segregar o porto de Vilaxoán debido ao proceso de transferencias do Estado ás Comunidades Autónomas. O porto de Vilagarcía considérase de interese xeral e fica baixo competencia estatal, e os restantes pasan a depender da Xunta de Galicia.

En 1963 entran no porto de Vilagarcía 121.000 persoas en embarcacións da Ría de Arousa. En 1968 o número e tonelaxe de buques duplícase a respecto dos datos de 1949. Consólidase deste xeito o tráfico de baía e o comercio marítimo retoma a senda do crecemento. Nos anos 70 as importacións superan ás exportacións e os productos pesqueiros pasan a ter unha maior relevancia gracias á entrada de bacallao verde e conxelados. Nos anos 80’

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

asistimos de novo a un notable descenso na actividade portuaria, tanto no movemento de persoas como no tráfico xeral de mercancías (en 1988, só un tercio do rexistrado en 1980), coa única excepción da pesca a través das compras de atún conxelado. Vemos por tanto que as industrias locais do mar (conserveiras, bacalloeiras...) son as que manteñen a actividade base do comercio portuario.

Nos anos 70' en Vilaxoán a empresa Atlántica vive o seu momento álxido, en consonancia co ascenso da construción naval en Galicia. Sen embargo a reconversión do sector a principios dos 80', motivada polos acordos de entrada de España na Unión Europea, resultou letal para os seus intereses e tivo que pechar.

Coincidindo co auxe da Atlántica, outra empresa local, a bacalloeira Coinba, experimentaba o seu mellor momento (de 1968 a finais dos 70'). Eran exportadores a Brasil, Congo, Puerto Rico, Portugal... Por entón había unha flota de 60 barcos e os mares eran libres de explotación. Logo viñeron os tratados internacionais, coa limitación das 200 millas e as cotas por países e a flota decreceu ate que España pasou a ser importadora. Ademais, a mecanización do proceso industrial rebaixou considerablemente o emprego. Cando o traballo era manual Coinba chegou a ter 100 operarias en plantilla.

Pouco antes, nas décadas dos 60' e 70', moitos vilaxoaneses emigraran a Europa (Suíza, Alemaña, Francia...) ou embarcaran cara Noruega, o que dá conta das escasas expectativas de emprego na vila a pesar da existencia de empresas prósperas. As destrezas profesionais dos mariñeiros de Vilaxoán eran comunmente recoñecidas: na empresa Transmediterránea eludían facerlles exames de acceso. O impacto social desa vaga migratoria xa o comentamos nun apartado anterior: entrada de divisas nun corto lapso de tempo, falsa percepción de bonanza que tirou cara arriba do comercio e da hostalería local, e no debe abandono dos oficios tradicionais, ruptura na transmisión xeracional deses saberes, desarraigo cultural e perda dunha ou dúas xeracións necesarias para a creación de riqueza na vila. Un veciño expresábo así:

*“Houbo en Vilaxoán hai uns 30 ou 40 anos unha época dourada do mar: había pescadores, xente enrolada na mariña mercante, nos barcos de Noruega, nas*

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

*plataformas, facíanse cartos coas colleitas do berberecho, as industrias de Vilaxoán daban traballo a mulleres dos arredores (Ribadumia, Caldas, Meis, Mosteiro...) e aínda se cultivaban as viñas. Ese foi o caldo de cultivo da animada vida cultural de Vilaxoán. Logo pechou a Atlántica, rematou o traballo en Noruega, baixou o traballo nas fábricas... pouco a pouco”.*

Outro síntoma do declive económico de Vilaxoán é o descenso da súa actividade comercial. Ademais do impacto que puidera ter unha norma urbanística restrictiva existen dinámicas globais no sector da distribución, como a abertura de grandes superficies, que erosionaron ao pequeno comercio existente na vila. A tendencia á concentración do comercio tamén afectou ás vendas de peixe polo miúdo, e a praza de abastos de Vilaxoán foi perdendo clientela en favor da de Vilagarcía.

A día de hoxe as dúas maiores ameazas para o futuro de Vilaxoán residen na fonda crise que está a atravesar o sector mexilloeiro e na posibilidade de creba da conserveira Alfaceme (Conservas Peña).

Na pesca tradicional había formas ancestrais de organización colectiva do traballo e de reparto das capturas. Esa cultura cooperativa foise atenuando. E sen embargo é a principal esperanza que lle resta a Vilaxoán e a clave de calquera proceso de mellora e desenvolvemento: a colaboración estreita entre a sociedade civil da vila, as institucións e os axentes económicos baixo un proxecto común.

### 4.2.- RECURSOS PESQUEIROS E MARIÑOS

Como vimos anteriormente, a identidade histórica de Vilaxoán está ligada inexorablemente ás actividades extractivas e manufactureiras do mar, e polo tanto sometida aos vaivéns globais desa industria: as artes de pesca masiva esgotan os bancos de sardiñas, as cotas nacionais e as novas fronteiras marítimas limitan a pesca, o decaemento da actividade portuaria en Vilagarcía reduce as alternativas laborais dos nativos, a automatización dos procesos productivos nas fábricas de Vilaxoán rebaixan o emprego, así como substitución da pesca pola acuicultura, a reconversión naval empurra ao peche da Atlántica... E a día de hoxe preséntase un futuro incerto para o

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

sector mexilloeiro e para algunha das conserveiras de Vilaxoán. Xuntando todos estes elementos chegamos a un panorama actual sombrío, cunha acusada diminución da base productiva da vila e a práctica desaparición dos pescadores.

Sen embargo e con todo, Vilaxoán posúe aínda unha riqueza mariñeira por explotar. Algúns exemplos:

- Temos algúns fitos históricos que deben ser postos en valor: vila pioneira no escabechado e conservación da ostra (s. XVII), primeiro porto de Galicia na venda de sardiña salgada (s. XVIII), primeiros cultivos de mexillón de Galicia (s. XX) e ate hai pouco principal porto de descarga de xouba da Ría de Arousa. Ademais, na enseada do Rial houbo antigamente unhas saíñas.
- Temos persoas vivas que atesouran os saberes dos vellos oficios mariñeiros: redeiras (as máis famosas da bisbarra), linterneiros, naseiros, cesteiros... ademais de mariscadores e mexilloeiros en plena actividade, o que ben aproveitado ten un importante potencial turístico, é unha vía de promoción das viandas locais, cumpren unha función de cohesión cultural e identificación para as xeracións máis novas e poden chegar a ser mesmo alternativas de emprego.
- Temos un potencial gastronómico arredor do mexillón fresco, con historia de seu, receitas singulares e materia prima de altísima calidade.
- Temos patrimonio arquitectónico en antigas fábricas de salgadura e conserveiras, así como un burgo mariñeiro pouco deteriorado.
- Temos manifestacións culturais vivas e singulares, vinculadas ao canto e a música portuaria, que proxectan o nome de Vilaxoán no exterior como Vilaxoán Canta ou o Festival das Revenidas.
- Vilaxoán está próxima ao Parque Nacional Illas Atlánticas e existe un punto de observación de aves migratorias no Rial que



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

abre expectativas en canto a unha posible inserción en circuitos de turismo ambiental.

- Conservas Cuca saca edicións limitadas de “conservas de autor”, serigrafiadas por artistas para mercados exclusivos. Un exemplo de colaboración artístico - empresarial con base nos produtos locais.
- No fondo da Ría de Arousa hai un gran número de buques afundidos. Falta por traballar o submarinismo especializado en visitas aos pecios.

No seguinte capítulo dedicado á potencialidade turística de Vilaxoán afondaremos na pertinencia e viabilidade dalgunhas das liñas de acción que acabamos de enunciar.

Historicamente, o desinterese de Vilagarcía cara o seu legado mariñeiro e a non consideración do mesmo como un activo enriquecedor para o municipio (ou mellor dito, a preferencia por outros modelos e estratexias) levou a unha falta de políticas activas de coidado e promoción da cultura local. En contraste coa centralidade que lle outorgaron outros municipios como Rianxo ou Cambados. Os contidos do proxecto Urbana AROUSA 21, no que se inscribe o presente informe, son sintomáticos dun cambio de orientación destinado a reverter esa carencia.

### 4.3.- MEDIOS DE VIDA ACTUAIS

A cidadanía de Vilaxoán vive a día de hoxe das bateas (129 asociadas entre as dúas entidades locais), as conserveiras Cuca (Hermanos Pita) e Peña (Alfageme), os dous cocedoiros Santórum, a depuradora Ameixa de Carril, a bacalloeira Coinba, o comercio de embarcacións de recreo Náutica Vidal, a empresa Mariscos Saíñas, a empresa Transportes Torró, o marisqueo a pé (65 mariscadoras que colleitan ameixa, berberecho, miñoca e algas), o marisqueo a flote (entre 40 e 50 mariscadores, medrando o número de licencias), as pescantinas, a hostalería local (restaurantes Lagar, Vilaxoán, Eiras e diversos bares), pequeno comercio e servicios (perruquerías, tendas, clínica de fisioterapia, aseguradora...), o instituto de ensino secundario

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Cotarelo Valledor, o colexio CEIP Vilaxoán, a praza de abastos, o Centro Sociocomunitario dependente da Xunta de Galicia, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), un sector da construción en horas baixas e un importante peso das pensións de xubilación.

### 4.4.- A CRISE MEXILLOEIRA

Dada a actualidade e a repercusión que está a ter a crise do sector mexilloeiro na economía de Vilaxoán decidimos dedicarlle un apartado específico. Recollemos algunhas opinións de expertos locais e foráneos, nunca coa pretensión de ofrecer unha explicación definitiva ou completa da problemática senón máis ben a modo de aproximación inicial.

Todos os interpelados coinciden en sinalar que a crise do mexillón débese sobre todo á falta de cultura cooperativa dos produtores. As diferentes asociacións locais e as centrais de vendas (OPMEGA e NORTE) marcan uns prezos, uns prazos de pago e uns tamaños mínimos que non se respectan. Algúns produtores venden ás agachadas aos cocedoiros, fóra das condicións estipuladas, co cal prodúcese unha competencia interna á baixa ate chegar a prezos e prazos de pago insostibles (11-12 meses). Un círculo vicioso no que os cocedoiros teñen vantaxe negociadora e os produtores comezan a desfacerse das bateas. Que solucións se apuntan? Ou ben chegar a acordos e respectalos ou ben crear unha asociación forte que constrúa o seu propio cocedoiro. Sen embargo esta última posibilidade require dun investimento moi elevado e non concita a unanimidade dos produtores. Indícasenos que aquelas asociacións que foron por esta vía, entrando en competencia coas conserveiras, non funcionaron. As conserveiras non estaban dispostas a comprar o produto que se lles ofrecía (o sobrante e de peor calidade).

Non hai unha única causa que explique a actual situación. Entre as moitas que se nos ofrecen poderíamos diferenciar entre aquelas de índole interna das que teñen unha orixe externa. Nas causas internas teríamos: a) a cobiza dalgúns produtores que abandonaron as entidades sectoriais coa idea de vender máis barato; b) a falta de reinvestimento productivo nas épocas de bonanza; c) a escasa acollida das propostas con maior visión de futuro -p.e. a

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

creación dunha Denominación de Orixe Protexida-; d) a desafección para cos órganos reguladores -só un 30% dos socios están ao corrente do pago das cotas do Consello Regulador-; e) a falta de xestores competentes que conduzan ao conxunto do sector.

E entre as causas externas: a) a fortísima competencia internacional, favorecida polo baixo prezo do dólar; b) o incremento das marcas brancas nas grandes superficies comerciais froito da crise global, mesturando mexillón autóctono con chileno, chinés ou marroquí; c) a renuncia das conserveiras a acumular stocks á vista da contracción da demanda e a baixa dos prezos; d) a falta de medidas municipais de promoción do mexillón de temporada -de xullo a novembro- ligado ao turismo.

Hai que advertir que estes argumentos non sempre son compartidos por todas as persoas entrevistadas. Por exemplo no relativo ao auxe das importacións outras voces indican que debemos asumir a globalización con todas as consecuencias, sobre todo cando o sector galego é netamente exportador cara os mercados italiano e francés.

Por último, só unha ficha telegráfica das entidades representativas do sector en Vilaxoán, a Asociación de Mexilloeiros Vilaxoán e a Asociacións de Mexilloeiros “Virxe do Rosario”.

- Asociación de Mexilloeiros Vilaxoán. Naceu hai 35 anos. É unha das pioneiras na Ría de Arousa, xunto ás do Grove, a Illa e Cabo de Cruz. Agrupa a 32 socios e 42 bateas. Está integrada en OPMEGA (Organización de Produtores Mexilloeiros de Galicia).
- Asociación de Mexilloeiros “Virxe do Rosario”. Constituíuse en 1994. Comezou contando con 30 socios e foi medrando ate os 67 actuais, con 87 bateas. Colaboran con algunha asociación de Vigo pero non pertencen a ningunha federación.

### 5. O POTENCIAL TURÍSTICO DA CULTURA MARIÑEIRA

Como observamos nos capítulos anteriores, en Vilaxoán non houbo unha presenza relevante do turismo burgués (s. XIX e XX), dado o seu perfil mariñeiro e fabril e en aberto contraste co eixo Vilagarcía - Carril. Tamén vimos como a delicada situación actual da vila aconsella diversificar a súa economía desde fórmulas que preserven a súa identidade mariñeira, ou visto á inversa, que aproveiten por vez primeira a súa cultura local como motor de desenvolvemento.

Unha das condicións obrigadas para un proxecto de dinamización turística en Vilaxoán é que as súas accións e equipamentos resulten complementarios a respecto dos existentes en Vilagarcía e Carril. O resultado nunca pode ser un xogo de suma cero onde o que gañan uns pérdeno os outros, ou dito en fraseoloxía popular, vestir un santo para desvestir outro. Pola contra, o proxecto de Vilaxoán debe suplir as carencias que presenten Vilagarcía e Carril procurando as sinerxías municipais neste eido, de forma que os investimentos do Concello en Vilaxoán redunden na mellora do conxunto do municipio e fagan máis competitivo ao destino turístico “Vilagarcía” fronte a outros alleos.

Para iso é necesario un certo cambio de enfoque: Vilagarcía debe incorporar á cultura mariñeira como un activo propio na conformación da súa marca, e Vilaxoán debe entenderse como un pilar de desenvolvemento turístico inserto nunha estratexia máis ampla. As partes dependen do todo, e viceversa.

Esa mesma lóxica debera impoñerse nun chanzo superior: a da Ría de Arousa como destino turístico unitario. Así, as actuacións a implementar non se deberan circunscribir só ao ámbito municipal senón tamén contemplar a cooperación e integración en redes turísticas ribeiráns, onde se deseñen servizos turísticos conxuntos, aproveitando as complementariedades existentes e redefinindo a presentación exterior da Ría como unha marca común que compite pola captación de visitantes con outros agregados territoriais. Agora mesmo danse as condicións de posibilidade gracias ao

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

respaldo financeiro do Fondo Europeo de Pesca a través da agrupación GAC 5 Ría de Arousa, en cuxo Plan Estratéxico Zonal centra as súas prioridades na promoción do turismo mariñeiro. Vilagarcía e o seu Concello á cabeza poden liderar ese proceso de ordenación da oferta turística da Ría. E nese terreo Vilaxoán xógase parte do seu futuro.

Vamos logo co repaso das oportunidades identificadas para o desenvolvemento turístico en Vilaxoán.

- Novos equipamentos de hotel e praia. Como puidemos comprobar no capítulo 2 (“Datos municipais de contexto”), o Concello de Vilagarcía presenta carencias moi notables en turismo de habitación e prazas de acampada. A parálise na edificación en Vilaxoán tivo o efecto de preservar solares xunto á praia do Preguntoiro que poderían acoller novos usos hoteleiros. A ampliación e rexeneración da praia, compatible cos usos marisqueiros, sería unha oportunidade de atracción de máis visitantes á vila. A futura abertura do paseo marítimo Vilagarcía - Vilaxoán servirá de agradable pasarela para o descubrimento casual da vila e os seus encantos. Como mencionamos no capítulo 3 (“Urbanismo e infraestructuras en Vilaxoán”) son precisas algunhas accións puntuais de acondicionamento dese entorno, nomeadamente na explanada sita nun lateral do Centro Sociocultural.

Ademais, poderíase enriquecer ese foco turístico coa dotación de novos equipamentos e servicios. Como nos sinalaba un informante, cabería a posibilidade de varar unha batea - cafetería fronte á praia, ambientada con motivos históricos e mariñeiros. E dada a abundancia de buques afundidos na Ría, poderíase promover a práctica dun submarinismo especializado en visitas aos pecios.

- Novos espazos museísticos: Centro da Música e a Cultura Mariñeira da Arousa. O municipio de Vilagarcía ten unha evidente escaseza de museos e centros de interpretación. O denominado CIRA (Centro de Interpretación da Ría de Arousa), localizado en Carril, non cumpre a función que anuncia o seu nome: limitase a servir de oficina de turismo en período estival. No conxunto da Ría de Arousa e proximidades atopamos os seguintes equipamentos: un museo do mar en Rianxo, un museo da conserva na Illa de Arousa, outro museo do mar en preparación

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

en Muros, un museo da salgadura no Grove e un futuro centro de visitantes e investigación en Sálvora. Se analizamos as programacións culturais ligadas ao feito marítimo temos: unha festa do marisco no Grove, unha festa da canción mariñeira en Marín, unha celebración ligada aos desaparecidos no mar na Pobra, unha festa da conserva en Ribadumia.

Non pretendemos ser exhaustivos. Só para demostrar que no conxunto das Rías Baixas abundan os equipamentos e as programacións vinculadas ao mar, e sen embargo non hai un centro específico que poña en valor o patrimonio inmaterial mariñeiro: músicas, oralidade, audiovisual, literatura, plástica e deseño industrial, oficios tradicionais, coñecementos científicos, gastronomía, turismo mariñeiro...

Varios dos nosos interlocutores sinalaron a necesidade de dotarse dun centro cultural mariñeiro que acopie a riqueza antropolóxica da vila e a converta nun factor de dinamización socioeconómica. A ubicación idónea sería nalgunha antiga fábrica de salgadura ou conserveira, e incluíría a rehabilitación dese patrimonio arquitectónico. Entre as actividades a organizar inclúense ciclos de cine mariñeiro, demostracións de oficios mariñeiros para turismo e mocidade local, encontros musicais, investigación e edición sonora, charlas divulgativas sobre innovación en cultivos mariños, visitas guiadas polo burgo mariñeiro, obradoiros sobre carpintería de ribeira, seminarios gastronómicos, etc..

- Posta en valor dos oficios tradicionais mariñeiros. Xa mencionada no apartado 5.2., trátase de organizar obradoiros, seminarios, demostracións e visitas guiadas arredor das antigas e actuais artes de pesca, marisqueo e acuicultura, aproveitando a lucidez de vellos practicantes dese oficio (pescadores, redeiras, linterneiros, cesteiros, naseiros, etc..) e o traballo en activo de bateeiros e mariscadores. Cumpre unha cuádruple función: oferta turística complementaria, arraigo cultural dos vilagarciáns máis novos (en consorcio cos centros de ensino), promoción das viandas locais e posible renovación xeracional e vía de emprego.
- Promoción da gastronomía local. Actualmente existen en Vilaxoán tres festas de degustación gastronómica: a do mexillón, a das “revenidas” e a do porquiño. Aínda que moi meritorias, non chegan a conformar un escaparate de promoción gastronómica da vila. Os dous froitos do mar

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

con maior tradición recente en Vilaxoán e cuns receitairos máis singulares son as sardiñas e o mexillón. O porto local foi até hai pouco o máis importante de Galicia en descarga de xouba, e en Vilaxoán é onde se instaláron os primeiros cultivos de mexillón do país. As xoubas alombadas e a empanada de millo e mexillóns do restaurante Chocolate gañaron premios culinarios e foron embaixadoras da Xunta de Galicia en Bruxelas. Por tanto, hai fundamentos históricos, de calidade de produto e de riqueza na súa elaboración que aconsellan a creación dunha gran festa ou feira gastronómica que proxecte a riqueza natural e cultural de Vilaxoán fóra do ámbito local. Ademais, ese novo evento tería un dobre impacto positivo: promoción turística da vila e, no caso dos mexilloeiros, apoio a un sector crucial en crise.

Ademais, o Concello podería encabezar un traballo sistemático de difusión do mexillón e da xouba de temporada a través da edición de receitairos e distribución gratuíta entre a hostalería de Vilagarcía, ou da organización de concursos e premios.

- 1º Encontro Internacional do Patrimonio Inmaterial Marítimo. Os Encontros da Federación Galega de Cultura Marítima e Fluvial son unha oportunidade de primeira orde para a dinamización das vilas que os acollen, así como un importante escaparate cara o exterior. Consiste nunha mostra de embarcacións tradicionais e actividades culturais mariñeiras á que acoden representantes galegos, españois, portugueses e franceses. A proposta temática de Vilaxoán sería novidosa, centrándose no patrimonio inmaterial marítimo. Deste modo referenciaríase como a capital galega da música e a cultura mariñeira. Unha candidatura de Vilaxoán tería moitas opcións de gañar na seguinte edición (2011). As principais vantaxes coas que contaría a vila serían a singularidade temática, o traballo recompilatorio en cultura marítima feito pola asociación Ponte nas Ondas (candidatura galego portuguesa a Patrimonio Inmaterial da Humanidade -UNESCO-), a veciñanza de dúas entidades referentes na preservación e revitalización das embarcacións tradicionais (A.C. Dorna e A.C. Rompetimóns) e o apoio da Asociación Marítimo Cultural de Vilaxoán. Entre as dificultades atópanse a limitada capacidade do peirao de Vilaxoán e o elevado custe do evento.
- Rede de Vilas Mariñeiras da Ría de Arousa. Os Concellos da Illa de Arousa, Rianxo e A Pobra reciben importantes continxentes de turistas no período

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

estival. Asociarse a eles nun roteiro turístico común implica aproveitar parte dese caudal en beneficio propio. As comunicacións por terra de Vilaxoán adoecen de eivas na sinalización, o que repercute nunha certa invisibilidade do pobo. Sen embargo por mar ten un doado acceso e unha fonda tradición de intercambios alomenos con Rianxo e A Illa. A idea é crear un roteiro marítimo entre as catro vilas ademais de Carril, amenizadas por actuacións musicais e con visitas guiadas en terra, onde cada vila tería unha especialidade temática: A Illa coas embarcacións tradicionais, Rianxo coa literatura, A Pobra coa arquitectura, Carril coa vela latina e Vilaxoán coa música mariñeira. Poderíase complementar con: 1) recuperación e celebración conxunta do Día da Arousa; 2) regatas de lanchas xeiteiras; 3) cooperación cultural a través do Centro da Música e a Cultura Mariñeira; 4) celebración en 2013 do 50 aniversario da travesía a nado de Vilaxoán.

- Rehabilitación do burgo mariñeiro. A promoción de Vilaxoán en tanto que vila mariñeira comporta unha serie de intervencións físicas que melloren a estética e funcionalidade dos espazos públicos e que contribúan a un repunte da poboación e do comercio local. Así, entre as primeiras medidas (varias xa citadas) contéplase a ampliación e rexeneración de praias, solventar os déficits de saneamento e un maior investimento en pavimentos, iluminación, mobiliario urbano e sinalización. Algunhas medidas concretas serían o adecentamento da explanada xunta ao Centro Sociocultural e o pavimento en adoquín e redución da velocidade de tránsito na estrada Vilagarcía - Cambados á altura do pazo do Lagar e da igrexa románica de San Martiño (reintegración na vila). E entre as segundas, normativas municipais que incentiven a rehabilitación de baixos para usos comerciais e o aluguer de vivendas baleiras para xente nova. Tamén se recomenda: 1) habilitar un paso público directo para o acceso á Casa da Cultura; 2) pór en marcha un plano de accesibilidade a internet sen fíos para todo Vilaxoán.
- Organización da festa histórica “Vila Mariñeira”. Proposta enunciada por veciños de Vilaxoán, en proceso de negociación co Concello. A “Vila Mariñeira” funcionaría como unha exposición universal de Vilaxoán e basearíase en termos escénicos nas festas históricas. A virtude desta iniciativa é a súa capacidade de aglutinar a todas as entidades socioculturais de Vilaxoán na organización do evento, e por tanto na



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

consolidación de dinámicas cooperativas. Ademais, ao ser modulable a través de stands particulares, permite que empresas e colectivos poidan presentar as súas iniciativas e produtos (gastronómicos, musicais, de oficios mariñeiros, de xogos tradicionais, etc..). Podería incluír o amarre no porto de Vilaxoán da goleta Nieves, con visitas organizadas, e a celebración dun festival musical singular.

- Accións culturais nas conserveiras. Noutras latitudes de Europa é habitual que as empresas se impliquen activamente na vida da comunidade que as acolle. A procura da calidade diferencial nos produtos ten que ver en ocasións cos elementos singulares que a cultura local lle proporciona. E a colaboración nas actividades populares repórtalles unha mellor imaxe e un plus de lexitimidade cara aos seus propios empregados e clientes. Pois ben, as conserveiras de Vilaxoán están na medula da historia e da identidade local, forman parte do seu patrimonio. A vila non se entendería sen elas. A súa contribución a un proceso de desenvolvemento local pode retribuírlle beneficios directos e indirectos. Algunhas posibles accións: 1) visitas guiadas ás conserveiras dentro dos itinerarios turísticos de Vilaxoán; 2) promoción de “conservas de autor” en cuxo deseño se impliquen artistas locais; 3) realización dalgunha actividade musical que evoque ou reproduza os cantos nas conserveiras; 4) participación con stand propio na Aldea Mariñeira ou en festa gastronómica.
- Actividades musicais. O canto e a música popular é a principal manifestación viva da cultura mariñeira en Vilaxoán, e exerce un papel moi relevante na articulación social da vila e na atracción de visitantes foráneos. Por este motivo consideramos que o reforzo das programacións e recursos musicais de Vilaxoán debe ocupar un papel central no seu desenvolvemento futuro. Así, contemplamos accións de potenciación dos eventos e entidades musicais existentes e novas programacións musicais fundamentadas no legado mariñeiro. Faremos unha descrición polo miúdo das mesmas no capítulo dedicado á música local e nas propostas finais.
- Inserción dos pazos na estratexia turística. Vilaxoán posúe un notable patrimonio arquitectónico e quizás a maior densidade de pazos do municipio, con tres edificacións nobres no seu territorio (Lagar, Pardiñas e Rial) e unha contigua (Rúa Nova, frecuentado por Valle Inclán). Os pazos da vila non sempre se insiren axeitadamente na oferta turística de Vilagarcía e da comarca do Salnés. Nos libretos promocionais da

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Fundación Comarcal, Vilaxoán ten unha magra presenza, con breves referencias ao burgo mariñeiro e ás empresas conserveiras, e ningunha ás festas gastronómicas e aos pazos locais. Habería que inverter esa situación creando rutas turísticas dos pazos, con abertura de portas e visitas guiadas en certas datas, e mesmo con programacións culturais nas súas estancias.

- Natureza. Debido á constante acción do home sobre o litoral, e a pesar do seu emprazamento privilexiado, o medio natural de Vilaxoán está severamente afectado e non posúe ningunha singularidade destacable en termos ecolóxicos, o que reduce as posibilidades de explotación do turismo ambiental. Aínda así, existe un observatorio de aves migratorias na enseada do Rial que abre posibilidades nese sentido.
- Conmemoracións. En 2012 celébrase o 50 aniversario da Coral Polifónica “Máximo Patiño”, e en 2013 a efeméride da fusión dos Concellos de Vilagarcía, Vilaxoán e Carril. Ambas conmemoracións son unha excelente oportunidade de cara a visibilizar a nova aposta municipal pola identidade mariñeira como factor estratéxico na dinamización socioeconómica do seu territorio.

### 6. IMPLICACIÓN EMPRESARIAL E INSTITUCIONAL NO DESENVOLVEMENTO

Antes da posta en marcha das accións de desenvolvemento cultural que resulten deste informe necesitamos coñecer con que recursos económicos poderíamos contar. Para iso faremos un breve percorrido polas convocatorias de subvencións públicas ás que nos poderíamos acoller e os patrocinios e apoios privados a mobilizar.

En Vilaxoán existe un grupo de pequenas e medianas empresas que se implican vía patrocinio nas actividades culturais, deportivas e recreativas do pobo. Preferimos non enumeralas expresamente por canto algunhas delas prefiren manter o anonimato e quizás outras quedarían inxustamente fóra da lista. Mesmo as empresas conserveiras, ás veces acusadas de non ter un vínculo suficiente coa vida comunitaria, aportan fondos en ocasións para as festas patronais ou empregan recursos culturais e artísticos na promoción dos seus produtos. Esa é unha das claves futuras da nosa intervención: lograr deseñar actividades que susciten o interese das empresas locais (e que mesmo lles reporten beneficios), de forma que contribúan ao seu financiamento.

Un respaldo económico interesante é o das entidades financeiras. Para lograr a súa colaboración en proxectos culturais, turísticos e patrimoniais sería preciso que concorresen tres circunstancias: que o proxecto estea ben articulado, que teña impacto social e que conte co aval (conformidade) institucional.

Outra posibilidade. Sexa polo freo urbanístico ou polas crises da industria do mar, de Vilaxoán marcharon dúas xeracións de locais que agora residen noutros territorios, onde en moitos casos constituíron novas empresas. O seu vínculo afectivo coa vila poderíase canalizar a través dunha rede de empresarios no exterior que se involucren nas accións de desenvolvemento, sexa aportando recursos ou ben titorizando aos futuros emprendementos que xurdan no pobo.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

En canto ás axudas públicas, contamos cun abano ben surtido de convocatorias e posibilidades.

Por unha parte, o proxecto europeo Urbana AROUSA 21, no que se inscribe este informe, contempla unha serie de investimentos para a rexeneración de espazos públicos, ademais de medidas de apoio a emprendedores, conciliación da vida familiar e laboral, e accións dirixidas á posta en valor da cultura mariñeira.

Por outra banda, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia convoca todos os anos axudas para a “promoción sociocultural e divulgación das comunidades mariñeiras” dirixidas a confrarías e entidades sociais e culturais sen ánimo de lucro (cun mínimo de 15.000 e un máximo de 96.000 €).

Como xa anticipamos con anterioridade, tamén está en vigor outro proxecto europeo, o GAC 5, dependente do Fondo Europeo de Pesca e orientado a todos os concellos da Ría de Arousa. Fai énfase no turismo mariñeiro, nas súas sinerxías coa pesca, na creación de rutas e de eventos de ocio, e no fomento da diversificación económica nas vilas.

Outra posibilidade é recorrer ao Programa Cultura 2007 - 2013 da Unión Europea que financia proxectos internacionais de desenvolvemento e intercambio cultural. Na última convocatoria resultou adxudicataria a Confraría de Lira.

Fóra de convocatorias puntuais, ademais do Concello de Vilagarcía a Deputación de Pontevedra ten mostrado a súa receptividade ante as demandas de Vilaxoán, polo que cabe contemplar a continuidade ou incremento da súa colaboración.

Por último, existen organismos de investigación dependentes da Xunta de Galicia con sede en Vilaxoán e arredores. Referímonos ao INTECMAR e ao CIMA (Centro de Investigacións Mariñas, en Vilanova de Arousa). Ambas institucións poderían involucrarse na vida local impartindo charlas divulgativas sobre o obxecto das súas análises (calidade e salubridade das augas, innovacións nas explotacións acuícolas, etc..). Mesmo outros centros

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

universitarios poderían difundir coñecementos aplicables na mellora productiva (cultura mariñeira contemporánea: tecnocientífica).

**BLOQUE 2: BANDA SONORA ORIXINAL**

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Para a elaboración da presente aproximación histórica ao patrimonio musical de Vilaxoán realizouse un traballo de campo e unha pesquisa en fondos documentais entre os meses de setembro e decembro de 2009. Entre ás publicacións consultadas queremos reseñar os xornais El correo de Galicia (Santiago de Compostela), Galicia Nueva (Vilagarcía) e El Barbero Municipal (Rianxo) así como unha serie de títulos centrados en temas de microhistoria e patrimonio musical.

Abuín, Marcelino e Villaronga, Manuel. Vilagarcía y el mar. Historia del puerto. Junta del puerto de Vilagarcía de Arousa. Vilagarcía. 1993

Cardalda, Teo. Vilaxoán de Arousa. Arealidade dun pobo. Fogar do Pescador. Pontevedra. 1998

Luna Sanmartín, Xosé. Marcial Valladares Núñez, Cantigueiro Popular. Fundación Cultural da Estrada. A Estrada. 2004

Rey Cebral, Carlos. A Festa dos Maios no concello de Vilagarcía. Concello de Vilagarcía. Vilagarcía. 2006

Rey Cebral, Carlos. Festas, lendas e tradicións do concello de Vilagarcía. Concello de Vilagarcía. 2007

Santos, Xesús e Comoxo, Xosé. Biografía de Arcos Moldes. Concello de Rianxo. Rianxo. 1994

Teófilo, José Luís. Vilaxoán. A Coral, o San Martín e o Campión Pantera. Deputación de Pontevedra. Vigo. 2007

Viana, Victor. Banda de Música de Vilagarcía de Arousa (1873-1993). Patronato Banda de Música de Vilagarcía de Arousa. Vilagarcía. 1993

Villaronga, Manuel. A Vilagarcía das vellas postais. Edicións do Cúmio. Vigo. 2006

Villaronga, Manuel. Vilaxoan Historias dunha vila. Fogar do pescador. Pontevedra. 1989

Queremos agradecer particularmente o acceso brindado desinteresadamente aos arquivos da familia Bóveda Meléndez, a Coral Máximo Patiño, Salvador Cores e Vilaxoán Canta, Carlos Rey Cebral e José Luís do Pico Orjais.

A marxe das cantigas de Vilaxoán extraídas de traballos previos realizados por investigadores como Marcial Valladares, Fermín Bouza-Brey, Carlos Rey

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

ou Teo Cardalda o presente estudo inclue cancións compiladas durante o presente traballo de campo. O noso recoñecimento e agradecimento a María del Carmen Muñiz, María Dolores Montenegro, María del Carmen Outes, Rosario Piñeiro, Salvador Crespo, Salvador Cores, Luis Cardalda, María Ester Rios, Carmen Mariño, Xoán Lois Quintáns, Florita Padín Montenegro, Ramón Calvo e Farruco Santalla.



### 1. HERDANZA MUSICAL SEÑORIAL

#### 1.1. EN TERRA TRANSITADA.

Con certeza moitos foron os pobos que transitaron as terras de Vilaxoán na antigüidade sen chegar a desenvolver asentamentos ou infraestruturas salientábeis. Para iso haberá que esperar até a conquista romana da Gallaecia, cando se produce un forte impulso en toda a provincia da organización dos seus centros estratéxicos, económicos e administrativos coa construción dunha complexa rede viaria.

No séc. I establécese a vía XX Per Loca Marítima, vía romana que percorría a fachada atlántica galaica polo seu límite interior desde Braga até Carballo. Diversidade de materias primas, así como produtos elaborados debían saír fóra da Gallaecia desde os enclaves atravesados pola Per Loca, constituíndose na altura como unha das principais vías de desprazamento. A esta desembocaban outras vías de acceso secundarias, como a que se estendía pola Arousa sur, desde Cambados até Vilagarcía, onde deste período coñécense vestixios como concheiros, restos de ánforas e mosaicos, ademais dunha ara votiva dedicada a Neptuno, o deus do mar. Esta vía de acceso que atravesaba o territorio do actual Vilaxoán empalmaría coa Per Loca en Iria. Parte deste vial foi posteriormente acondicionado como camiño real, e foi tamén transitado na Idade Media como parte da ruta do Camiño de Santiago ao seu paso polas ribeiras da Arousa.

Mais as orixes de Vilaxoán, ao igual que o doutras vilas na ría da Arousa, teremos que procuralas no final da Idade Media. Despois dun período que durou séculos, en que as costas galegas sufriron as agresións de corsarios, sarracenos ou normandos, é a partir do séc. XV cando se sucederán as fundacións urbanas entre as que se atopa a vila e porto de Vilaxoán. Iniciarase desde ese momento un período de certa tranquilidade económica, baseado principalmente na pesca (nomeadamente de sardiña), que permitirá o florecemento e fortalecemento do seu núcleo urbano.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

A fundación de Vilaxoán (ca. 1490) debeuse a un dos membros da casa dos Soutomaior, unha das liñaxes galegas máis destacadas no período medieval. Xestada a inicios da Baixa Idade Media, a influencia da casa dos Soutomaior expandiuse por diferentes puntos da xeografía galaica, conformando na Arousa un señorío que posuía o Pazo-Fortaleza de Lantaño (Caldas de Reis), soar da familia hoxe desaparecido, o castelo e a vila de Rianxo e a torre e a igrexa de San Martiño de Sobrán.

A primeira noticia histórica de Vilaxoán refírese precisamente á parroquial de San Martiño, doada á mitra compostelá polo nobre Ramiro Muñiz, que pasará posteriormente por aforamento da mitra a mans da casa dos Soutomaior. Sobre as ruínas da torre defensiva derruída polas revoltas irmandiñas no séc. XV construíuse o Pazo de Sobrán, onde Sueiro de Soutomaior, irmán de Joam Marinho (fundador da vila e o porto), exerceu como o primeiro señor da familia vinculado intimamente a estas terras.

Seu pai, Paio Gomes de Soutomaior, era bisneto de Paio Gomes Charinho, almirante na armada de Alfonso X. De Paio Gomes Charinho (ca. 1225 - ca. 1295) crese que naceu en Pontevedra; foi o primeiro señor de Rianxo e un dos trobadores relevantes da lírica medieval galaico-portuguesa. O seu sartego encóntrase na igrexa do convento franciscano de Pontevedra. As súas vinte e oito composicións conservadas nos cancioneros medievais non posúen notación musical, pero son igualmente interpretadas, seguindo a arte da contrafacta, por grupos de música antiga de distintas partes do mundo. Está considerado, xunto a Martim Codax e Joam Zorro, como o principal poeta do mar do período.

O mar dá muit', e creede que non  
Se pod'o mundo sen el gobernar  
E pode muit', e ha tal coraçon  
Que non pode ren apoderar

En tempos de Paio Gomes Charinho, unha serie de fortalezas alzábanse no interior da ría. Ademais do seu castelo en Rianxo, podemos destacar as torres do Oeste (Catoira), a de San Sadurniño (Cambados) e a de Sobrán (que

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

etimoloxicamente significa encima de, lugar elevado desde o que poder observar os dominios señoriais).

Ao carón da torre de Sobrán, situada na vía de acceso de orixe galaico-romana, permanece a igrexa románico-gótica de Sobrán. A igrexa, que está considerada como unha auténtica xoia no seu xénero, alberga no seu interior o sartego esculpido de Joam Marinho, quen en vida foi arcediago da raíña Isabel a Católica na igrexa de Santiago.

### 1.2. MÚSICA NOS PAZOS.

Aínda que a musicoloxía galega apenas leva feito pequenas achegas ao estudo da realidade musical entre as clases privilexiadas na Idade Moderna debido á carencia de fontes directas, nos últimos anos, grazas a estudos de microhistoria, levan saído á luz noticias dalgúns músicos e prácticas musicais deste estamento. Pazos rurais ou urbanos, casas señoriais nos burgos urbanos e incipientes teatros de comedias foron os principais espazos que acolleron a música “fidalga” galega. O patrimonio musical destes pazos non está estudado en ningún dos pazos de Vilaxoán, norma xeral nos moitos pazos que se atopan próximos ás ribeiras da Arousa.

O primeiro en ser erguido foi o pazo de Sobrán, construído sobre as ruínas da antiga torre por Sueiro Gómez. Este pazo pertencera primeiro aos Soutomaior pasando despois a mans dos Condes de Maceda. O marqués de Castelar farase coa súa posesión despois de que os condes de Maceda se desvincularan a comezos do séc. XIX. A súa construción é a dunha casa patrucial emprazada entre dúas torres con dependencia cara atrás formando un u sobre un patio interior. Este será o lugar predilecto, xunto co salón, para a celebración de veladas propicias para divertimentos como os xogos de naipes ou a música entre os señores da casa e os seus visitantes. Destacadas familias da fidalguía galega relacionáronse estreitamente co pazo de Sobrán, como os Caamaño, Mariño de Lobeira, Castro, Sarmiento, Figueroa, Andrade, Losada, Mendoza, Maceda e Castelar. Entre o seu patrimonio conserva un lagar e un hórreo, importantes equipamentos que demostran o seu potencial económico no pasado.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

O pazo de Rial, levantado no séc. XVIII sobre unhas ruínas anteriores, ao igual que o de Sobrán é base da produción agropecuaria da zona, e diso dá conta igualmente o seu hórreo Pertenceu primeiro aos Mariño de Lobeira, con solar principal na illa de Sálvora e emparentados cos Soutomaior. Con posterioridade pasou a mans do Marqués de Aranda. O último Marqués foi o pioneiro dos viveiros de mexillón en Galiza, despois de establecer na praia das Saíñas o primeiro centro experimental de cultivo, precursor das bateas. O pazo, composto por unha casa patrucial flanqueada por dúas torres, ten ademais unha ermida. De factura barroca, Rial estivo vinculado ás familias Mariño de Lobeira, Soutomaior, Valladares, Aldao, Sarmiento, Araujo ou Ozores.

Tanto neste como no de Rubiáns, o outro pazo no concello de Vilagarcía propiedade dos marqueses de Aranda, transitaron intelectuais da Galiza do XIX como o estradense Marcial Valladares. Valladares vivía na súa casa familiar enclavada en Vilancosta (A Estrada), no corazón da comarca da Ulla, onde si se conserva un importantísimo legado musical que se atopa en proceso de estudo por parte dos investigadores José Luís do Pico Orjais e Isabel Rei. A documentación de Vilancosta ofrécenos información precisa de como se realizaban as soirées musicais nos pazos galegos da segunda metade do séc. XIX, nas que ademais de deslumbrar o piano, a grande novidade do momento, daríanse cita regular guitarras, frautas ou violíns. Os instrumentos de corda pulsada, como a guitarra, foron os máis populares entre as preferencias fidalgas até o triunfo do piano e neles instruíronse moitos membros destas familias, como a propia irmá de Marcial, Avelina Valladares. Nas visitas a Vilagarcía nas temporadas de baños, Marcial e Avelina acudiron en distintas ocasións aos pazos do seu amigo o marqués en Rubiáns e Rial, onde con certeza compartiron veladas musicais. Na documentación de Vilancosta consérvanse oitenta e cinco obras para guitarra, unha composición da propia Avelina Valladares. A poeta e guitarrista da Estrada obríganos a evocar a figura de Rosalía de Castro, tamén poeta e guitarrista na comarca veciña.

Ambas podémolas considerar como continuadoras da marquesa Rosa Malvido, muller de Miguel del Valle Inclán, señores do pazo da Rúa Nova. Este pazo

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

enclavado en Andrés (Vilanova de Arousa), en terreos que pertenceron administrativamente ao concello de Vilaxoán entre 1836 e 1845, conserva dúas impresionantes estatuas de granito sobre pedestais vestidos ao estilo do século XVIII, que representan ao marqués e a súa muller, esculpida esta última cunha guitarra.

Na comarca atópanse outras iconografías importantes deste instrumento, entre as que destacan o exemplo gótico representado na igrexa parroquial de Caldas de Reis ou o barroco da fonte de San Pedro de Cea, que o investigador Moncho Marín supón obra de Simón Rodríguez, coñecido polos seus traballos na igrexa do convento de Santa Clara en Santiago de Compostela.

O pazo de Rúa Nova, comezado a construír a comezos do séc. XVIII pola familia Valle, está ademais moi vinculado coa literatura por dous motivos: aquí naceu Francisco del Valle-Inclán en 1736, que foi catedrático e fundador da primeira biblioteca da Universidade de Santiago, ademais de fundador do primeiro xornal de Galiza, El Catón Compostelano, e aquí tamén residiu en distintos momentos Ramón María del Valle-Inclán. A súa capela serviu de escenario para a súa obra Romance de lobos.

Os escasos vestixios que temos das musicas interpretadas nos pazos oriéntannos cara a repertorios de moda en Europa desde fins do séc. XVIII en diante, entre os que atopamos xéneros como xácaras, contradanzas, boleros, galops e rigodóns e tamén os exitosos chote, mazurca, valse e polca. Estes ritmos estaban moito máis popularizados entre a poboación local por ser base do repertorio das bandas de música e do acordeón de finais do XIX.

Marcial Valladares introduciu ademais nestas soirées cantigas populares do Ulla (1865) compiladas e harmonizadas por el mesmo, o que supuxo unha grande novidade para a conformación destes repertorios pasada a metade da centuria. As letras das cantigas compiladas na Arousa, algunhas delas en Vilaxoán, constan na documentación de Vilancosta, mais infelizmente non a súa notación musical.

Arredor do pazo do Rial existía un arboredo onde a comezos do séc. XX se facía unha romaría coñecida en Vilaxoán como romaría dos Xosefinos. Alí

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

eran populares as poxas dos galos, millo, etc., que aínda seguen a facerse en Faxilde. Un momento estelar da xornada era a botadura dun globo conducido polo marqués. Despois da misa na capela de San Xosé viña a comida campestre, para finalizar cos bailes e as cancións até as oito ou nove, que era cando a Garda Civil mandaba recollerse. Na romaría actuaron os mellores músicos da contorna, como Os Campaneiros de Vilagarcía ou a Música de Lantaño. A romaría deixou de celebrarse a mediados dos anos corenta, cando o marqués deixou de acudir e a propiedade entrou nun estado de abandono.

O pazo de Pardiñas, tamén coñecido como casa-torre dos Pardiñas Villardefrancos, é tamén de base económica agropecuaria, igual que os anteriores, e atópase enclavado no burgo mariñeiro de Vilaxoán. É moito máis pequeno e modesto en canto a patrimonio que o de Sobrán ou o do Rial. Os fundadores do pazo, Juan da Val e María Pérez Leiro Romero, foron veciños de Vilaxoán e foron tamén fundadores do convento de San Francisco de Cambados. Os herdeiros da familia enlazaron cos Pardiñas un século despois. Os Pardiñas tiñan a súa casa patrucial en Bergantiños e os seus intereses afastados da vida cotiá de Vilaxoán. Aínda así, algúns dos seus membros pasan por ser destacados personaxes locais, como José José Rafael Pardiñas Villardefrancos, o organizador das milicias cidadás que defenderon Vilaxoán, Vilagarcía e Carril durante a Guerra da Independencia contra os franceses. Outro da saga, Francisco Antonio Pardiñas, nado en Vilaxoán, foi reitor do colexio de Fonseca, en Compostela. No camposanto de Sobrán están enterrados varios membros da familia.

O pazo de Pardiñas destaca por dar continuidade na zona á tradición dos presebes, os populares Beléns. En Vilagarcía consérvase unha das pezas máis relevantes do xénero en Galiza, o presebe do convento das Filipenses. Entre as súas figuras, que poderían datar de fins do séc. XVIII, atopamos músicos populares de gaita, tambor e adufe e un bailarín. O presebe do pazo de Pardiñas é moito máis modesto, pero a decisión de exhibilo publicamente nun baixo próximo ao pazo converteu este feito nunha tradición de fondo arraigo local. O presebe era visitado polos veciños de vila, que se agrupaban en coros para cantar panxoliñas. Nas últimas décadas era trasladado á igrexa de Sobrán, malia que nos últimos anos, debido a factores como o delicado do

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

transporte, a falta de seguros ou a rotura dalgunha das pezas, deixou de cumprirse con esta tradición local.

Pola súa parte, o piano instalado no pazo de Pardiñas deixábase sentir no corazón do burgo mariñeiro. Foi interpretado por distintos membros da familia e amigos visitantes, e moi particularmente pola última marquesa Ramona Sanjurjo. Como ela, as familias adiñeiradas da vila como a dos Moreno ou a do alcalde Ameijeiras fanse con instrumentos nos que distintos membros da familia reciben instrución musical por parte de mestres instalados en Vilagarcía.

A instrución musical en academias particulares en Vilagarcía ou en aulas a domicilio xa comezara a fins do XIX con mestras como Ángeles Reguera, que tiña instalada a súa academia no Mercado nº 5. No primeiro cuarto do XX terá moitos continuadores, como José Carreras, Isolina Sobrino, Guadalupe Cid, Dámaso Moyer ou Jesús Alonso Fuente. Este último, ademais de impartir as aulas de solfexo, piano, canto, instrumentación e harmonía, foi o principal encargado da afinación e reparación de pianos na contorna. Os pianos máis populares foron os Ronisch, de fabricación alemá, importados e distribuídos a Vilagarcía polo almacén coruñés de Canuto Berea e o compostelán de Urrutia Barañano.

En Vilaxoán serán Rosa e, sobre todo, Ana, as fillas do último alcalde de Vilaxoán, as principais pianistas da vila durante os anos centrais do século, tendo Ana unha dilatada traxectoria como docente. A herdanza desta tradición pianística local será recollida polo mestre vilaxoanés Martín Millán, que na segunda metade de século chegou a desenvolver unha carreira profesional tanto como intérprete como docente, sendo un músico coñecido e respectado no actual contexto musical galego. O actual conservatorio de música profesional de Vilagarcía leva o seu nome.

Martín Millán entra en contacto co piano baixo a dirección do seu pai. Máis tarde recibe unha bolsa de estudos da Deputación de Pontevedra, o que lle permite estudar no Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde ten como profesores a Pedro Lema e José Cubiles. O seu debut chégalle aos 18 anos no Palacio da Música coa Orquestra Nacional de España, baixo a

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

dirección de Frühbeck de Burgos. Millán foi premiado en diferentes foros internacionais e desenvolveu unha actividade concertística intensa nestes primeiros anos polos EUA e México. En 1965 ingresa no cadro de persoal de TVE como compositor e programador e radica a súa residencia en Madrid. Alí funda o Instituto Musical Tomás Luís de Vitoria e exerce a docencia no Real Conservatorio de Música de Madrid. Retornado a Galiza, Millán continuou co seu labor docente no Conservatorio de Música de Santiago de Compostela.



### 2. VILAXOÁN MARIÑEIRO

A personalidade musical de Vilaxoán deriva do seu privilexiado enclave á beira da ría de Arousa. A ría é un val fluvial somerxido á influencia das mareas que, malia estar protexido da bravura do mar, deixa que as augas cargadas de plancto procedentes do océano circulen no seu interior, dando lugar a un contorno ideal para o desenvolvemento dunha inusual riqueza biolóxica mariña. Cetáceos que penetraban ao interior da ría, peixes cos que algúns mariñeiros como Jesús Patiño “Cementerios” aseguraban falar, moluscos, crustáceos e aves como as que aniñan no esteiro do Rial contribuíron non só a alimentar o imaxinario das poboacións portuarias da ría como Vilaxoán, senón que conforman en si propias un rico patrimonio sonoro natural.

Destaca no imaxinario local a condición de cantores que se lles dá aos cetáceos. O canto desafinado dos arroaces levou aos vilaxoaneses a chamar así, arroaz, aos malos cantores. Os lúgubres sons da candorca facían fechar portas e xanelas nas localidades da ría cando se escoitaba o seu canto, xa que se consideraba premonitoria de desgrazas, segundo a superstición local. A candorca e as baleas son cantadas nas coplas populares dos mariñeiros vilaxoaneses.

En la mar soy una urca  
Que navega sin amparo  
Como tu amor no me busca  
A tu sombra no me paro

En medio de la mar  
Suspiraba una ballena  
Y en el suspiro decía  
Quien tiene amor tiene pena

Dios que en los cielos habitas  
Líbrame de culpa y pena  
Como libraste a Jonás

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Del ventre de la ballena

## 2.1. PORTO E VILA MARIÑEIRA

A partir do séc. XVI e até mediados do XVIII teremos definida en Vilaxoán unha vila mariñeira composta por escasos membros, os mareantes, cun estilo de vida moi diferente aos do resto da parroquia de Sobrán, que eran labregos. Como noutras vilas mariñeiras, había unha mentalidade que favorecía os enlaces entre veciños e mesmo familiares, dando lugar a unha acusada endogamia. Os foráneos que casaron aquí sempre foron considerados estranxeiros; o cancionero local posto en boca das mulleres exemplifica perfectamente estas preferencias.

Si che quero mozos  
Teño vinteún  
Pero de pajilla  
Non quero ningún

Mariñeiro quero madre  
Mariñeiro me han de dar  
Se non me dan mariñeiro  
Solteiriña me hei quedar

Os mariñeiros de Vilaxoán traballaban na pesca de baixura con artes tradicionais respectuosas coa ecoloxía da ría en embarcacións fabricadas en talleres locais de ribeira e movidas exclusivamente polas velas ou remos como as gamelas, chalanas, dornas, racús ou lanchas xeiteiras. Estas embarcacións eran tripuladas por escasos mariñeiros e regresaban diariamente ao seu porto. O cancionero específico de vogar ou de traballos de recollida das redes desapareceu hai décadas, cando perdeu a súa funcionalidade.

A sociedade de privilexios en funcionamento durante a Idade Moderna deixaba para os mariñeiros os postos mais baixos da súa pirámide estamental. As súas actividades estiveron fortemente gravadas con distintos

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

tipos de impostos señoriais e eclesiásticos e o seu ascenso na sociedade foi permanentemente restrinxido.

O mariñeiro ¿que tiña?  
O mariñeiro ¿que ten?  
Unhas cirolas de estopa  
Forradas en alquitrén

Marinero de la mar  
Asegura bien tu vida  
Mira que vas embarcando  
En una tabla podrida

Veño do mar  
non teño patacón  
porque cáenos o pantalón  
cáenos o pantalón  
cando vimos do mar  
non temos un patacón

A pesca, fundamentalmente de sardiña, fará aflorar desde cedo uns fortes vínculos entre as distintas vilas mariñeiras da ría pola súa potencialidade de se acceder por mar. No caso de Vilaxoán, esta relación de colaboración e competencia estableceríase preferentemente con Rianxo e mantívose ao longo do tempo, continuando na actualidade as descargas das sardiñas “do xeito”, as máis apreciadas, na lonxa de Vilaxoán por barcos de Rianxo. Entre as outras vilas coas que se mantivo unha relación privilexiada encontramos Carril, Cambados, A Pobra do Caramiñal ou a Illa de Arousa, onde a fraseoloxía local nos ilustra sobre a natureza musical deses vínculos.

Cando Vilaxoán canta a Illa baila

A competencia e rivalidade das vilas veciñas, moi presente na vida cotiá, fica posta de manifesto na súa literatura popular, na cal a satirización das vilas veciñas é recorrente, potenciando así a cohesión interna ante un inimigo externo.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Las muchachas de Carril  
Bien se quisieran casar  
Pero les huele el aliento  
Al marisco de la mar

Villaxuán é triste porto  
Villaxuán é pobre vila  
Ventiño, vento do sur  
Lévame a Vilagarcía

Outros portos de fóra da ría tamén foron destinos habituais para barcos de sardiña e mariñeiros de Vilaxoán, fundamentalmente portos galegos de cabotaxe como Marín, Cangas, Vigo ou Ferrol, e aínda portugueses e cantábricos. Á marxe da pesca a documentación para os séculos XVI-XVII e primeira metade do XVIII remítenos á importancia do cultivo de ostra, exportando o seu escabeche a distintas prazas das que Madrid era o principal cliente. No período 1705-10, parte da mercadoría tivo como destino a Casa Real.

### 2.1.1 Os mariñeiros

As compañías de cada barco, segundo tradición galega, repartían produto entre o armador, patrón, mariñeiros e rapaz, o décimo para o santo protector, parte para as viúvas dos afogados, parte para os enrolados á forza na mariña española, etc. Logo, coa chegada dos fomentadores cataláns, imporase unha visión capitalista, onde, salvo os patrianos, mariñeiros con lancha propia, pasarán a ser asalariados sen dereito ao reparto das capturas. Estes mariñeiros de baixura traballaban con artes de pesca tradicionais como a liña, o corricán ao medio fondo, o facho, as nasas, o trasmallo, as pezas do xeito, a rapeta, o chinchorro, o aparello, a tarrafa ou o cerco.

Anque che veño do xeito  
Non veño de xeitear  
Veño de larga-la rede

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Alá no medio do mar

A terrafa da Fara  
xa non vale nada  
mellor lle sería  
que fora pa' Sada.

A utilización destas artes tradicionais foron minguando pola introdución da xávega e outras artes moito mais produtivas, como o palangre, que contaron desde a súa introdución coa oposición de mariñeiros con experiencia e intelectuais como Martín Sarmiento por esquilmar as riquezas do mar. Á marxe das faenas de pesca e marisqueo, distintos tipos de oficios artesanais necesarios para o funcionamento da comunidade floreceron no seo do burgo mariñeiro, como naseiros, lanterneiros, cesteiros, etc., á marxe dos carpinteiros de ribeira instalados na praia das Saíñas.

### 2.1.2. As peixeiras

As mulleres dos mariñeiros, ademais de criar e educar aos fillos e atender e administrar a casa, eran as encargadas de vender o peixe. Así que o barco chegaba ao porto, os mariñeiros descargábano e, desde ese momento, desentendíanse del. Era a muller, a peixeira, quen tiña que vendelo, ben en lonxas, ben indo de aldea en aldea para trocalo por cartos ou produtos agrícolas. Isto convertíaa na dona dos cartos e tamén da despensa. O home só interviña se se trataba de compras maiores ou cando se trataba da compra de aparellos para a pesca. É polas mulleres de Vilaxoán, coñecidas en toda a comarca polo alcume de peixeiras, que se lles chama así a calquera dos habitantes da vila mariñeira. O seu gusto por cantar é signo de identidade.

Aí ven os barcos do mar  
Aí ven a sardiña toda  
Xa vexo ó meu queridiño  
Daquela lancha na proa

Cargadita de sardina

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Viene la lancha Dolores  
Al muelle, niñas, al muelle  
Dinero a los pescadores

A Canelas voy corriendo  
Venid madre que hay millares  
de sardinas y de escachos  
anguilas y calamares

O traballo de atadeira ou redeira é un dos oficios mais característicos. A súa función é a de compoñer novas redes, feitas de liño, cânabo ou algodón, ou a de arranxar aquelas que chegan rotas ao porto polo seu uso. Pero non só era ese o seu traballo, tamén se encargaban de pisar casca para obter unha tinta que se botaba en auga a ferver coa que posteriormente tinxirían as redes para que quedasen protexidas fronte ao efecto abrasivo da auga do mar.

Queimadiña estou do sol  
Curtidiña estou do vento  
As redes dos mariñeiros  
na beira mar compoñendo

Á marxe dos habitantes locais e dos mariñeiros chegados ao porto, Vilaxoán tiña a visita regular de vendedores ambulantes, cos seus pregóns a voces entoando melopeas, como as leiteiras que percorrían cos seus animais todas as rúas da vila.

Pastora, está Pastora.

Cando algún veciño saía ao seu encontro, a leiteira muxía directamente o animal na porta da casa. Outro habitual era o meleiro que acudía desde Castela.

Melero, miel de la Alcarria, salgan.

O único dos ambulantes que se anunciaba con instrumento era o Sr. Andrés, o afiador, oficio moi necesario e habitual nas vilas mariñeiras. Os afiadores e

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

os seus aprendices proviñan normalmente do interior de Ourense; presentábanse facendo soar un chifre e informando a voces da súa presenza.

### Afilador y paragüero

Malia que esta figura pertence máis a contextos de economías precapitalistas, aínda é posíbel cruzarse extraordinariamente con algún destes afiadores, agora motorizados, que continúan utilizando siringas, agora de plástico, para anunciar a súa presenza. A figura do afiador forma parte consubstancial do imaxinario local

Anque somos de Pontevedra

Todos somos de por alá

anque somos afiadores

Todos sabemos afiar

A sociedade tradicional mariñeira, con prevalencia do sector primario, comezou a transformarse moi cedo, xa a fins do séc. XVIII, coa implantación das protoindustrias da salgadura e pode darse por desaparecida hai décadas de Vilaxoán. A partir da I Guerra Mundial xorden os pósitos, inspirados nos gremios que integraron a armadores e mariñeiros, con canles de axuda mutua, e obxectivos de extensión cultural e acceso a crédito. Estes pósitos estiveron promovidos en moitos casos polas forzas vivas das vilas para frear o sindicalismo pesqueiro. En Vilaxoán créase con cento cincuenta socios en 1919. Posteriormente pasaría a denominarse Confraría Sindical de Pescadores e na actualidade Confraría de Pescadores Virxe do Rosario.

Aínda que o patrón da parroquia de Sobrán é San Martiño, as festas celebradas pola vila mariñeira son as dedicadas á Virxe. A tradicional devoción dos pobos mariñeiros á Virxe, nomeadamente a do Carme, festexada tamén en vilas veciñas como Cambados, a Illa de Arousa e a Pobra do Caramiñal, vén dada pola identificación entre as estrelas, guías dos mariñeiros, e a Virxe, guía de salvación cristiá. En Vilaxoán, efectivamente, as festas do Carme e as do Rosario son as máis celebradas. As figuras das Virxes, propiedade da confraría, foron compradas polos mariñeiros en 1917 e 1918 e permanecen durante todo o ano no seu local. A do Carme, obra do

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

anarcosindicalista asasinado pola “horda franquista” José Pasín, sobe á igrexa e baixa no día ou no seguinte. A do Rosario sobe na festa e fica na igrexa até o primeiro de novembro, cando regresa á confraría. Moitas son as coplas e cantigas que nos mostran o cotián e familiar da Virxe no imaxinario local.

Nosa señora do Carme  
Coida do meu mariñeiro  
Non che hai home mellor  
Nos mares do mundo enteiro

Por ti mociño, me arrisco  
E por ti tomo donaire  
Métete frade, Francisco  
Que eu serei monxa do Carme

Miña virxen, miña virxen  
Un ramo vos hei de dar  
Todo de conchiñas feito  
Todo de conchas do mar

Virxe do Carme querida  
déano-lo vento en popa  
que somos de Vilaxoán  
levamos a vela rota,  
levámo-la vela rota  
nonos quedan estrobos,  
que de tanto vogar  
fóronse rompendo todos.

Que vida máis esclaviña  
a vida do mariñeiro  
que vida máis esclaviña  
a vida do mariñeiro  
veñen cansados do mar  
e mollados dos salseiros



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

e mollados dos salseiros  
Virxe do Carme querida.

Segundo a tradición cristiá, a Virxe apareceuse aos Carmelitas obrigados a abandonar o monte Carmelo mentres rezaban o Salve regina e prometeulles ser para eles a súa Estrela do Mar. O popular canto Estrella de los mares xa formaba parte do primeiro coro que houbo na parroquia baixo dirección de Ana Ameijeiras e continúa no repertorio da Coral Máximo Patiño.

Desde mediados do século XX, a Salve marinera adquiriu moita popularidade e nos últimos anos pasou a cantarse solememente nas festas coa participación da Coral Polifónica ou do Coro Parroquial. A Coral tamén introduciu nos últimos anos o Salve rociero. A Virxe do Rosario, certamente menos popular que a do Carme, carece dun repertorio popular específico.

Os veciños de Vilaxoán acudían tradicionalmente a romarías na contorna, como a celebrada na xa desaparecida ermida de Nosa Señora da Misericordia. Mais sen dúbida, a máis popular era a do San Cibrán, a grande romaría da zona celebrada na veciña parroquia de Sobradelo.

Fun a san Cibrán de lonxe  
E vin polo de pretiño  
Fun descalzo a pan e agua  
Vin calzado a pan e viño

As tabernas como a do Burato, o Parolo, a do Trompo Vivo, xunto ás barberías eran os verdadeiros centros sociais masculinos da vila, sendo sen comparación o tipo de local público máis concorrido na vila polos mariñeiros. Eran espazos nos que, unha vez en terra, consumían as súas horas desprovistos de terras que cultivar ou gando que atender. O contexto no que se desenvolvían estas reunións eran lúdicos e nelas bebíase viño branco albariño e do Ribeiro, e tinto Barrantes, e participábase en xogos de naipes como a brisca, o tute, as sete e media, etc., ademais de apostas, conversas e debates. Musicalmente, as tabernas albergaron o canto a voces dos mariñeiros e acolleron os novos instrumentos como acordeóns e guitarras.

### 2.2. A MÚSICA DOS MARIÑEIROS

#### 2.2.1. Sinais sonoros

Os cornos usados como sinais acústicos, hoxe en desuso, son, xunto co uso de sinos, os principais instrumentos aos que recorrían os mariñeiros para as súas comunicacións a distancia. No campanario da igrexa, ademais do repertorio habitual de repeniques como os toques a defuntos, feminino e masculino, ou os toques á festa, existiu unha distinta modalidade de toques que servían para avisar da chegada de barcos. Dous dos tres sinos da igrexa parroquial, o grande e o mediano foron realizados por Melchor Ocampo en 1903 no taller de fundición de campás e metais finos de Arcos da Condesa (Caldas de Reis), histórico e singular taller que desde 1630 funciona a cargo dos irmáns Ocampo.

#### 2.2.2. Cantigas dos portos

Na ría de Arousa éntrase na Idade Contemporánea antes do que o haberían de facer extensas rexións do interior de Galiza, debido aos seus asentamentos industriais da salgadura de peixe. As transformacións sociais e culturais adquiren relevancia debido ao novo sistema económico que pasará a rexer a vida dos veciños. As mudanzas na lírica popular virán dadas pola súa permeabilidade á novidade, sendo a substitución da lingua galega pola castelá a súa característica máis rechamante. Marcial Valladares, ademais de recoller o cancionero local, reflexionou nos seus escritos sobre a penetración do castelán na lingua galega e o papel determinante dos portos mariñeiros nese sentido. O seu traballo de compilacións en Vilagarcía e Vilaxoán influiría determinadamente nas súas palabras.

*“O certo é qu’os nosos populares cantos, esa non escrita e virxen poesía, dina de ser conocida e estudiada, que corre de boca en boca, que circula cal moeda por todas partes e uns pueblos importan d’outros n’as súas diferentes comunicacións, nas súas romarías; tan comúns e concorrida en Galicia; esa poesía decimos; toma o carauter d’a época, marcha co esta*

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

*misma, olvida o d'a súa casa, copia ou recibe inspiración d'a allea e concluíra por avergonzarse d'a sua. D'ahí que n'os vilorros d'os portos apenas s'oyan xá gallegas cántigas: d'ahí qu'as coplas castellanas, infiltrándose po-lo interior hast'as mais apartadas aldeas, vayan pouco a pouco remplazando aquelas e d'ahí, en fin, qu'ás nosas rurales gaitas remplazen tamén en certos puntos modernos bailes e instrumentos case desconocidos antes dos labregos, artesanos e mariñeiros. Digan outros á que ben ou mal conduza un feito que chama hai tempo a nosa atención e explica porqu'entr'as cántigas dós portos, qu'anotamos, ofrecemos tantas, ou mais castellanas, siquera estas, como as gallegas, non sean, en xeneral, exclusivas d'os portos e si as mesmas de varias outras comarcas, incluso moitas de pura localidade”*

Corrían os anos 1853 e 1865 cando Valladares visitou os pobos da Arousa acompañando as súas irmás a tomar baños de mar. Valladares aproveitou estas estancias para realizar unha compilación de lírica popular que ordenaría nos seus escritos baixo o nome Cantigas dos portos. As melodías de xotas e muiñeiras e demais aires populares non foron anotadas por Valladares, perdéndose ou conservándose no mellor dos casos hibridadas ou folclorizadas en popurrís posteriores.

Se queres comer sardiñas  
sardiñas das de Canelas  
se queres comer sardiñas  
ven a Vilaxoán por elas,  
se queres comer sardiñas  
fresquiñas das de Canelas

As características que nos presenta o cancionero dos portos de Valladares podémolas considerar como canónicas da canción mariñeira. Entre elas destaca a súa permeabilidade á músicas e textos foráneos, moito máis relevante que a producida no interior, ademais de ser a vía de penetración por excelencia dos xéneros de ultramar.

Foi na primeira metade do séc. XIX cando estas transformacións se comezaron a producir, alterando definitivamente a fins de século o substrato

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

musical de Vilaxoán, onde comezan a entoarse danzóns, polcas, mazurcas e sobre todo valeses e habaneiras. Nova lingua, novos xéneros e tamén novas temáticas como a emigración.

O meu home foise á Habana  
E seis fillos me deixou  
De volta morreu no barco  
Á Habana ¿que lle importou?

En navío todo de oro  
Con muy rica filigrana  
Viene el objeto que adoro  
Viene mi amor de La Habana

O fenómeno das comparsas de entroido e o cultivo do canto nas tabernas favoreceu a adaptación de éxitos musicais do momento, aos que bastaba con facerlles unha nova letra con temática local para ser rapidamente asimilados. Seguindo estes canons creáronse novos repertorios orixinais, tamén en música, que se desenvolveron prolíficamente desde fins do séc. XIX até os anos cincuenta.

O valse é o xénero musical máis popular dentro deste novo repertorio e non é de estrañar. Foi popular nos salóns burgueses, nas bandas de música, entre os acordeonistas, as comparsas de entroido e incluso desde época temperá entre os gaiteiros.

Tú eres la mar  
yo soy la arena  
que ya no voy sola  
que la mar me lleva  
de babor, de babor a estribor  
de estribor a babor,  
de proa a popa.

Ven ven ven cariño mío  
Ay ven ven ven rico tesoro

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Ay ven ven ven que yo te adoro  
Ven a mis brazos mujer  
Una mujer en camisa  
Parece un barco arbolado  
Eseñando proa y popa  
la cubierta y su sollado

Paxariños que andades voando  
polas follas dos loureiros  
e subides polos ameneiros  
a buscar a raíña do sol

As habaneiras son un dos principais sinais de identidade destes novos repertorios. Da súa rápida penetración xa dera conta en A orillas del Ulla Alfredo Vicenti, en 1875.

*"El traje y los cantares del país van desapareciendo con una rapidez que desconsuela; la generación actual se viste a lo urbano y en los momentos de buen humor entona habaneras acompañadas de aturuxos."*

Popularízanse en portos de todo o Estado unha serie de fragmentos de zarzuelas. Textos como Anduriña, A sirena ou Mi madre fue una mulata prenderon na vila e recolléronse no repertorio de Vilaxoán Canta desde as súas primeiras edicións.

Anduriña si vas a Galicia leva por favor  
O fogar deste pobre emigrante lembranzas de amor  
Si por min che preguntan responde que non voltarei  
Que a morte está axiña e aquí morrerei  
Anduriña si vas a Galicia leva por favor  
Ao fogar deste pobre emigrante lembranzas de amor  
Si por min che preguntan responde que non voltarei  
Que a morte está axiña e aquí morrerei  
Miña anduriña eu sufro moito  
Porque me acordo sempre de alí  
Porque me mata fonda saudade

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Naquela terra onde nacín  
Miña anduriña se durmo lonxe  
Co pensamento estou aí  
Porque me mata fonda saudade  
daquela terra onde eu nacín

Habaneiras locais e anónimas comezan a engrosar o repertorio local deste xénero como Villajuan del alma, Ai Lola, A vida do mariñeiro ou Encima de la Insuíña.

Esta villa marinera de mi tierra que es gallega  
Donde las olas del mar te despiertan de mañana  
Tiene magia y tiene encanto, tiene embrujo y alegría  
Tiene marcha por el puerto, por sus calles y avenidas  
El Villajuán que quiero, que tanto adoro  
El Villajuán de ensueño es un tesoro  
Lo llevaré muy dentro de mis entrañas  
No te olvidaré nunca, nunca, nunca  
Villajuán del alma

Esta villa marinera, cuna de grandes cantores  
Que por su Villajuán cantan llenos de alegría y amores  
Esta grandeza de ría y sus lindas rapaciñas  
Desde Villajuan famoso por su enterro da sardiña  
El Villajuan que quiero, que tanto adoro  
El Villajuan de ensueño es mi tesoro  
Lo llevaré muy dentro de mis entrañas  
No te olvidaré nunca, nunca, nunca  
Villajuan del alma

Ai Lola se ti me queres la mar me coma  
che hei de compar unha lancha motora  
la mar me coma pa' pasear  
Ai Lola se ti me queres  
la mar me coma che hei de compar  
unha lancha motora  
la mar me coma pa' pasear

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

xuntos iremos ao mar, navegaremos os dous  
ti te encargarás da vela, eu guiarei o timón  
e se a mar se alborota  
tranquila Lola, tranquila Lola  
ti eres a máis bonita e a preferida entre as olas  
ímonos para o mar, ímonos  
co seu code vai ben imos para o mar, ímonos  
imos pronto meu ben, ímonos para o mar, ímonos  
que o pobo de Vilaxoán sempre está alegre  
sempre esta contento disposto a cantar  
Vilaxoán cantando está Vilaxoán

Que vida mais esclaviña  
a vida dun mariñeiro  
Que vida mais esclaviña  
a vida do mariñeiro  
veñen cansados do mar  
e mollados dos salseiros

Encima de la Insuíña  
con letras de oro  
pondré un letrero  
diciendo Eres Vilaxoán  
lo más hermoso del mundo entero  
Tú mi dulce embeleso  
tú eres mi gran ilusión  
Tú me robastes la cama morena  
del alma de mi corazón  
En un velero embarcaré  
Porque a Galicia quiero volver  
Hasta la muerte feliz seré  
Porque es mi tierra,  
porque a Galicia  
Quiero volver

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Unha composición que se sente como propia do pobo e que foi gravada pola Coral de Vilaxoán é a Habanera Arosa, obra do autor de Vilagarcía Manuel Rey Posse. Mais, sen dúbida, o tema máis emblemático deste xénero en Vilaxoán é A rula, de autor descoñecido e exclusiva do repertorio local. A rula foi cantada na primeira actuación da Coral Polifónica de Vilaxoán e forma igualmente parte do repertorio de Vilaxoán Canta desde os seus inicios.

Rula da miña ialma  
Meu caravel de amor  
Estrela da miña vidiña  
Ti eres o meu dulce encanto  
ti ére-la miña ilusión  
porque non queres  
os meus cariños?  
doce estreliña  
meu corazón  
ti eres ruliña  
do meu encanto  
quéroche tanto  
quéroche tanto  
morro de amor

A importancia da pesca tradicional declinou, cedendo o protagonismo económico a outros sectores. A voz dos mariñeiros foise apagando. Os vellos cantos tradicionais compilados por Valladares e as súas melodías tradicionais xa non forman parte do maxín da poboación. Hai entre quince e vinte anos que a xente xa non canta espontaneamente na rúa como antano e as tabernas foron fechando todas. Os repertorios contemporáneos atópanse só fragmentariamente compilados polas comparsas, Vilaxoán Canta, a coral e investigadores locais. Os repertorios antigos non folclorizados non son recordados con facilidade e conforman máis ben popurrís reelaborados con materias musicais de diferente orixe que se entremesturan.

### 2.3. PROTOINDUSTRIA E CANTIGA OPERARIA



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Desde época temperá, os pobos mariñeiros tentaron buscar solucións para a conservación do peixe. En Vilaxoán utilizouse tradicionalmente a técnica do secado e a conservación en sal; de feito, a praia das Saiñas chámase así por ser onde se facía o cultivo do sal. Mais todo mudará coa chegada da protoindustria da salgadura. Instalada desde a primeira metade do XVIII en Cataluña, a salgadura vivirá unha fase de expansión polas costas galegas, a onde se dirixiron os empresarios cataláns que protagonizan en grande medida o nacemento da historia industrial en Galiza.

Nos primeiros momentos, os cataláns viaxaban a Galiza co fin de comprar o produto e levalo. Antes de salgalo, prensábano, tirándolle toda a graxa, co que conseguían que permanecese por máis tempo en bo estado. Os fomentadores, que é así como se deu en chamar a estes empresarios, chegaron a construír máis de duascentas corenta fábricas de salgadura. A primeira foi instalada na ría de Arousa, en concreto na illa de Sálvora en 1770. As fundacións repetíranse nos anos posteriores, sendo Vilaxoán unha das principais vilas que albergará esta actividade. As fábricas de salgadura sumaríanse tamén aos secadoiros de bacallau, traído á vila por navíos ingleses que pescaban en Terranova. No ano 1778, o número de fábricas instaladas fai despuntar ao porto de Vilaxoán como o de maior actividade na ría e a finais dese século podía contabilizarse xa unha vintena destas industrias. O número de postos de traballo xerados, directos ou indirectos, foi enorme; o burgo mariñeiro comeza a adquirir a súa actual fisionomía, e constrúese no seu seo o emblemático pazo de Pardiñas. Iníciase aquí a conformación do Vilaxoán contemporáneo, un burgo mariñeiro e industrial cunha periferia urbana que atinxe os núcleos de poboación próximos, como Faxilde ou Sobradelo, cada vez máis proxectadas cara ao dinamismo que adquiría o núcleo urbano.

Hoxe en día, distintas familias da sardinocracia galega conservan apelido catalán e Crusat, Maldonado, Villoch, Masó, Poich, Ferrer, Soler ou Barreras son na actualidade apelidos coñecidos na Arousa totalmente integrados na xenealoxía galega. Os cataláns conviviron e alimentaron o imaxinario popular durante décadas da poboación local, deixando a súa presenza vestixios na literatura popular ou na lingua. Da lingua catalá consérvanse algunhas

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

influencias no léxico das actividades portuarias, como a forma de chamar aos grupos de estibadores: collas.

Eres la sal de las sales  
Tienes bailar de princesa  
Cintura de catalana  
Meneo de aragonesa

A muller vai adquirir un novo papel nesta industria, entrando a traballar como empregada, sobre todo nos oficios de espichadora ou estibadora. Os seus traballos nas factorías era acompañado de cantos, práctica que se mantivo nos primeiros anos de actividade das conserveiras. Os propios xefes mandábanlles cantar para que non puidesen comer ás agachadas.

A principios do século XX, e despois de século e medio de actividade, ficaban abertas 5 fábricas en Vilaxoán e unhas 70 no conxunto da ría de Arousa, pero no primeiro cuarto de século a sardiña acábase e desaparecen os mercados tradicionais; as fábricas comezan a fechar. Os predios reconvértense, pasando a albergar conserveiras, locais hostaleiros ou vivendas, moitos desaparecen e doutras aínda fican os edificios en estado ruinoso, dos que apenas se conservan as paredes.

No último terzo do XIX consolídase o sector conserveiro, que crecerá durante as primeiras décadas do século XX. Co estoupido da I Guerra Mundial increméntase a demanda de menú frío para as tropas e chega unha das épocas douradas da industria conserveira galega. A primeira en asentarse en Vilaxoán será a dos Hermanos Pita, fundada en 1920 e que conta actualmente con prestixio internacional. A industria da conserva contribuíu ademais ao desenvolvemento do deseño industrial e gráfico-publicitario do que Vilaxoán conserva algúns vestixios.

### 2.3.1. A cantiga social

Unha parte do cancionero popular de Vilaxoán revélasenos como realmente extraordinario por ilustrar unha parte do cancionero galego case inexistente,

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

a copla de denuncia social. Malia que a tradición medieval do escarnio se desenvolveu proliformente na lírica popular galega e son multitude as coplas irónicas dedicadas a caciques ou cregos, non se trata aínda de cantiga de protesta social.

Canta laranxa madura!  
Canto limón polo chan!  
Canta meniña bonita  
ten o cura de Sobrán!

Referímonos aquí ás coplas que critican aos patróns por explotadores e foráneos surxidas nun novo grupo social, os operarios. Mariñeiros e traballadores asalariados sufriron os abusos do sistema de produción capitalista implantado pola burguesía catalá. Estes cataláns facían préstamos aos mariñeiros hipotecando os seus escasos bens e terras para que mercasen barcos e aparellos, tendo desta maneira un control e dependencia absoluta da vida económica local. Atopámonos, pois, diante do nacemento da sociedade contemporánea e o xurdimento da consciencia de clase operaria en Galiza, ilustrada de forma extraordinaria polas coplas de Vilaxoán compiladas por Marcial Valladares.

Traes al cuello una cruz  
Regalo de un catalán  
Quiera Dios que no vuelva  
El muelle de Villajuán

Capitán calquera o é  
Pilotos son os carneiros  
Mais quen pasa os traballos  
Son os pobres mariñeiros

He visto un escarabajo  
Que llevaba en los bigotes  
Mas de cincuenta navíos  
Con sus lanchas y sus botes

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Afórcate rico avaro  
Afórcate cos teus bens  
Son mozo e podo ganar  
Inda máis do que ti tes

A implantación dun modo de produción plenamente capitalista levou aos cataláns a introducir novas artes de pesca, esquiladoras dos recursos mariños. Isto levantou un forte rexeitamento entre os mariñeiros de toda a ría, que rematou nos disturbios do 23 de decembro de 1901, protagonizados polo movemento dos mariñeiros xeiteiros. A protesta, na que participaron mariñeiros de toda a ría, celebrouse en Vilagarcía, e nela coreáronse os novos repertorios de cancións políticas. A Garda Civil, cunha dotación de 60 homes apoiados polo canoneiro Audás, da Armada, reprimiu duramente a mobilización. O asunto tivo que ser debatido no parlamento de Madrid como o "motín de Vilaxoán". Tanto ese tema como o conflito da ardora continuarán no punto de mira para os mariñeiros do xeito e serán obxecto de coplas por autores arousáns como o rianxeiro Arcos Moldes, que publica algunhas no periódico El Barbero Municipal en agosto de 1910 e maio de 1912.

Lobos e niñatos son  
Os caciques ladroeiros  
Vidos á nosa Rexión  
Para facerse traíñeiros  
Axiña botalos fóra,  
Pois son un atallo de pillos  
Que, favorecendo á ardora,  
Déixanvos sen pan ós fillos

¡Adiós, arousana ría,  
que triste te vas quedando,  
desde que cos pobres xeiteiros  
foi a "traíña" acabando...!

A canción de denuncia social pasará logo a estar presente no día a día local a través da sátira política nas letras das comparsas de entroido. O coñecido como Himno de Vilaxoán poderíase considerar como canción fundacional do

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

xénero local; foi realizado por autores non identificados despois da anexión do concello de Vilaxoán ao de Vilagarcía en 1913. Algúns veciños sinalan que o tema era cantado pola comparsa de entroido do Castelete, liderada pola familia Bóveda, que puido estar implicada na súa creación.

Ahora que se ha caído  
El ayuntamiento de Vilaxoán  
No hay escuelas de niños  
Y los maestros descansarán.  
Por las calles y los barrios  
Se ven los niños jugando al sol  
Por no tener un maestro  
Que les eduque y les dé información.  
Nuestra ruina vino a completar  
Al desgraciado pueblo de Vilaxoán  
Robaron el Esteiro, el ayuntamiento cayó  
El muelle arruinado, la madre que lo parió.

Hai algúns autores identificados, como Demetrio Garrido, que chegou a publicar algunha das súas cancións nas páxinas do xornal local Galicia Nueva en 1918.

A Vilaxoán  
A ti Vilaxoán querido  
miña nai miña señora  
eu prometo dende agora  
por ti dar a miña vida.  
Pra asulagar o traidor  
que facéndose o amigo  
que perder adoecido  
aquí tes un loitador.  
Que moi cheo de ilusión  
a carabina na man  
berra ¡Viva Vilaxoán Galicia é a redención!  
Que este grito se difunda  
desde Australia a Fisterra

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

de Portugal a Castela  
e o galego non confunda.  
Non permitas Deus, nin queira  
nadie esto se atrevera  
pois que tal cousa fixera  
ir de ver, ía á fogueira.

As comparsas e rondallas de Vilaxoán víronse moi potenciadas grazas á chegada á vila do ferrolán Horacio Antero, que abriu unha barbería na praza do Campo nos anos vinte. Nela xuntábanse mozos para aprender con Antero a compoñer letras e iniciarse no manexo de guitarras e laúdes cos que ían practicar ao taller de carpintaría de Sátiro Callón no Freixo. Parte deles integrou nos anos 30 a Sociedade Cultural-Recreativa de tendencia republicana, que ademais de conferencias e bailes-asalto no seu local da praza do Campo, tivo moita implicación na creación de comparsas de entroido, onde atopaban o contexto favorábel para expresar as súas denuncias nun ambiente lúdico. A maioría das letras do período eran compostas por Celso Callón e o propio Antero, como a do 1931 en que se denuncia o desemprego, a fame e demais precariedades ás que se vían sometidos os operarios vilaxoaneses.

Somos obreros parados  
que venimos de ultramar  
pasamos por este pueblo  
y buscamos que jamar.  
Mucho nos hace sufrir  
el hambre que estamos pasando  
pero como es Carnaval  
hoy lo pasamos cantando.  
No os burléis de este disfraz  
para nosotros es realidad  
ya que nos queda más que poner  
el desnudismo vamos ejercer.  
A los obreros de España  
os vamos a divertir

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Nese mesmo ano presentouse outra comparsa de Vilaxoán baixo o nome de Los Compatriotas. Tamén escolleu un tema político para as súas coplas. Nelas expresaban o seu ideario socialista e republicano mostrando a súa solidariedade cos obreiros represaliados en Asturias.

Somos los compatriotas  
de los rebeldes de Asturias

...

Los Compatriotas desprazáronse, como as demais comparsas, a Vilagarcía e cantaron as súas coplas no mercado, onde foron detidos pola policía. A pesar destes actos de censura, o republicanismo atopábase xa cunha grande forza e antes de dous meses tería lugar a proclamación da Segunda República e o posterior abandono da familia real do país. En xuño, a coalición socialista-republicana gañaba as eleccións democráticas. Mais despois desta vitoria e da instauración da República, celebrada masivamente en Vilaxoán, viría o alzamento militar do xeneral Franco e a derrota do bando republicano na contenda civil. En Vilaxoán, os vencedores expropiaron o antigo baile do Manso, enclavado ao pé da estrada, en Sobradelo, e situaron alí o cuartel militar para os gardas. Moitos serán os veciños de Vilaxoán vítimas de agresións e abusos, e non poucos os que foron encarcerados e diseminados en cadeas como a de Cambados ou a da illa de San Simón, onde entrarán en contacto con novas cancións antifranquistas, normalmente parodias dos temas mais populares como Se va el caimán.

En el Ferrol del Caudillo  
Ha nacido un gran caimán  
No da aceite ni da pan  
Y es amigo de Perón.  
Se va el caimán, se va el caimán  
Se va pa' la barranquilla.

Esta parodia dun porro colombiano co paso do tempo volveuse tan popular en todo o Estado que se chegou a prohibir a execución da canción orixinal. Aínda que, evidentemente, este repertorio non puido ser cantado publicamente, veciños de Vilaxoán sortearon dalgunha forma a censura local

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

por outras vías. Nos concorridos partidos de fútbol do San Martín dos anos cincuenta entoábase un canto a modo de himno oficioso do clube coa melodía de Katusha, canción revolucionaria popularizada internacionalmente polos Coros do exército vermello da URSS.

Estamos todos en la Lomba  
Para ver jugar al San Martín  
Si es que pierde que lo lleve el infierno  
sii es que gana que vuelva a ganar

Xa nos últimos anos do franquismo, O Fogar do Pescador de Vilaxoán acolleu recitais de Voces Ceibes nos que militaban mozos cantores universitarios próximos ao PCE.

### 2.4. MARISCADORAS E BATEEIROS

En Vilaxoán tivo lugar a orixe dos cultivos de mexillón contemporáneos, iniciados experimentalmente polo marqués de Aranda na praia das Saíñas, ao pé do seu pazo de Rial. Anos despois (1946), realizáranse tamén na ría de Arousa os primeiros ensaios de cultivo a flote, seguindo un modelo de batea utilizado en Barcelona. Actualmente, o cultivo de mexillón é fundamental na economía local. Súmanse aos mexilloeiros unhas cincuenta mariscadoras a pé que traballan por cupos ao día. O que colleitan, ademais das miñocas para a pesca, é sobre todo ameixa, berberecho e algas. O marisqueo a flote ou raño empezouse a traballar profesionalmente no ano 1987.

Aínda que algúns bateeiros ou mariscadoras cantan, neste oficio a música perdeu o carácter e sentido gregario que tiña nas factorías da salgadura. A consecuencia é que non son prácticas laborais asociadas á música popular, aínda que moitos bateeiros e mariscadoras teñen formado parte, iso si, da Coral Polifónica de Vilaxoán e, por suposto, participado en Vilaxoán Canta.



### 3. A VIDA CANTANDO

#### 3.1. XOGOS E CANCIONEIRO INFANTIL

Desde o berce, as crianzas de Vilaxoán creceron escoitando as cantigas que súas nais, irmás ou avoas lles cantaban para durmir; unha pervive maioritariamente na súa lembranza.

Duérmete mi niño  
Duérmete mi sol  
Duérmete pedazo  
De mi corazón  
oh, oh, oh, oh

Duérmete mi niño  
Que tengo que hacer  
lavar los pañales  
planchar y coser  
oh, oh, oh, oh

Duérmete mi niño  
que ahí viene el cocón  
A llevar (robar) los niños  
que no duermen no  
oh, oh, oh, oh

Este niño tiene sueño  
tiene ganas de dormir  
tiene un ojito cerrado  
otro no lo puede abrir  
oh, oh, oh, oh

Este niño tiene sueño  
No tiene cama ni cuna

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Su papá, que es capintero,  
que le haga pronto una  
oh, oh, oh, oh

Aínda podemos coñecer outra canción de berce compilada por Carlos Rey, popular en toda a comarca mais desprazada do actual imaxinario vilaxoanés.

Son o mel, son dozura  
Son o leite no beber  
Son un pozo de veneno  
Se te chego a aborrecer

Este neno é pequeniño  
Pequeniño coma un rato  
Heino de levar á feira  
Metidiño nun zapato

Este neno é pequeniño  
Ten ganiñas de durmir  
Ten un olliño pechado  
Ten outro por abrir

Durante a primeira infancia, xogos entre os adultos e os nenos como os trabalinguas, os xogos de memoria, as adiviñas e as cantigas axudaron aos pequenos a estimular entre outras a memoria, a dicción, a elocución, e a imaxinación.

Abanica abanica abanica  
abanica abanica,  
Abanica abanica abanica,  
abanícalle o cu a teu pai

Pin pin pin  
Tan tan tan  
Que mona es mi jaulita  
Tan taran tan

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Yo tengo una jaulita  
así de pequenita  
Así no más

Toda unha morea de cantigas infantís con contido humorístico particularmente recorridas polas coidadoras cando querían calmalos. Facían xogos con eles como montalos nas súas pernas e facer que cabalgasen. Un par de exemplos con ritmo de muiñeira coinciden en sinalar nomes de lugares próximos, transmitíndolles xa unha idea da súa pertenza á comunidade.

O gaitero de Vilaxoán  
Fixo unha casa de merda de can  
Saleu para fóra, mirou para ela  
Probe de min que nin ten cheminea  
O gaitero de Vilaboa  
Fixo unha casa alá na Camboa  
Veu o fillo do Merlucho  
E gagoulle un cucurucho

Caghapeidiños estaba na cama  
Entráballe o sol por unha ventana  
Entráballe o sol entráballe o vento  
Caghapeidiños estaba contento  
Caghapeidiños foi hasta Corón  
Polo camiño rompeulle o calzón  
Rompeulle o calzón rompeulle a cirola  
Levaba o mingallo colgando por fóra

Así que os nenos xa se podían valer por si sós pasaban moito tempo na rúa xunto cos outros rapaces, xogando sempre en grupo. Entre os divertimentos habituais estaban a billarda, os trompos, as bólas e xogar ás agachadas. Nas festas eran moi importantes as cucañas que se celebraban na praza da vila e que incluían, ademais de carreiras de sacos e de burros, chocolatada e incluso un concurso de baile de pasodobres. A afección a xogar ao fútbol foi moi grande e as excursións a pé a lugares como o monte Lobeira ou a nado

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

até as insuíñas, recorrentes. No mar bañábanse no peirao e no tomo, facían cabanas e non era extraordinario que collesen prestada unha dorna ou unha gamela para ir navegar pola ría e facer unha merenda a bordo.

Un dos seus xogos era facer pequenos e rústicos instrumentos musicais. Un dos máis populares eran os asubíos ou gaitas, que se facían con navalla e feitura variábel dunha cana do país. Outro dos instrumentos habituais eran os pitos ou reclames, feitos a partir de follas de loureiro, canas verdes fendidas ou landras, cos cales se daban avisos e se podían localizar. Outros instrumentos que tiveron presenza na comarca foran as canelas (canaveiras) ou os raspadores (reque reque) moi populares nas comparsas de Reis das parroquias do interior, ou as carracas, exclusivas das festividades de Semana Santa e que se utilizaron en Vilaxoán até o pasamento do cura D. Benigno Santos Santorum.

Algúns dos xogos, como a elaboración de viño de amoras, xeraron cantigas propias. Neste xogo esmagábanse amoras dentro dun tutelo de cana e bebíase con coidado.

Arrimeime a unha silveira  
Cantas amoras collín  
E deixeiñas nun tutelo  
E todas esmaguchín  
Agora dicen as nenas ¡carallo!  
Déixame chuchar o tutelo a min  
E cando foi o incendio  
ala na porta do sol  
.... o quiosco maricón  
queimáronselle as bananas, ¡recoño!  
as mazáns e os melocotóns  
Alá veu Maximino  
parecía Don Tomás  
E díxolle á Chupeteira  
e ti que carallo fas?  
vou a mira-lo quiosco ¡recoño!  
que me ardeu pola parte de atrás

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Entre os xogos infantís femininos destaca a corda, á que atopamos asociado o romance A un capitán sevillano. Trátase en orixe dun romance estendido por toda a xeografía peninsular, A doncela guerreira, que na zona de Vilagarcía popularizouse en castelán, aínda que o cancionero de Casto Sampedro recolle tamén unha versión en galego.

A un capitán sevillano  
Siete hijas Dios le dio  
Y tuvo la mala suerte  
Que ninguna fue varón  
Un día la más pequeña  
Le pidió inclinación  
De ir a servir al rey  
Vestidita de varón....

Despois do triunfo do xeneral Franco e a implantación da ditadura, unha nova serie de cantigas foron promocionadas entre os nenos para recoller nelas os aires marciais nacional-católicos que as autoridades pretendían difundir.

Los niños de Vilaxoán  
Vamos a hacer un barquito de vela  
Vivir en el medio del mar  
Porque ya no se puede vivir  
en el medio de la tierra, olé!  
Adelante, siempre adelante  
Adelante sin retroceder  
Que para Cristo tenemos que ganar  
el imperio, cielo, mar y tierra, olé!

### 3.2. AS FESTAS DO CICLO DO ANO E DA VIDA

Durante a infancia era moi desexada a chegada das festividades anuais, como os Maios, o Entroido, a fogueira de San Xoán ou o Nadal, onde o papel das

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

crianzas na vila cobraba auténtico protagonismo. É singular a súa participación nos bautizos, nos que esperaban ao padriño á porta da Igrexa e ditábanlle unha sentenza para conseguir unha propina.

Padriño, padriño, bota cartos,  
se non che morre o meniño

Os nenos saían tamén no día de Defuntos repetindo unha súplica para pedir esmola polas casas da veciñanza, recibindo só en ocasións a entrega dalgunha pataca ou espiga.

### A esmola dos defuntos

Na festa dos Maios os rapaces xúntanse, engalánanse con ramallos ou calquera cousa, preparan as cantigas e van cantalas en grupos de dous de casa en casa cunha caixiña, primeiro de peixe, hoxe en día de froita, que portan entre ambos. Na caixa irán recollendo os “aguinaldos”, ben monetarios, ben en especie, que ocultarían baixo un prato. Os Maios son unha festa cíclica que estivo presente na cultura rural galega desde tempos remotos, estando xa cristianizada na Idade Media. O proceso de urbanización fixo esmorecer estas festas en paralelo á decadencia da cultura rural e agraria que as sustentaba.

En Vilaxoán, ano tras ano repítese a mesma melodía. As coplas son de dous tipos, unhas de tradición oral memorizadas e reinterpretadas polas diferentes xeracións de críos sen mudar os textos. As outras son novas creacións adaptadas con anterioridade por fistores locais nas que se fai referencia expresa aos señores da casa onde piden.

O maíño maio  
É moi pillabán  
Quere que lle dean  
Os cartos na man  
Pra face-lo maio  
Tivemos que roubar  
Flores e fiunchos

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Na casa (horta) de San Blas  
    Veu San Blas  
    Cunha zapatilla  
    Fíxonos correr  
Hasta a porta de Corbatilla  
    Veu Corbatilla  
    Cunha sartén  
    Fíxonos correr  
Hasta a porta de Pepa Amén  
    Veu Pepa Amén  
    Cunha escopeta  
    Tirounos un tiro  
E rachounos a chaqueta  
    Déannos señores  
    se nos queren dar  
    que vimos de lonxe  
    temos que marchar

A forza desta tradición pagá fixo que a Igrexa cristianizase a festa. En Vilaxoán facíanse rosarios de flores que se ofrecían á Virxe e o domingo pola tarde os rapaces acudían á igrexa para declamar pequenas composicións poéticas, os versos.

Madre, todas te regalan flores  
    y yo ¿qué te regalaré?  
    Por ser la más pequeñita  
    mi corazón te daré.

Nos últimos 30 anos sucedéronse iniciativas de recuperación e posta en valor desta festa en distintas localidades galegas explorando desde os seus potenciais turísticos ou educativos até os de cohesión, definición da identidade ou participación interxeracional. Nesta nova vaga de iniciativas na promoción da festa, o Concello de Vilagarcía, en colaboración coas escolas locais, leva adiante a celebración dun concurso que se celebra na vila o primeiro de maio. A este concurso preséntanse os nenos de Vilaxoán a través do seu grupo escolar. Mais a coincidencia da data do concurso coa da

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

festa é sinalado como un dos factores que incidiron no seu declive na vila. Até hai unha década, os maios saían con normalidade, pero logo a súa vixencia decaeu moito. Nos últimos anos o número de maios que saíron pola vila foi moitísimo menor, e desde o 2007 ningún volveu percorrer as rúas espontaneamente.

### 3.2.1. Nadal

O ciclo de Nadal que arrinca coa celebración da Noiteboa o vintecatro de decembro, contaba até finais do séc. XIX coa participación de bandos que ían cantando de casa en casa un romance hoxe perdido no imaxinario local. Grazas ás compilacións de Marcial Valladares podemos acceder á única versión conservada do antigo canto de Nadal interpretado na vila. Este canto, en diferentes versións do mesmo tema, foi compilado contemporaneamente, ás veces só fragmentariamente, en Rubiáns, O Sixto, e Catoira por investigadores como Carlos Rei e José Luís do Pico.

Noche buena en Villajuan  
Noche-Buena noche-Buena;  
Noche de grande alegría:  
    Caminado va José:  
    Caminando va María  
    Caminan para Belén  
Más de noche que de día  
Y cuando a Belén llegaron  
    La gente toda dormía  
    Arrimados a un pesebre  
    Donde el ganado comía  
    Allá por la media noche  
    María se revolvía  
San José que la observaba,  
    De esta suerte le decía  
    Parir, Señora querréis  
Querréis parir ya, María  
    Y María contestole



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Llena de melancolía  
Esta noite esposo, no  
Ni mañana en todo el día  
Pero aquela mesma noite  
Parió la Virgen María  
Y tanta era su pobreza  
Que ni manto allí tenía  
Echó su mano a la toca;  
Cogió el velo que traía  
Y en pedazos lo rasgó  
Con que a Jesús envolvía  
Un ángel bajó del cielo  
¡Que ricos paños lucía!  
Más ricos que los de Holanda  
Como en Holanda no había  
Y luego un ángel huyó  
Cantando el Ave María  
Angelito, angelito  
¿La parida se dolía?  
No se duele, buena queda  
Y en muy grata compañía  
Vestida de plata y oro  
Calada de pedrería.

Non se conservan nas anotación de Valladares as coplas que se cantaban despois do romance para solicitar o aguinaldo, aínda que podemos imaxinalos atendendo aos exemplos que atopamos nas parroquias da contorna.

Denos Señor...  
denos o aguinaldo  
e se no'nolo quere dar  
vaia pró carallo

Pero, aínda que se perdeu o tradicional canto de Nadal, non así o costume de cantar. O presebe montado coas figuras do pazo de Pardiñas nun local próximo era visitado todas as noites durante as festas nos anos corenta.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Corred pastorcillos  
Venid a adorar  
al niño que luego  
nos ha de salvar todas  
todas son piedras preciosas  
que se han ido a desprender  
de la cuna donde duerme  
el niño de Belén

Deste período son tamén as panxoliñas que cantaba no Café Central o médico D. Manolo cando comezaban a aproximarse as datas do Nadal.

Naceu en Belén  
un meniño pequeniño  
ten a cariña de rosas  
ollos de caraveliño.  
Vamos a Belén correndo muiño  
para darlle bicos ao noso meniño

Nos anos sesenta, por iniciativa da Coral Polifónica de Vilaxoán, pónse en marcha o Concurso Popular de Panxoliñas, que comezou celebrándose no xa desaparecido palco da música que se atopaba na praza da vila. Os veciños, particularmente os nenos, participaban masivamente nestas primeiras edicións, presentando cada rúa do pobo unha distinta formación. Establécense tres categorías: infantil, xuvenil e de maiores. Os nenos integran distintos coros infantís, o que supón a creación dunha canteira de novas voces para o futuro da coral. O concurso pasou logo a realizarse nas dependencias do Fogar do Pescador, sendo ritualmente clausurado cun concerto da coral en que se escolle repertorio de Nadal e no que nunca falta Noche de paz. O concurso contribuíu, ademais, desde os anos oitenta, á aparición ou consolidación de diferentes grupos vocais como os Conexeiros, o Grupo Mixtura, O Coro Parroquial ou o Coro da Asociación de Mulleres Rurais Avelaiña, pero a súa influencia sobre o público infantil decaeu.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Mais non se trata xa só da decadencia da festa dos Maios ou das cantigas de Nadal: nos últimos anos, as actividades lúdicas entre os nenos na vila, sexan estas de calquera tipo, diminuíron considerabelmente. Os nenos xa non xogan un papel protagonista no seu día a día, estando nucleada a súa actividade recreativa nos centros educativos e en distintas actividades extraescolares realizadas na maior parte dos casos fóra da vila.

O punto e final da adolescencia masculina viña marcado pola súa chamada a filas. Entre a lírica popular de Vilaxoán perviven coplas nas que se manifesta o rexeitamento e o lamento dos mozos ante a obrigación de incorporarse ao exército, tendo que abandonar a vida cotiá e deixando as súas familias sen a súa presenza e apoio.

Miña nai, miña naiciña  
cantos desgustos che dei  
agora que che axudaba  
mándanme servir ao rei

Nos anos corenta e cincuenta, armados coas súas voces e algunha guitarra ou laúde, os quintos de Vilaxoán, que maioritariamente facían o servizo militar pola armada en Ferrol, despedíanse con cantigas en serenatas nocturnas ante as xanelas das mozas e no peirao do Ferrazo, onde embarcaban.

Sale niña hermosa  
sale a la ventana  
oír los acordes  
de nuestras guitarras  
que está muy atenta  
si quieres oír  
una serenata  
te vengo a decir  
debajo de tu ventana  
vengo a cantarte mi amor  
para decirte cantando  
que te amo de corazón  
y por eso niña hermosa

te lo pido de favor  
que salgas a la ventana  
a escuchar nuestra canción  
sale niña sale a despedir  
a cantar a bailar y a reír  
son los quintos  
que van pa'l Ferrol  
que despiden  
delicias de amor

### 3.2.2. Os casamentos

No Sobrán do séc. XV, os cereais producidos e cos que se pagaban os décimos eran o centeo e o millo miúdo, sendo escasa e moi valorada a fariña de trigo necesaria para a elaboración do pan de voda, a regueifa. Nos últimos cento cincuenta anos vivíuse unha tendencia á desaparición desta arte practicada por retóricos musicopoetas repentistas en toda Galiza. En amplas zonas do territorio como a Arousa xa non se conserva nin a práctica, nin a memoria do repente. Desde a ría de Muros e Noia, ao norte da Arousa, até a comarca das Mariñas son os únicos territorios costeiros onde aínda pervive espontaneamente. Mais nas parroquias rurais de Vilagarcía continuouse coa práctica de facer un bolo de fariña de trigo enfeitado con ovos e dourado con manteiga, que non é outro que o equivalente á regueifa. De se existiron prácticas similares ás conservadas na actualidade na comarca de Bergantiños ou o Xallas non podemos avanzar datos ante a carencia de fontes.

Tampouco fica memoria en Vilaxoán das cencerradas, celebracións satíricas que lles ofrecían mozos da vila aos matrimonios censurados pola comunidade, como o enlace entre dous vellos, ou nos que prevalecera moita diferenza de idade, e que consistían en armar un bando co que cantar ás xanelas dos noivos a noite de vodas. Da última que fica constancia é da acontecida o 18 de abril de 1911, da que temos coñecemento polo xornal El Correo de Galicia. A celebración das cencerradas non contaba coa aprobación dos redactores do xornal, e como tantas outras tradicións foi contestada e censurada.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

*“idea [a de celebrar a cencerrada] que por lo poco humanitaria y execrable, nos retrotrae a tiempos que no están en armonía con los actuales en los que la acción es libérrima y el derecho á todo acto lícito como es el matrimonio digno de respeto de colectividades que se precisen de cultas y bien nacidas”*

A preparación desta cencerrada, que contou co reparto duns pregos de cordel coas coplas dedicadas á parella de noivos, xerou moita tensión na vila, o que fixo intervir ao alcalde Serafín Ameijeiras en colaboración co gobernador da provincia. Ante o fracaso dos motivos aludidos polo alcalde para acalmar os ánimos dos veciños congregados na praza da vila interveu a Garda Civil, que realizou disparos. A multitude disolveuse sen chegar a efectuarse detencións. Catro gardas ficaron feridos. Nos días seguintes concentráronse reforzos do corpo militar chegados de Caldas e Cambados. Despois das investigacións, foron detidos como responsábeis desta última cencerrada de Vilaxoán Joaquín Miguez, Joaquín Domínguez, Vicente Pajares e Juan Tellón.

A celebración dos casamentos, ao igual que a dos enterros, en Vilaxoán caracterizouse por una marcada teatralidade, malia que só os casamentos contaron co acompañamento de músicas e cantos propios, ademais de ser unha temática recorrente no cancionero local.

De mar salen os pescadores  
De montaña sal o trigo  
E de Santiago o despacho  
Pra me casar eu contigo

Non te cases cun ferreiro  
Que ten moito que lavar  
Cásate cun mariñeiro  
Que vén lavado do mar.

Miña nai sempre me dixo  
que me casara cun mariñeiro  
porque cando ven do mar

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

trae moito diñeiro

Miña nai sempre me dixo  
que me casara cun timonel  
porque cando ven do mar  
trae moito papel

Arrabea pola peneira  
arrabea por peneirar  
arrabea por ter amores  
arrabea por se casar

Despois da celebración relixiosa, os veciños acompañaban aos noivos cantando até as casas ou tabernas habilitadas para acoller aos invitados, facilmente multitude dado o grado de endogamia local. Un momento álxido destas celebracións produciuse até os anos cincuenta. Para esa altura, o acordeón diatónico tocado por Salvador Cores, “Manso”, xa levaba décadas guiando a noivos e invitados desde a igrexa até as mesas con algún pasodobre e amenizando o baile cun repertorio inzado de ritmos bailábeis, entre os que destacaba o valse Virgen de amor.

Virgen de amor ven junto a mí  
Que yo sin ti no sé vivir  
Virgen de amor mi dulce canto  
Escucha el llanto de esta canción  
Si supieras el dolor que llevo dentro de mi alma  
que no puedo hallar un momento de calma  
Que alivie penas de este gran dolor  
Eres fuente inagotable que alimenta mi cariño  
Con la misma inseguridad de un niño  
pienso en ti como si fuera en Dios

Para a altura xa se normalizaran as emisións de discos dedicados en Radio Pontevedra, e era habitual que desde a emisora se radiase un saúdo para os noivos contratado previamente polos padriños. Na actualidade, os banquetes

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

seguen sendo unha magnífica ocasión para cantar en colectividade o amplo repertorio local.

### 3.3. FIADEIROS E LAVADEIROS

A fins do séc. XVIII e comezos do XIX as vilas costeiras teñen unha dupla dedicación: a pesqueira, complementada coa salgadura, e a téxtil, centrada na produción de liño. Non se conserva memoria e apenas pouca documentación textual sobre a actividade dos fiadeiros nos burgos mariñeiros de Vilagarcía, que revela que en Arealonga e Vilaxoán houbo fiadeiros no séc. XVII. Estes centros de traballo onde as mulleres se xuntaban para fiar podemos consideralos como as verdadeiras catedrais do canto e do baile na sociedade tradicional galega. A súa desaparición foi radical en toda a comarca, onde só os máis vellos as lembran até o inicio da guerra en 1936. Na posguerra, as manifestacións lúdicas populares veríanse profundamente afectadas polas circunstancias políticas, ao que se sumou a desaparición do cultivo do liño.

En aldeas do interior próximas a Vilaxoán aínda se conserva memoria destas fías; un exemplo é Godos, onde o baile se celebraba na casa dunha tecedeira. Xuntábanse a fiar liño e facían baile. As mulleres cantaban e tocaban as pandeiretas, a elas sumábanse os acordeonistas, que tocaban temas bailábeis ou acompañaban as mulleres en temas propios das súas faenas, como mazar ou rapillar.

Este é o tempo do téquele téquele

Este é o tempo do tequelexar

Este é o tempo do téquele téquele

Este é o tempo do liño mazar

Algunhas cantigas populares interpretadas nestes últimos fiadeiros e que aínda permanecen na memoria dos máis vellos coinciden con cantigas tamén coñecidas en Vilaxoán. Os ritmos habituais son a muiñeira e a xota.

A miña burriña cando vai pró muiño

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

toda enfariñada cheíña de frío  
cheíña de frío e mais de xiada  
A miña burriña sempre vai mollada  
Esta noite hei de ir a verte  
meniña, non teñas medo  
déixame a porta trancada  
aí, cunha palliña de centeo  
Esta noite e mai-la outra  
E mai-la outra pasada  
Amanei unha peneira aí  
que xa nunca foi amanada

Miña nai, miña naiciña  
Como miña nai ningunha  
Que me quentou a cariña  
co calorciño da súa

Vamos indo, vamos indo  
que tamén eu vou andando  
Fixeches a cama na folla  
o vento vaima levando

Pun, pun, peteiche na porta  
non me quixeches abrir  
Ao pasar de volta dixeches  
Tsss, tsss, tsss

Este pandeiriño que che toca  
súmalle Marica  
e dun pelexiño dunha vella  
como repenica

Os fiadeiros, como espazo de celebración dos seráns, foron substituídos polos emerxentes salóns de baile -en moitos casos apenas un baixo ou unha adega- que a fins do séc. XIX comezaron a normalizarse sobre todo nas poboacións costeiras como Vilaxoán. Neles pervivirán por un tempo os bailes



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

tradicionais, mais en breve os novos bailes agarradiños como o valse, a mazurca, a polca ou o chote desprazaríanos en protagonismo.

Estre as compilacións de músicas populares da comarca atopamos efectivamente no substrato musical popular a penetración e popularización de moitos destes xéneros. A polca, na zona coñecida como Porca de dous pés, distintos tipos de mazurcas e valeses engrosaron o repertorio gaiteril da comarca e son a base musical de moitas das cancións populares de Vilaxoán. Chotes e algúns bailes de cadros como rigodóns ou La geringosa, foron compilados en distintas aldeas de Vilagarcía por investigadores como Carlos Rey e Moncho Marín.

La geringosa es un baile  
cantar y bailar y dar vueltas al aire

...

Os exemplos de bailes tradicionais galegos (xota e muiñeira) compilados na zona non difiren esencialmente dos do Val do Salnés e do Ulla, aínda que algúns informantes falan dun baile caracterizado por ter os brazos adheridos á cadeira, o que ofrece unha estética distinta á habitual que se emparenta coa dos bailes tradicionais vascos ou irlandeses.

Os romances vellos, xénero extinto na práctica espontánea en Vilaxoán, tamén se cantaban nos fiadeiros, aínda que eran máis propios das reunións fronte á lareira. O profesor Cotarelo Valledor, que pasaba temporadas de descanso na súa casa de Vilaxoán, foi un destacado estudoso do xénero e nas súas compilacións, nas que a miúdo faltan os datos da recolla, quizá se atopen os últimos exemplos do xénero na vila.

Outro traballo no que as mulleres se xuntaban para facelo mais levadeiro foi o de lavar. Vilaxoán contou con dous lavadoiros: un pequeno para torcer e un grande para lavar, moi concorridos os primeiros días da semana e para os que, a pesar das súas grandes dimensións, había que sacar vez. Na desembocadura do regato, xa na praia, tamén se aproveitaba a auga para lavar caldeiras, caldeiros, etc. O lavadoiro, escasamente utilizado hoxe en día pola normalización das máquinas de lavar eléctricas, acolleu diferentes

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

xeracións de mulleres da vila nun ambiente de intercambio de información, sátira veciñal e cohesión a través do canto.

María berrou con Chito  
na carballeira de abaixo  
porque lle picou un toxo  
que levaba no refaixo  
dáme Marica un bico pequeno  
non cho dou Maruxiña  
téñoche medo  
dáme Maruxa por Dios  
un bico pequeno  
miña nai e maila túa  
que van xuntas á romería  
a túa viña borracha  
a miña xa non se tiña

### 4. UNHA SOCIEDADE QUE SE URBANIZA

#### 4.1. GAITEIROS E BANDAS DE MÚSICA

A pronta introdución de Vilaxoán na sociedade contemporánea fixo que, como noutras vilas mariñeiras, a gaita fose desprazada moi cedo do seu papel protagonista nas celebracións populares polas bandas de música. Este proceso de substitución será imparábel desde a segunda metade do século XIX e moi particularmente desde 1862, coa posta en funcionamento da estrada Vilagarcía-Pontevedra, que supuxo un fito no desenvolvemento das comunicacións viarias da comarca, e que facilitou a chegada de novas e foráneas formacións musicais ás festas das vilas da contorna.

Foi a finais do séc. XIX cando o gaiteiro deixou de ser o centro musical nos festexos locais de Vilaxoán. Conservamos certas informacións deste último gaiteiro chamado José “do Cura” e que en realidade era de Godos (Caldas de Reis). José acudía todos os anos ás festas da vila coa súa gaita acompañado de caixa e bombo. Ficaba durante eses días aloxado en casas de veciños en Faxilde. Era o protagonista indiscutíbel dos festexos, realizando as alboradas, animando os bailes e acompañando as procesións. Coñécese parte do seu repertorio, fundamentalmente muiñeiras, xotas e pasodobres, grazas ao seu neto, o tamén gaiteiro Manuel Jamardo, de 80 anos, que continúa en activo no seo da xa histórica formación Os Encantiños do Umia, moi vinculados con Vilagarcía e particularmente con Carril, onde acompañan desde 1948 a emblemática Danza de espadas.

Mais o protagonismo do gaiteiro entrará en declive coa aparición das bandas de música, que comezan a ter protagonismo crecente no último terzo do séc. XIX, cando pasan a ser as verdadeiras protagonistas dos bailes nas festas patronais de todas as vilas da contorna. Durante un período de tempo, os gaiteiros conviviron coas bandas, facendo pases intercalados dunha hora cada un, até que definitivamente as bandas, e desde os anos trinta tamén as orquestras, desprazaron definitivamente aos gaiteiros desta actividade. A partir dese momento o papel do gaiteiro ficará restrinxido

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

fundamentalmente ao acompañamento da procesión nas festas do Carme e o Rosario. Durante o século XX desfilaron por Vilaxoán os principais gaiteiros da comarca: o Pallamallada, Os Campaneiros de Vilagarcía, Os Encantiños do Umia, Os Airiños das Rías Baixas e xa máis recentemente os Terribles da Arousa. Dous son os temas vinculados coa vila que forman parte do repertorio de numerosos gaiteiros, a Foliada de Vilaxoán e o Vira pé.

Se non podemos falar dunha tradición gaiteiril contemporánea na vila non é de estrañar que careza de artesáns de instrumentos. Os vellos gaiteiros da comarca facíanse con instrumentos nos talleres de Manuel de Oubiña (Cambados), García de Riobóo (A Estrada) e aínda nos de Basilio Carril en Compostela e Constante Poceiro en Pontevedra. Haberá que esperar até os anos noventa para que Carlos Galván comece a desenvolver a súa actividade en Vilagarcía.

As bandas de música foron acaparando desde finais do XIX o protagonismo nas festas patronais, nas procesións de Semana Santa, Pascua ou Corpus. Entre as máis populares e significadas que visitaron a vila atopamos formacións militares como as dos rexementos de Luzón ou Zaragoza e populares como as de Rianxo, Rubiáns, Lantaño, Caldas, Padrón e, por suposto, Vilagarcía, surxida esta última no seo das Milicias Nacionais en 1865. Desta banda consérvanse algúns dos programas que interpretaban na altura de 1887, e que incluían xa os novos ritmos de moda que viñan a suplantar as populares xotas e muiñeiras. Atopamos neles pasodobres (¡Viva tu madre!), valeses (La oración de la tarde), mazurcas (Consuelo) e polcas. Todos estes xéneros pasarán progresivamente a formar parte tamén dos repertorios dos gaiteiros da comarca, que ademais incorporarán no seu acompañamento o bombo e a caixa, recollidos da influencia das bandas en substitución do clásico tambor.

En Vilaxoán non se chegou a conformar nunca unha banda de música, aínda que hai unha querenza particular entre a súa poboación por este tipo de formación. Era normal que se vivise con certa expectación quen era a banda contratada para as festas e en relación directa coa banda escollida determinábase o donativo co que contribuiría cada quen á comisión. Este gusto polas bandas de música provocou a construción dun pequeno palco de

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

música na praza do Campo, hoxe desaparecido. Durante todo o século, distintos músicos vilaxoaneses foron integrándose en bandas das poboacións veciñas ou mesmo nas bandas militares de Ferrol ou Marín mentres cumprían o servizo militar. Actualmente é de destacar que tanto o director da Banda de Vilanova de Arousa como da Banda de Vilagarcía -fillo e pai, respectivamente- pertencen a unha familia vilaxoanesa.

O que si se chegou a constituír foi unha banda de cornetas e tambores que tivo a súa orixe en 1965, cando Marcelo González, director da Banda de Música de Vilagarcía, crea o Grupo de Cornetas, Tambores e Gaitas de Vilagarcía, que actuará ás veces como sección da banda municipal. Un dos seus membros, Jacobo Prieto, foi chamado en 1975 para montar unha formación semellante en Vilaxoán. A Banda de Cornetas e Tambores de Vilaxoán durou pouco tempo, pero chegou a contar con sesenta nenos e corenta majorettes. Fixo actuacións pola comarca e tamén algunhas viaxes, como a que a levaría a presentarse en Madrid. Poucas formacións deste estilo agromaron en Galiza, sendo a máis coñecida a Banda de Granaderos de Ferrol.

### 4.2. A BAILAR CO ACORDEÓN!

#### 4.2.1. O acordeón de formas

O acordeón, instrumento patentado en 1829 en Viena por Cirilus Demyan, vive a mediados do séc. XIX un período de expansión por toda Europa. Manufacturado e feito en serie, supón a antítese dos instrumentos tradicionais autoproducidos, e convértese en pouco tempo en símbolo popular dos novos tempos e da nova sociedade que baixo o mito do progreso triunfaba en Europa. As principais fábricas situáronse no norte de Italia e en Alemaña e serán destes dous países os primeiros exemplares que se comece a introducir en Galiza, fundamentalmente por vía marítima.

No último cuarto do séc. XIX, coincidindo coa chegada do ferrocarril a Galiza, a penetración do acordeón, na súa versión diatónica, penetra e aséntase na Arousa e nos vales do Ulla e do Salnés. A estes primeiros

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

exemplares, chegados nalgúns casos de ultramar, súmanse os adquiridos directamente aos primeiros distribuidores galegos, os almacéns de Canuto Berea na Coruña e o de Urrutia Barañano de Compostela, tendas que contaban con numerosos clientes arousáns.

O acordeón diatónico arraiga con moitísima máis forza na franxa costeira pola influencia dos portos, moito máis en contacto coas novas correntes europeas e americanas a todos os niveis, tamén o musical. De feito, é aí onde hoxe ten unha maior pervivencia e onde indubidabelmente tivo unha maior difusión durante todo o século XX. Mais, a pesar do seu inapelábel éxito nos bailes populares, ou precisamente por iso, contou con fortes detractores que o descualificaban por pecaminoso e foráneo. A música que producía botaba “as mulleres aos brazos dos homes” dicían os sermóns dos curas da época. Non sorprende, pois, o rexeitamento da Igrexa a este instrumento, que aínda que adoptou os ritmos populares galegos, traía indisolubelmente incorporado un repertorio de bailes de “ventre contra ventre”, os agarrados.

Na Arousa temos referencias do uso do diatónico durante toda a primeira metade do séc. XX, tendo o seu momento álxido nas décadas dos 20 e 30, cando prolifera a apertura de salóns de baile populares por toda a comarca. Os acordeonistas tocaban sós na maioría dos casos. En contadas ocasións acompañábanse dalgún instrumento de percusión ou aínda dunha frauta. Carecían de calquera noción de teoría ou linguaxe musical e eran considerados como afeccionados ou tocadores de rutina.

O primeiro acordeonista que alcanzou sona por toda a comarca foi Eugenio Padín, “o cego de Padrenda” (Meaño). Rianxo, Cambados, O Grove, Poio ou Pontevedra conservan memoria do seu paso, no que ademais de tocar o acordeón tamén executaba a zanfona, o violín, a guitarra ou a gaita. Acompañado dunha muller, no inverno tiña que pasar cos seus instrumentos polos fiadeiros e bailes de toda a comarca, ademais de festas e romarías. No verán, o seu obxectivo eran os turistas adiñeirados que visitaban a comarca. Despois de visitala durante corenta anos, a súa figura ficou indisolubelmente ligada á illa da Toxa durante a temporada de baños. Profesional do seu oficio, Padín adaptou sempre o seu repertorio para colleitar os mellores

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

resultados económicos posíbeis. Para os bañistas tocaba muiñeiras e ribeiranas, pero tamén as melodías de moda, como o Chapirolí, Elas eran tres comadres ou No me mates, especialmente adicada esta última para entenrecer e arrancar unhas moedas ás señoritas. O cego de Padrenda pasaba por coñecer “a música de todos os países do mundo” e non faltaron no seu repertorio vales vieneses ou aires dos músicos rusos. Mais o tema que máis éxito económico lle propiciaba era a Marcha Real, especialmente adicada aos cabaleiros máis distinguidos e adineirados.

A súa sona veu a máis cando Castelao o inmortalizou en viñetas e nun óleo que penduraba nas paredes do Café Calixto. Nesta fonda cambadesa, co cego cantaba por petición o Xan Pirulé, nome co que era coñecido na zona.

Desquita o patacón  
desquita o patacón  
xa o "desquitín"  
ó cego de Padrenda  
ó cego de Padrenda  
non llo "din".  
Desquitade o patacón  
desquita o patacón  
xa está,  
ó cego de Padrenda,  
o cego de Padrenda  
non llo dá.

A estela aberta na comarca polo cego de Padrenda na interpretación do diatónico foi continuada por tocadores locais como Manuel Valiñas Oubiña (Sixto), irmán maior de José e Ramón, integrantes do lendario grupo de gaitas os Campaneiros de Vilagarcía. Moi popular foi Saturno de Catoira, polo que pasaron moitos acordeóns que logo vendeu a mozos da zona como Andrés Santalla Caneda, de Godos, pai do gaiteiro Farruco Santalla, dos Encantiños do Umia. Andrés tocaba acompañado de Pedro Lufo de Saiar. En Boiro destacou o Tiroliro, pai do fundador da popular orquestra Los Clippers, que herdará a alcuña do pai.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Ademais deste uso popular, o acordeón diatónico tamén foi do interese de Daniel Afonso Castelao. O rianxeiro, ademais de retratalo nas súas viñetas e óleos, instruíuse no seu manexo e mesmo chegou a autorretratarse tocándoo. En Vilaxoán, como en toda a comarca, chámanlle ao acordeón diatónico "acordeón de formas" (formas=botóns da camisa). Os máis habituais eran de fabricación alemá e italiana, aínda que tamén se coñeceron modelos americanos. O tipo máis popular era o de dúas filas na botoeira da man dereita, coñecido popularmente como acordeón de dous teclados. Entre os que máis destacaron estiveron Ramón Pinales de Vilaxoán, Joaquín "o Si-ho!" de Faxilde ou "o Barreiro" de Andrés.

Mais o nome que loce con luz propia na vila é o do "Manso". Salvador Cores, o vello, nacido en Faxilde sobre 1914, comezou a tocar a finais dos anos vinte, no período de maior apoxeo do instrumento en Galiza. O seu pai, Avelino Cores, tamén de Faxilde, é o iniciador da saga de acordeonistas dos Mansos, unha das principais de Galiza. O seu fillo Salvador, albanel de profesión e en activo como acordeonista desde fins dos vinte até os primeiros cincuenta fíxose indispensábel nos bailes e nas principais festas locais, nas que tocaba antes da comida. Pero será nos casamentos onde a súa presenza foi máis celebrada. O Manso esperaba a que rematase a cerimonia na igrexa para comezar a tocar na mesma porta do templo e conducir a ritmo de pasodobre a comitiva até o banquete, que logo amenizaría cos seus valeses, mazurcas e polcas.

Manso comezou a regularizar as súas visitas a Casa Poceiro de Pontevedra, local dos máis afamados construtores e afinadores galegos. Alí coincidía e rivalizaba na interpretación de novos temas cos primeiros grandes acordeonistas pontevedreses, como os propios Poceiros ou o vello Diosiño, pai do popular César Diosiño. Coñeceu modelos dunha, dúas, tres e finalmente catro carreiras de botóns na man dereita e, sempre tendo como fin ampliar as súas posibilidades musicais, abriuse ás novas tendencias, que pasaban por mudar de sistema e pasarse ao acordeón cromático. Así comeza nos anos corenta co novo instrumento co que actuará acompañado de batería e saxofón.



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Salvador tivo alugados diferentes bailes, entre eles, o local onde logo se asentou o famoso restaurante Chocolate. Outros estaban en poboacións máis distantes, como Corrubedo e Ribeira. En San Cibrán abriu un salón de baile que nos anos anteriores á Guerra xa funcionaba os domingos e o día do patrón. A súa muller cobraba na porta e el era o encargado de armar o baile co seu acordeón. O local foi requisado polo exército franquista para os gardas, que se estableceron permanentemente na zona. O predio hoxe xa non existe.

Ademais da iniciativa do Manso en Vilaxoán xa viñan funcionando outros concorridos bailes como o da Chata no Eirado, o das Faras na praza do Campo, en local hoxe desaparecido, o de Marica Galván no Tombo. Posteriormente abriría o Fortuna na estrada principal, a carón do pazo de Sobrán. Este foi o mais significado para a vila. Os bailes máis destacados eran os celebrados polo carnaval e fin de ano. Durante a Coresma, a presión da Igrexa impedía a realización de bailes públicos, así que ese tempo estableceuse para os acordeonistas como o período de levar os instrumentos a arranxar e poñer a punto, normalmente á casa Poceiro.

O acordeón foi o principal instrumento nestes salóns pero houbo outro, menos popular, que tamén adquiriu protagonismo, os órganos de barbarie. Estes autómatas podían ser portátiles ou montados sobre un carriño. Ademais de cegos ou ambulantes que puidese traer estes instrumentos pola comarca desde fins do XIX, como o propio cego de Padrenda (que durante un tempo tivo un), existiu un órgano de carriño en Trabanca-Badiña (Vilagarcía) que era levado polos fiadeiros e bailes da comarca. Tiña poucos rolos de pianola e eran fundamentalmente dos novos ritmos de moda: valeses, mazurcas, chotes...

### **4.2.2. O Manso e as orquestras de baile.**

Desde os anos vinte comeza a popularizarse en Pontevedra o acordeón cromático, coñecido popularmente como acordeón piano, grazas aos Poceiro, unha saga de construtores, afinadores e intérpretes que se constituíu como un foco principal de referencia para o instrumento en toda Galiza. A través

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

da Orquestra Poceiro, os irmáns Benito e Pepiño, fillos do iniciador da saga, popularizaron o novo instrumento que en breve atopará en César Diosiño un dos seus principais intérpretes á fronte da Orquestra Florida. A estes sumárianse outros como Xoanote, de San Lorenzo de Nogueira ou Alfonso Vilar, do Santiaguño do Burgo.

Na Arousa, o novo modelo das orquestras de baile caracterizadas polo acordeón piano e a jazz band (batería) asentárase desde os anos trinta, apagando a influencia do diatónico progresiva e rapidamente. O seu éxito pasaba por “facen música completa” e asimilar rapidamente as novidades musicais. Novidades que en moitos casos eran recibidas con desconfianza polos sectores máis conservadores, que vían no seu avance imparábel toda clase de perigos, como os que nos relata a crónica publicada en 25/06/1926 polo xornal local Galicia Nueva.

*«El Charlestón Baile peligroso.*

*El “Charleston” nuevo baile de origen negro que ha adquirido gran boga en los Estados Unidos, no se ha aclimatado todavía en Europa, pero empieza a insinuarse. En las academias de baile de Londres, París, y Berlín, algunos negrazos llegados en línea recta de tierras californianas inician a los neófitos en la nueva danza, que es más bien una epilepsia.*

*El “Charlestón” es una contorsión continua y una desarticulación incesante, y únicamente se explica su boga por la creciente afición a las novedades y a las excentricidades que ofrecen en el otro lado del Atlántico.*

*... Los galenos han prevenido a las mujeres de los peligros que encierra para la salud el “Charlestón”, exponiendo su creencia de que la práctica de dicho baile conduce muy a menudo a la mesa de operaciones y origina, por la tensión que impone a los musculos y órganos más esenciales, perturbaciones cardíacas y cerebrales de indudable gravedad.»*

Desde ese momento e até os anos sesenta viviuse a eclosión das orquestras de baile na zona. Ás pioneiras dos anos trinta, como a Ku Lys Kan ou a Sumatra, habitual da terraza do Hotel Casablanca, sumárianse cada vez máis formacións como Nuevo Ritmo, Cortegada, a máis popular e de maior prestixio da zona, Brisas de Plata, orquestra na que tocaron o vello Manso e

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

o seu fillo Avelino, Novedades Musicales, Jazz Band Piernas ou Orquesta Arosa.

Toda a comarca converteuse no berce de acordeonistas e de destacadísimas orquestras como A Krazzy Kray ou Caché en Cambados, Gran Parada en Rianxo ou Los Clippers en Boiro. Nos anos cincuenta, a sona de terra de bos acordeonistas facía que os mozos da zona destinados en Ferrol para cumprir o servizo militar recibisen numerosas ofertas por parte das orquestras locais. O repertorio destas primeiras orquestras de baile estaba totalmente condicionado pola cada vez máis masiva influencia da radio. Aprendían dela os éxitos latinoamericanos e os éxitos da copla española tamén popularizados polo cine. Aínda así, moitos destes acordeonistas, como o cambadés Ramón Piñeiro, desenvolveron un prolífico labor de composición e contan con todo tipo de xéneros, tamén galegos, rexistrados na SGAE.

Co repertorio popular galego as orquestras adoitaban elaborar popurrís cos que finalizar a súa actuación acompañados dos coros do público. Un popurrí que contou con diferentes versións, a máis popular realizada por Los Tamara, permanece vixente no imaxinario local.

Carril ten un areal  
que chega a Vilagarcía  
Donde vai o berberecho  
detrás da berberechiña  
E no medio, no medio da ría  
Ao compás compás dos cantares  
As mociñas que veñen de lonxe  
Axudarlle ao gaiteiro a tocare  
Como nos pasou a nós  
ha de vos pasar a vós  
Ai Sálvora, ai san Vicente  
Ai Sálvora, ai san Vicente  
Ai Sálvora, a boca da ría  
Vai entrar a escuadra en Vilagarcía

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

En Vilaxoán, Salvador introduciu os seus fillos na práctica do acordeón, aínda que xa na súa versión cromática, e deixou a práctica en activo ao iniciarse a década dos cincuenta. O maior dos irmáns, Avelino, tocou na orquestra Brisas de Plata nos cincuenta, pero pronto creou a súa propia formación, Manso y sus Muchachos, coa que tocou nos principais bailes de Vilagarcía. Avelino “Manso” manterase en activo desde os anos cincuenta até o ano 1970. Outra das fillas, Xixa (María de la Encarnación) tamén adquiriu un bo nivel co instrumento, aínda que non tivo oportunidade de desenvolverse profesionalmente. Si o puido facer o máis pequeno dos irmáns, Salvador Cores Robado “Manso”, nacido no 1937 en Sobradelo e criado en Vilaxoán. Salvador recibiu da man do seu pai o acordeón e parte do seu repertorio xusto antes da retirada profesional do vello.

Comezou a estudar música con 9 anos na academia musical de Vilagarcía piano e solfexo con Ana Ameijeiras. En canto puido, comezou a acompañar ao seu pai a tocar en vodas e con 12 anos xa formaba parte da orquestra do seu irmán Manso y sus Muchachos. Con 14 anos entrou na orquestra Pipers de Cambados, da que chegaría a ser director. Tocou despois noutras como Melodías ou Krazzy Kray. A súa actividade profesional, a venda de marisco, levouno a traballar no Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova de Arousa), deixando a súa vertente profesional na música. Pero Manso sempre se mantivo en activo con pequenos formatos. Durante 30 anos actuou en Casa Rosita e en hoteis como Asturiana ou Juan Carlos I, no Club Náutico de Sanxenxo e nos casinos de Vilagarcía e Pontevedra. A súa presenza foi habitual no parque Rosalía de Castro de Vilagarcía e nos bailes da contorna. Salvador coñeceu e tocou cos principais acordeonistas pontevedreses, como Diosiño, por quen sentía un profundo respecto profesional e unha fonda amizade. Cando se retirou da Casa Rosita formou o grupo Manso e Amigos, co que leva actuando nos últimos 11 anos. Ademais, dirixe o coro parroquial de Santo Estevo de Tremeoedo. Pero se por unha cousa é particularmente popular é por ser, xunto con Máximo Patiño, o principal artífice de Vilaxoán Canta, cuxa dirección asumiu en 2002. No 2006 Manso recibiu unha homenaxe popular e foi distinguido pola Deputación Provincial. En Cambados, vila en que vive desde os 14 anos, tamén recibiu unha homenaxe promovida pola comparsa Unha Grande Chea.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Manso presentouse en Vilaxoán coas súas orquestras de baile en innúmeras ocasión, mais foron as realizadas no novo local sociocultural da vila, O Fogar do Pescador, aberto en 1955, as máis celebradas polo idóneo do espazo. O Fogar dispón dun extraordinario salón de baile habilitado no edificio da Confraría, no que a nova Sociedade ofrecería servizos de arte, cultura, recreo e deporte e que habería de marcar a vida cultural da vila desde a súa apertura. Continuando coa tradición do Fortuna, os bailes máis concorridos no Fogar foron os de Carnaval e Fin de Ano.

No vasto repertorio que domina o Manso podemos atopar todos os xéneros de moda no último medio século. Non faltan cancións populares mariñeiras, bailes tradicionais galegos e composicións propias.

### 4.3. O ENTROIDO

#### 4.3.1. O enterro da sardiña

A orixe das populares comparsas de Entroido da ría de Arousa aséntase no traballo desenvolvido por algúns intelectuais da zona, como o rianxeiro Arcos Moldes, a finas do séc. XIX. As comparsas e coros creadas por Moldes na década de 1880 tiñan, ademais do fin lúdico, a intención de manter afastada das tabernas á xuventude mariñeira, a cal se pretendía envolver nun dinamismo cultural que contribuíse á dignificación da súa condición. Moldes, como el memo sinalou nun artigo publicado en El Barbero Municipal en agosto de 1910, seguía as liñas de renovación pedagóxica coas que entrara en contacto en Cataluña, onde ademais adquirira a súa formación artística e musical.

*“el tiempo que en la taberna se malgasta con menoscabo de la moral y del propio haber, pudiera aprovecharse mejor enriqueciendo la inteligencia en establecimientos de verdadera cultura”*

Da celebración do Entroido tradicional anterior ás comparsas fican agora poucos vestixios. As máscaras tradicionais eran os choqueiros, que, ataviados con prendas ruíns, mollaban ou lixaban con betume aos veciños, prácticas

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

que a sociedade á moderna que se estaba a impoñer na Arousa consideraba, ao igual que Moldes, “denigrantes espectáculos”. Hoxe, o protagonismo dos choqueiros está absolutamente desprazado polas celebracións vilegas. Tampouco se celebra o Enterro do Burro, que perviviu en Faxilde até 1969. Unha cuadrilla xuntábase o Martes de Entroido despois de xantar, reunía sete ou oito burros e armaba unha comitiva con oficiantes (cura e acólito) que contaba tamén con representación do exército e varias choronas. Ían a Vilagarcía e cantaban o testamento en lugares propicios. As letras dos testamentos facíanse en follas impresas e vendíanse ao público. Á noitiña volvían a Faxilde e facían unha merenda.

Atentos señores  
A este papel roto  
Que morreu a burra  
de Juan O Piloto  
E Juan O Piloto  
Choraba por ela  
Adiós miña burra,  
miña burra vella  
E quen a enterrou:  
foi o sacristán,  
co sachó no cu,  
coa vela na man

Os vellos rituais do Entroido galego, como os testamentos do burro, esmoreceron antes nas zonas portuarias e mellor comunicadas, como Vilagarcía, sendo xa a fins do séc. XIX suplantados por festexos de carácter plenamente urbano e vilego onde o Enterro da Sardiña pasará a ocupar o lugar central.

O tradición do Enterro da Sardiña crese orixinada entre as clases populares do Madrid de comezos do séc. XIX e foi popularizada pola burguesía levantina (Murcia) xa a mediados dese século. A fins de século adquirirá enorme popularidade nos ambientes urbanos das pequenas vilas mariñeiras galegas, chegando por iso a ser erroneamente considerada en distintos foros como unha forma propia de tradición atlántica e mariñeira.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

En Vilaxoán adquiriu un forte arraigo e pasou a converterse na principal celebración do Entroido. O martes ficou como o día grande para as comparsas, deixando o Enterro da Sardiña como colofón das festas para o Mércores de Cinza. A comitiva foi evoluíndo co paso dos anos, aínda que mantendo uns sinais claros de identidade. A uniformización das vestimentas, co predominio do branco, baixo unha idea proposta de antemán; a realización dun auto representativo ao que poderlle engadir todos os anos novas letras satíricas, utilizadas como arma popular para denunciar os excesos elitistas e autoritarios; e a organización de carrozas presididas por unha sardiña que habería de rematar deitada no mar.

Lo que pasa en Vilaxoán  
no pasa en parte ninguna  
se visten de capuchón  
a eso de *bicar* la luna  
mucho tiene que sufrir  
el hambre que estamos pasando  
pero como es Carnaval  
todos lo pasamos cantando  
no os asustéis con este capuchón  
que todo esto es para formar un follón.

Os diferentes óbitos das vilas veciñas compiten entre si por atraer a máis público e gozar de maior notoriedade. O de Vilaxoán nos últimos anos chegou a desprazarse até o centro de Vilagarcía para pasear unha sardiña xigante, que non podía pasar polas angostas rúas da vila e que os realizadores opúñanse a queimar unha vez rematada a festa, tradición que substituíu a botadura ao mar, para así poder reutilizala en futuras ocasións. Despois destes anos de grandilocuencia malograda, hai unha decidida tentativa por parte dos veciños para a recuperación do carácter máis popular da festa.

Entre as ladaíñas compostas nos últimos anos, recollemos a do ano 1992, obra de Máximo Patiño, con certeza o principal letrista da celebración no último cuarto de século.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

A nosa sardiña finou,  
con gran dor e tristura  
imoslle dar sepultura.  
Máis non tardará o día  
no que de novo xurda na nosa ría  
Agora dorme tranquila  
alá para San Xoán  
entón saltará de alegría  
e xa nos mollará no pan

### 4.3.2. As comparsas

O éxito da popularización das comparsas nas poboacións costeiras da Arousa débese a múltiples factores, entre os que se atopan a persistencia e bo facer dos precursores, como Arcos Moldes en Rianxo, ou o éxito da Tuna Compostelá, xurdida en 1876 a partir, precisamente, dunha comparsa de Entroido de estudantes en Compostela. A Tuna visita Vilagarcía en 1890 por iniciativa do Centro Recreativo de Vilagarcía, onde ofrece concertos no local da asociación e fai pasarrúas e serenatas. Imitándoa, mesmo na vestimenta, formáronse, en Carril primeiro e en Vilaxoán despois, formacións continuadoras do xénero nas que os instrumentos de corda pulsada, nomeadamente guitarras e laúdes, pasarán a ser os grandes protagonistas. Poucas son as referencias ás primeiras comparsas surxidas en Vilaxoán, das que apenas se conservan algúns versos como os dedicados ao último alcalde, Serafín Ameijeiras.

Don Serafín qué hizo aquí?  
una alameda y un jardín

...

Haberá que esperar até 1917 para poder constatar a constitución d'Os Trece, comparsa formada por Ramón Loureiro que mantería a súa actividade por un período de dous anos. A súa iniciativa foi continuada por formacións como Os Carniceiros, fundada en 1922 e composta por 30 mozos, que cantaban un repertorio de cuplés con textos satíricos. Os Apaches, formada en 1926, que



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

tivo moito éxito en Caldas de Reis, e Los Conquistadores de la Risa, principais organizadores do Entroido de 1927, serían algunhas das máis activas do período.

A partir de finais dos anos vinte, a organización de comparsas e rondallas sufrirá un importante impulso en Vilaxoán debido, por unha parte, á fin do período primorriveriano, no que estas celebracións estiveran censuradas, e, pola outra, á chegada á vila do ferrolán Horacio Antero Costa. Antero abre unha barbería na praza do Campo que se converterá nun importante centro de reunión local en que moitos mozos vilaxoaneses se familiarizarán non só coa aprendizaxe musical de guitarras e bandurras, mais tamén coa instrución básica de lectura e escritura, e aínda co teatro a través dos apropósitos que durante algúns anos preparaba e dirixía o propio Antero. Á súa forma, xogou un papel semellante ao de Arcos Moldes en Rianxo, interesándose por favorecer e elevar o nivel cultural de toda a vila. A el se lle dedicaron tamén unhas coplas, sempre preocupadas polos acontecementos locais relevantes.

En Villajuan hay un maestro barbero  
que hace poco que ha llegado a esta ciudad

...

Ao seu carón comezan a despuntar algúns veciños como Luís Costa, Celso Callón ou Ramiro del Río, “Cañotas”, que ensaiaban cos seus instrumentos no taller de carpintaría de Sátiro Callón, no lugar do Freixo. Estes e outros participan na construción de carrozas e na composición de cancións e letras, sempre críticas, que logo cantarían polas rúas de Vilaxoán ou Vilagarcía como as de 1931.

No hay ni un muelle de atraque  
ni un refugio para el marino,  
porque no quieren que las haya,  
unos cuantos tiranos de nuestra nación,  
ellos son los culpables,  
de que hayan parados en nuestra región  
la nobleza trajo la crisis nacional,  
la culpa la tiene el Gobierno actual,

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

por consentirles la emigración,  
y el dinero de España,  
se lo llevaron a otra nación

A canción da comparsa Los Compatriotas, na que denunciaban a represión sufrida polos rebeldes asturianos, provocou a detención dos seus membros no mercado de Vilagarcía nese mesmo ano.

Un autor destacado que comezou a súa carreira artística vinculado ás comparsas de Entroido anteriores á Guerra Civil en Vilaxoán foi Juan Bóveda, que, xunto cos membros da súa familia, o seu pai ou os seus irmáns Luís e Antonio, formaron unha comparsa no lugar do Castelete, que podería estar vinculada coa creación do Himno de Vilaxoán.

A base musical escollida para interpretar as coplas de Entroido admite practicamente calquera tipo de xénero musical, desde cancións tradicionais galegas até cuplés, pasando por habaneiras ou tangos, buscando sempre melodías alegres e apegadizas entre os éxitos máis populares do momento. Cando os medios de comunicación de masas non estaban popularizados, os textos aludían case exclusivamente a temas de dentro (asuntos locais) acontecidos no último ano, mais coa incorporación da prensa, e sobre todo da radio e a televisión, os temas de fóra (autonómicos, estatais ou internacionais) gañan protagonismo.

A fins dos anos corenta reactivábase a actividade das comparsas, entre a que destacará a dos Turulecos. Algunhas das cancións desta comparsa perviven no repertorio da actual Os Trancheiros. As letras eran elaboradas por Daniel Robado e as músicas por Salvador “Manso”, que acompañaba co seu acordeón á comparsa. Outra destacadísima comparsa creada nesta altura foi a do barrio do Casal. Nas súas coplas de temática amorosa de 1949, xa nada fica da tradicional sátira das cancións do xénero, xa que a censura franquista obrigaba a identificar os autores e ter que presentar previamente as letras para a súa supervisión e aceptación. O principal letrista da comparsa do Casal foi Cañeiras.

Por quien mi pecho delira

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

oye el cantar que inspira  
yu imagen niña hechicera  
yo no sé si placentera.  
Mi canto habrás de escuchar  
con esta humilde canción  
yo me voy a declarar  
entre miles producciones  
que no tienen ni los reyes  
Tengo un sinfín de claveles  
tulipanes y gardenias,  
lirios, armenios y rosas  
jazmines y azuzenas  
la flor de loto y magnolias  
También tengo para ti  
un cariño verdadero  
que te voy a demostrar  
cuando me digas te quiero  
Con ansias locas espero  
ese tan ansiado si  
y me digas muy quedito  
todo mi amor para ti

Quizais o tema máis popular da comparsa do Casal foi Tierra de Galicia, que chegou a popularizarse non só en Vilaxoán, mais tamén en Vilagarcía, Carril e outras localidades da zona. A pesar de ser popularizada por unha comparsa vilaxoanesa, cremos que se trata dunha composición orixinal do mestre Chapí, de Rianxo, o que non fai máis que pór de manifesto máis unha vez os fortes vínculos existentes entre as dúas vilas mariñeiras, manifestados nas mutuas visitas dos membros das súas comparsas durante as xornadas do Entroido.

Tierra de Galicia  
La mejor de Europa  
que con viento en popa  
sabe progresar

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

el vello Parnacho<sup>37</sup>  
de Galicia hermosa  
tan grande y frondosa  
tan grande y frondosa  
que no la hay igual  
Linda mujercita  
divina mujer  
la mujer gallega  
es linda al nacer  
Que en su alma lleva  
el don del amor  
y si ama a un hombre  
es con gran fervor

A práctica de publicar as coplas, iniciada xa a fins do XIX, permítenos recuperar unha folla de 1956 da comparsa do Casal, presentada ese ano baixo o nome de Los Pamperitos. Nela recóllense os textos dun valse e un pasodobre-

Pasodoble  
Aquí nos venimos  
todos de uniforme  
Aquí nos venimos  
por estos rincones  
y si ustedes vieran  
por eso señores  
miren las muchachas  
gastan pantalones  
Una niña que no tiene  
distracción ni capital  
ha estrenado en este invierno  
tres vestidos y un gabán  
¡Oh!;Oh!;Oh! lo mismo que yo  
lo mismo que yo  
debe usted cantar ¡Oh!;Oh!;Oh!

---

<sup>37</sup> Refírese ao Monte Parnaso

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

para aguardiente barata  
hay que ir a cantarena  
en la taberna de esquina  
allí nace como arena  
¡Oh!¡Oh!¡Oh! lo mismo que yo  
lo mismo que yo  
debe usted cantar ¡Oh!¡Oh!¡Oh!

A comparsa do Casal continúa sendo o principal referente para as novas comparsas que actualmente manteñen viva a tradición en Vilaxoán, A Marajota e media e Os Trancheiros, que recollen no seu repertorio cancións do repertorio da vella formación. Moitas das súas cancións, aínda que sexa fragmentariamente, son recordadas por numerosos veciños da vila e forman parte indubidabelmente do repertorio máis xenuíno da vila.

Despois da Guerra Civil será outra barbería a que pase a ocupar o lugar central da reunión musical na vila. La Embajada, que era como se coñecía popularmente, estaba rexentada por Ramiro Piñeiro del Río, “Cañotas”, que xa participara na súa xuventude nos proxectos musicais de Horacio Antero aos que agora el, con voz propia, daba continuidade. La Embajada será un foco artístico que nucleará moitas das iniciativas musicais do momento na vila, como as comparsas, aínda que o grupo máis estábel forme, baixo a dirección de Cañotas, non unha comparsa, senón unha rondalla, a primeira de Vilaxoán. Con ela, Cañotas participará en distintos festivais organizados na comarca pola emisora local de radio. Xa fóra do marco das comparsas de Entroido, outras rondallas seguiron á de Cañotas, como a que se reunía no Café Central e da que formaban parte vellos aprendices de Antero. A última tentativa de rondalla estábel foi a levada a cabo por Moncho, “O Comunista”. A rondalla infantil do Fogar do Pescador, creada no 1980, participou durante os anos oitenta no Concurso Popular de Panxoliñas, así como noutras celebracións locais.

Salvo a existencia efémera dunha comparsa feminina organizada a fins dos anos cincuenta, o protagonismo no Entroido pasará a ser acaparado polas peñas Xuaneira e, sobre todo, Sulfato, a máis popular xa nos anos sesenta. Integradas exclusivamente por homes, estas peñas non se destacan polo seu

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

carácter musical; de feito, podemos consideralas basicamente como clubs de amigos para ir de troula e organizar comidas, onde, iso si, as cancións tiñan un lugar predominante.

Xa está, xa está, a raia quente  
para comer o presidente  
Xa está, xa está a raia quente  
para comer o presidente  
Raia comín, raia comín  
hasta que estoupín  
pararapampím  
Raia comín, raia comín,  
hasta que estoupín  
pararampampam

Familiares e vellos membros da Peña Sulfato organizarán nos anos oitenta unha nova peña, O Alboio, pero desde 1982 e até 1994 a actividade das comparsas vivirá un ocase que rematará coa fundación de Marajota e media por Luís “O Monaghillo”, principal impulsor da formación e realizador das coplas. Dúas soen ser as composicións novas criadas pola comparsa ao ano, unha dedicada aos temas de dentro e outro aos de fóra, realizadas normalmente en galego. A do tema de dentro do 2009 ironiza sobre as capacidades do veciñanza para ser gobernadores.

Vilaxoán ten personaxes que merecen distinción  
Xente que está preparada pra goberna-la nación  
Hainos que son ilustrados, outros andan aboiados  
Si os puxeran a tono podrían ser diputados  
Chimpún chámase Tonecho cando vai coa alborada  
E ten cuidado con el non che mande unha pedrada  
.... a medida ou faiche de fogueteiro  
Anduvo de enterrador e tamén foi panadeiro

Marajota e media, que conta na actualidade cuns cincuenta membros entre nenos e maiores, viviu no seu interior o afloramento de dúas distintas sensibilidades, o que levou a parar a súa actividade en 1999. Ao ano seguinte

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

retorna con normalidade, pero cun novo rival escindido do seu seo: a comparsa Os Trancheiros, que conta cuns trinta membros.

Os trancheiros por aquí,  
as trancheiras por alá,  
somos os del jijiji  
somos os do jajaja

Estas comparsas, ao igual que o fixeran moitas das súas predecesoras, manteñen uns fortes vínculos de relación con outras de Carril e Rianxo, e ademais de recibir reforzos destas poboacións veciñas, todos os anos acoden a elas para festexar coas súas cantigas satíricas a maxia da festa. Por exemplo, non é infrecuente que membros da rondalla do Gato Negro de Carril toquen coas comparsas de Vilaxoán, ou que a familia vilaxoanesa dos Pinales acudan a tocar coa rondalla do Gato Negro.

Ademais do Enterro da Sardiña e as comparsas, son moi destacados e contan con grande tradición os bailes de Entroido. Tamén importados dos ambientes capitalinos, foron collendo cada vez máis protagonismo na vila até converterse no seo do Fogar do Pescador nun verdadeiro acontecemento local.

### 4.4. A MÚSICA CORAL

#### 4.4.1. Coral Máximo Patiño

A orixe dos coros non eclesiásticos nin teatrais eclosiona no París de 1833 da man de Guillaume-Louis Bocquillon, "Wilhelm" (1781-1842), considerado como o creador dos primeiros coros populares, os orfeóns. O fenómeno orfeonístico difundíuse notabelmente entre as clases traballadoras por toda a Europa industrial, adquirindo en Cataluña unha extraordinaria relevancia que contribuíría á súa rápida popularización en toda a Península. O éxito e calidade adquiridos polo xénero, a pesar da súa orixe obreira, motivou que nas sociedades pequenoburguesas de comerciantes e artesáns tamén comezasen a proliferar as fundacións de orfeóns, que viviron a fins do séc.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

XIX e comezos do XX a súa época de maior esplendor no Estado. Vilagarcía incorpórase ao orfeonismo pouco despois da chegada do fenómeno a Galiza. Será en 1881, cando o mestre José Paz presente o Orfeón da cidade perante o público. A primeira fundación galega fora Ecos de Galicia de La Habana, promovida polos emigrantes nove anos antes na Habana.

Continuando a estela do orfeonismo aparece en 1924 a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, constituíndose desde a súa fundación como o principal referente para o novo movemento galego coral contemporáneo. Poucas, e principalmente restrinxidas ás principais cidades, foran as fundacións deste estilo antes de que a Coral Polifónica de Vilaxoán fixese a súa presentación.

As orixes da agrupación polifónica vilaxoanesa remóntanse a novembro de 1962, cando, baixo a dirección de Máximo Patiño, se inician os ensaios dun grupo composto por vintetrés persoas en dependencias do Café Central. A coral presentouse ao público como Agrupación Coral Villajuanesa o primeiro de maio de 1963 na Fábrica Atlántica, con quince membros: sete mulleres e sete homes. En 1964 pasa a denominarse Coral Polifónica de Vilaxoán e vive un momento de forte impulso, gaña voces con prontitude e chega a sobrepasar os corenta compoñentes. A creación da primeira formación musical de prestixio na vila foi motivo de moito orgullo entre a poboación local.

Os cantores populares sométense a partir deste momento a unha disciplina de ensaios regulares baixo a dirección de Máximo Patiño, quen se manterá no posto durante corenta anos. Aínda que nos primeiros anos da súa actividade a coral si se presentou a algún concurso, pronto abandonaría esta práctica, preferindo non ter condicionantes externos ao seu propio ritmo e camiño. Con posterioridade, e unha vez formada a Federación Coral Galega (FECOGA) tamén refusaron incorporarse e participar do traballo e cooperación federativa. Un dos principais motivos aducido é o da especificidade do seu repertorio, considerado por eles como único e que terían que pór a disposición do FECOGA para a súa incorporación.



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

O repertorio da coral contén obras de polifonía profana e relixiosa, canto gregoriano, folclore universal e, particularmente, música académica e popular galega. Dentro desta última destaca en repertorios mariñeiros, temas populares como Ai, Sálvora! Ai, San Vicente!, A Rula, Lévame ou Arosa, emblemáticos na comarca, que a coral interpreta en versións adaptadas por Máximo Patiño.

Unha obra exclusiva do catálogo da formación, ademais das compostas polo director como Canta ti, pobo de Vilaxoán, é Ruxen as ondas, de Segundo Barcala. A coral estreará a obra do compositor de Vilagarcía nun programa televisivo.

Ruxen as ondas, hai temporal  
Os mariñeiros están no barco  
cos seus barquiños van a pescar  
pra os filliños alimentar  
Virxe do Carme, mira por eles  
polos barquiños e as súas redes  
Virxe do Carme, da túa man  
trainos ao porto de Vilaxuan

Unha composición que se sente como propia e que foi gravada pola coral é a Habanera Arosa, obra do autor de Vilagarcía Manuel Rey Posse.

Boga, boga marinero  
boga, boga sin cesar  
que a lo lejos se divisa  
un refugio ideal  
Aquel faro que ilumina  
mi cruel oscuridad  
son los ojos de mi amada  
que espera ya  
¡Arosa! Playa deliciosa  
¡Arosa! Oh, lado ideal  
Arosa, en tu orilla reposa  
la mujer más hermosa

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

la más caprichosa  
sirena del mar

O tema é tan popular que entre a poboación da comarca pululan diferentes versión do texto, que nalgúns casos chega a verse ampliado cun final a ritmo de cumbia.

Eu me vou en bote,  
en bote de vela  
quero embarrancarme  
na area da praia de Compostela  
non me importan as tormentas  
nin que se enfureza o mar  
solo ansío locamente  
o poder alí chegar

Nos seus corenta e oito anos de labor ininterrompida, a coral actuou por toda a xeografía galega e distintas cidades peninsulares, concentrando a súa actividade escénica no verán. Ademais, participa activamente na vida de Vilaxoán, participando nas súas principais celebracións. O número de concertos que leva realizado aproxímase xa aos mil.

Como dinamizadora da vida cultural de Vilaxoán, a coral celebra cada cinco anos unha semana cultural, a última en 2007. Desde os últimos sete anos organiza tamén un concerto no Día do Pai, no que convida outras corais a cantar na vila. As dúas iniciativas con maior transcendencia que emanaron de Máximo Patiño e que sempre contaron cun apoio incondicional da coral foron o Concurso Popular de Vilancicos e Vilaxoán Canta. Máximo Patiño deixou a dirección en 2001. Desde entón sucedeuno no cargo a moza carrilexa Marisa Rodríguez Veloso. En homenaxe á vida de dedicación brindada polo seu director fundador á agrupación, a coral decide modificar o seu nome chamándose actualmente Coral Polifónica Máximo Patiño de Vilaxoán.

### 4.4.2. Coro Parroquial

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Os coros relixiosos contan en Vilagarcía co antecedente dos cánticos das monxas filipenses ou os do coro de padres do Sagrado Corazón. Tras o triunfo do xeneral Franco, o espírito nacionalcatólico terá unha forte promoción nos primeiros anos da ditadura en Vilagarcía. Organismos como a Sección Femenina ou Acción Católica promoven a creación de coros infantís centrados nos repertorios relixiosos, infantís e folclóricos.

En Vilaxoán, a primeira fundación virá da man de Acción Católica e será dirixida por Ana Ameijeiras. Pola súa parte, antes de fundar a Coral Polifónica, Máximo Patiño crea a fins dos cincuenta o Coro San Martín, integrado por oito membros e consagrado á interpretación de repertorios sacros. Xa nos setenta, unha nova iniciativa baixo o nome de Coro de la Familia será levada adiante polo párroco Antonio Busto. Durou apenas dous anos. Ningunha destas formacións utilizou con normalidade a lingua galega, que só se verá incorporada a estes repertorios despois da fundación do Coro Parroquial de Vilaxoán, en 1978. A directora desde a súa fundación é Mari Carme Muñiz.

Surxido da catequese, o coro tivo o seu apoxeo nos primeiros anos da súa traxectoria, éxito condicionado en certa medida pola falta doutras opcións de ocio artístico para os rapaces. A súa actividade permitiría o cultivo de toda unha canteira de voces, moitas das cales acabarían pasando logo á Coral Polifónica. Nos últimos anos, perante as dificultades para a continuidade, renovou a súa actividade coa reincorporación de antigos membros, deixando de ser un coro infantil. Durante a súa traxectoria contou coa colaboración de moitos músicos locais, como Manolé “O Bolero” ou José Teófilo Piñeiro.

O coro ensaia desde a súa fundación no salón parroquial e traballa gratuitamente para a parroquia e diversas institucións cristiás de beneficencia, como Cáritas. Tamén participou na gravación de discos colectivos que contaron con edicións modestas sen pretensión comercial. Na actualidade é convidado a participar en eventos de diferente signo, nos que se presenta como Coro Vilaxoán.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

O seu repertorio foise conformando a partir dos temas suxeridos polo párroco local ou outros cregos. As panxoliñas son as únicas que son seleccionadas directamente pola directora e os membros. En conxunto, non presenta particularidades dentro dos do seu xénero, salvo as traducións ao galego ou a adaptación dos textos ao imaxinario local, como fixeron cunha cantiga dedicada ao Rosario.

A la Virgen del Rosario  
Devoción especial dos mariñeiros en Vilaxoán

Reina augusta del Santo Rosario  
Que un trono glorioso  
Pusiste en Sobrán  
“Hoy, tus hijos te rinden honores,  
te cantan primores,  
te ofrecen su afán”  
Virgen Santa que todo lo sabes  
Que todo lo puedes, que todo lo ves,  
“La parroquia suplica favores,  
te obsequia con flores  
postrada a tus pies”

### 4.4.3. Vilaxoán Canta

Co nome de Vilaxoán Canta preséntase desde 1980 unha iniciativa singular que se celebra exclusivamente nas festa do Carme, o luns, sobre as 20:00h antes de dar comezo a verbena. Como acto performántico, é único na súa especie en Galiza. Un espectáculo singular promovido orixinalmente polo fundador-director da Coral Máximo Patiño, onde centos de persoas da vila xúntase na praza para cantar acompañados do acordeón de Salvador Cores Manso”. Un acto de reafirmación da comunidade arredor do canto, no que se cuñou Sómoche de Vilaxoán, unha cantiga moi popular que exerce de himno popular oficioso da vila.

Sómoche de Vilaxoán

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

da terra das revenidas  
onde se canta moi ben  
e se bañan as mantidas  
Tres cousas ten Vilaxoán  
que non as ten calquera  
a coral e o San Martín  
e o campión Pantera  
Esta é Vilaxoán de Arousa  
na mesma orela do mar  
ten marisco boas mozas  
e moito xeito a cantar  
Orgullosos e contentos  
con coraxe e moito afán  
cantamos a todos ventos  
viva sempre Vilaxoán

O fondo de repertorio de Vilaxoán Canta supera os cen títulos, nos que se recollen obras de autores locais, cantos tabernarios populares ou cancións das comparsas, mais tamén repertorios sen particular arraigo na vila, como seleccións de zarzuelas ou éxitos da música pop, como Chiquitita, de Abba, en versión de Mocedades. Entre os xéneros máis característicos destacan o valse e a habaneira, que aportan obras moi popularizadas na vila como Mi madre fue una mulata.

Mi madre fue una mulata  
y mi padre un general  
y yo teniente de una fragata  
que va y que viene por ultramar  
Cada vez que estoy rodeada de mar  
cojo la guitarra y me pongo a tocar  
Pregunto a mis penas ¿dónde estás, Vilaxoán?  
tus bellos recursos, tus guapas mujeres y tu bien cantar  
Mil veces busqué la suerte sobre las olas del mar  
mil veces quise la muerte y no la pude encontrar  
No llores, mi vida, no llores, mi amor  
mira que tus penas me causan dolor

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Si lloras la ausencia del bien que te amó  
llora, vida mía, llora, vida mía  
también lloro yo

Vilaxoán Canta reúne desta forma os principais riscos de identidade musical local: canto coral, acompañamento do acordeón, destacado protagonismo das habaneiras e os valeses, maioritaria presenza do castelán nas letras das cancións e acusada debilidade dos repertorios singulares locais.

O evento só se celebra unha vez ao ano, sendo escasísimas as ocasións que se ten celebrado fóra da súa data. Destacan entre estas a súa presenza no programa da TVG Luar, no que se homenaxeou ao boxeador local Pantera Rodríguez, presentador do programa.

### 4.5. AS NOVAS MÚSICAS URBANAS (E PORTUARIAS)

A fulgurante evolución de Vilagarcía a fins do séc. XIX, fundamentada na súa pronta asimilación da revolución das comunicacións (estrada, ferrocarril e peiraos), está ligada á súa consideración como cidade balneario e de veraneo para a burguesía compostelá e madrileña. A cidade creceu rapidamente, ofrecendo o contraste de luxosas casas de colonias situadas ao carón de humildes tabernas e casas mariñeiras. As clases sociais altas e baixas vivían na mesma rúa. O gusto burgués destes visitantes reforzou así o influxo das modas capitalinas nas manifestacións populares locais.

Estes temas de moda tamén chegaban ao salóns das casas de veraneo construídas en Vilaxoán e a súa contorna, como a casa da marquesa de Terranova, en Vilaboa. A madrileña María Isabel López y Ximénez de Embún recibía nas primeiras décadas de século a moitos visitantes nos seus salóns e xardíns, onde compartían tardes amenizadas musicalmente por jotas, sevillanas, barcarolas ou melodías galegas como Un adiós a Mariquiña (Chané). Entre os chegados de Compostela estaba Armando Cotarelo Valledor, presidente do Seminario de Estudos Galegos e estudoso da literatura popular, que acudiu durante anos á súa casa de veraneo construída ao pé da estrada, a escasos metros do pazo de Sobrán.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Nas primeiras décadas de século, os centros de recreo e lecer proliferan en Vilagarcía, e ás sociedades como o Recreo Casino, o Círculo Artístico ou o Club de Regatas súmanse os teatros Salón Varietés e Salón Villagarcía que acollen cine, zarzuela, teatro e ópera. Outros locais, como o Café Universal, Hotel Casa Blanca, American Bar, Hotel Mezquita ou o Café Inglés, acolleron actuacións musicais, estando particularmente abertos ás novidades musicais do momento.

Os espectáculos de variedades son entón os verdadeiras protagonistas dos principais sucesos populares. Incluían atraccións como homes exóticos (chineses), focas, humoristas, proxeccións cinematográficas e tamén números musicais de canzonetistas, fundamentalmente cupletistas. O cuplé será un xénero que rapidamente se popularice entre as clases máis populares, penetrando moi cedo nos repertorios das poboacións veciñas como Vilaxoán.

Tiene la viudita la cara gorda  
dicen que fue a consultar allá a Catoira  
Y el médico le ha dicho con interés  
no haga usted más caso  
de ese diablo de portuxés

Allá en la playa de abastos  
mirando por un embudo  
había dos chicas guapas  
jugaban al treinta y uno  
y al pasar por allí  
que dinero no tenía  
me tuve que conformar  
con lo que ella me decía  
juega, juega  
echa tu punto morena  
que yo estoy fuera  
que yo estoy fuera

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Polos escenarios dos locais de Vilagarcía desfilaron artistas como a canzonetista Aygel, que se presentou facendo alarde de riqueza en alfaias, traxes e decorado no Salón Villagarcía en 1915. Aygel, acompañada polo Sr. Hachthur, incluía o tango entre os seus números de baile; a súa actuación en Vilagarcía está entre as primeiras presentacións do xénero en Galiza. Durante os anos vinte, artistas como Cocote, as Hermanas Villa, La Bella Mora ou Pilar Galán normalizaron entre a poboación os cuplés picarescos nas súas habituais actuacións en locais como o Café Inglés, o Mezquita ou o Salón Varietés. As adaptacións que facían os veciños de Vilaxoán dos cuplés á súa realidade facía que fosen utilizados como arma arreboladiza nas súas disputas, pasando a ter o valor que en antano tiveran as cantigas ao desafío.

Te das más tono que una marquesa  
cuando tu casa la barre el aire  
Eres más fea que un perro preso  
a presumida no hay quien te iguale  
Eres paloma trasnochadora  
tú trabajar no trabajas  
y te das vida de gran señora  
yo no sé dónde te salen tantos brillantes  
que estás luciendo  
toda mi vida estoy trabajando  
apenas gano para ir comiendo

Para 1924, no porto de Vilagarcía había máis movementos de barcos estranxeiros (Inglaterra e Alemaña) que españois. Exportábase madeira, salgadura de peixe e outros produtos alimenticios cara ao Reino Unido, Chile, Arxentina, Cuba, Italia e Francia, e importábanse minerais, materiais de construción e alimentos desde Exipto, Reino Unido, EUA e Holanda. Esta época terá o seu reflexo no florecemento dunha intensa vida social na que non faltaron veladas estivais das sociedades recreativas, paseos dominicais pola alameda e concertos da banda de música. O cosmopolitismo que fluía polas súas rúas debíase en grande parte á nutrida presenza de soldados da armada inglesa, que normalizara os seus atraques na Arosa bay xa desde fins do XIX.



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Nesta altura, as músicas populares de Vilaxoán viven unha forte influencia das novidades musicais que arriban a Vilagarcía. Normalízase a creación e adopción de novas cancións á moderna. Esta tendencia triunfaría definitivamente desde que, a fins dos anos vinte, os receptores de radio comezaron a estenderse en Vilagarcía. Na prensa local anunciábase a programación musical das emisoras de Unión Radio, radicadas sobre todo en Madrid, Bilbao e Barcelona, indicando a lonxitude de onda, horarios e programa musical. Os novos ritmos que se difunden alterarán en pouco tempo a música popular local.

Nesa altura, un mozo vilaxoanés do Castelete chamado Juan Bóveda Meléndez iniciábase na composición de letras e músicas da man do seu pai e os seus irmáns nas comparsas de Entroido. Fillo de mariñeiro e educado no interior dunha taberna, pronto destacou como un dos principais autores populares locais. Aínda que é recordada a súa afección ao tango, o tema máis popular que se lle atribúe é un valse froito dun desengano amoroso.

A luz divina, ai divina luz  
tres gaivotiñas voaban  
encima do con da cruz  
non che quero por bonita  
que xa sei ca non a es  
quéroche por feiteiceira  
e pola lei que me tes  
ti es moi agarimosa  
moi bulideira ti es  
que ben feita es ti toda  
vaia tipo tes, muller  
moi malas son as mulleres  
moi malas son cando elas queren  
din que aquí dáselle un xeito  
a eso de cantar ben  
e nos tomámolo a peito  
estamos xa dando fe  
xoga o mar ca area  
no pobo de Vilaxoán

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

e nese xogo a serea  
ponse con nós a cantar  
en Vilaxoán  
que humor ten  
a nosa xente  
somos así  
hasta morrer  
cantamos sempre

Juan Bóveda emigrará a Uruguai en 1952, onde desenvolvería unha prolífica e exitosa carreira como compositor de xéneros populares. Obras del, como Homenaje a la cumparsita, foron interpretadas por multitude de agrupacións uruguayas e arxentinas e compiladas posteriormente no LP Éxitos de Juan Bóveda. O máis sorprendente de Bóveda é a extensión do seu catálogo de composicións, máis de dous mil títulos rexistrados na sociedade de autores, que o elevan á condición de autor máis prolífico do Uruguai.

O primeiro conxunto estábel de canción popular de Vilaxoán foi La Embajada. A rondalla comezara a articularse no ano corenta sen ter maior pretensión que a de reunirse arredor da música do mestre Ramiro del Río, "Cañotas", na súa pequena barbería sita en Alfredo Saralegui. Moitas persoas pasaron por ela, como Constantino Soto, Francisco Iglesias (Paquito), Domingo Rodríguez (Cho), Francisco Soto, Teodomiro Cardalda, Juan Alcalde, Tomás Mariño, Ramón Serantes, Luís e Xerardo Ordás, Manuel e Rafael Piñeiro, Xosé Costa, Arturo del Río, Manuel Lolínche, Joaquín Bouzas, J. Luís Jueguen (Panderetas), Máximo Patiño, Alberto del Valle, Santiago Patiño, Francisco Domínguez (Farruco), Higinio Oliveira, e Pío del Pino.

Ao igual que o mestre Chapí, de Rianxo, que tamén era barbeiro, Cañotas abríase a todo tipo de xéneros aprendidos da radio, da que era una grande afeccionado. Los Bocheros, Los Xey, Los Chimberos e posteriormente os tríos Calaveras, Guadalajara ou Los Tres de Castilla serán algunhas das influencias que máis prenderon entre Cañotas e os seus, aínda que nunca abandonaron os xéneros con maior arraigo local, como os valeses.

Hijo, no te vayas, no te vayas

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

No te vayas a la mar  
hijo, no te vayas navegar  
que yo te espero, muero por ti  
hijo, no te vayas, no te vayas a la mar  
Hijo, vuelve pronto  
Vuelve pronto a tu hogar  
Hijo, vuelve pronto que te espera tu mamá  
Que yo te quiero, muero por ti

Na barbería tivo de aprendiz ao mozo carrilexo Ramón Calvo, quen, ademais do oficio de barbeiro, adquiriu de Cañotas unha sólida bagaxe musical. Ramón, ademais de agrandar o repertorio local con algunhas composicións propias, integrou posteriormente distintas agrupacións locais, como o Trío Brisas, a Orquesta Arosa ou a Coral Alento Xove de Carril.

Deixei a miña terra  
Funme pra outro país  
Nunca eu eso fixera  
Xa que non fun feliz  
No intre estou pensando  
De volver ao pobo meu  
O xuro polos meus mortos  
Pola nai que me pareu  
Que non volverei máis a irme  
De onde ela naceu  
Xa vou a chegar  
Xa estou entrando na ría  
Desde aquí atrás  
xa se ve Vilagarcía  
Eu sinto que ao fin  
Se me calman os temores  
E que estou eiquí  
no Carril dos meus amores  
Eu son nacido en Carril  
Aldea do meu querer  
Por moi lonxe del que estea

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

non o poderei esquecer  
Quero volver a Carril  
Agora que vou morrer  
Miña terra, miñas praias  
meus amigos, meu querer  
dáme a manciña, vente conmigo  
quero mollarme na beira do río  
dáme a manciña pra chegar  
quero estar ledo en Galiza meu lar  
fermosos campos verdes  
longas praias sen fin  
rúas donde xogaba  
lembranzas son pa min  
Galicia empeza agora  
con xusticia a revivir  
o xuro polos meus mortos  
pola nai que me pareu  
que non volverei máis a irme  
de onde ela naceu  
dáme a manciña, vente conmigo  
quero mollarme na beira do río  
dáme a manciña pra chegar  
quero estar ledo en Galiza, meu lar

Cañotas, que normalmente actuaba con La Embajada facendo serenatas, conseguiría un simbólico fito local ao subirse ao palco preferido por todos nos anos cincuenta, o do Teatro Cine Cervantes de Vilagarcía. O Cervantes era o mellor teatro de toda a Arousa e nel actuaron, entre outros, o Trío Calaveras, Antonio Machín, José Guardiola ou Salomé.

Esas e outras actuacións que Cañotas realizaba polas mellores salas da zona, como o Teatro Cine Boiro, formaban parte dos festivais benéficos e promocionais das emisoras de radio locais. Nestes festivais, Cañotas compartiu escenario cos principais artistas locais do momento. Entre eles atopamos o humorista Xan das Canicas, o performer de Marín Manuel Galván (John Balan) ou o rapsoda Enrique Blanco (Enrique Brumbéck). A estes nomes

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

súmense toda unha serie de solistas e conxuntos musicais, como a Tuna Rondalla Villagarciana, o pianista Alfonso Galván, o tenor Manuel Padín, o Trío Brisas de Arosa de canción latinoamericana, o dúo de harmónicas cromáticas Royal, Manuel Casalderrey co seu guitarmonio (guitarra e harmónica) e os conxuntos de pop Los Ibéricos, Los Luniks e Los Relámpagos. Nos repertorios das cantantes solistas como Encarnita Bouzas, María Anselma Salgueiro e Maite Fiúza predomina a canción latinoamericana, fragmentos zarzuelísticos e copla española.

Da radio e dos festivais tamén tomará parte outro vilaxoanés, o mozo José Luís Bóveda, sobriño de Juan Bóveda. José Luís apaixónase pola música latinoamericana que escoita na radio desde a infancia, ficando particularmente impresionado por Carlos Gardel. Na súa adolescencia forma Los Soberanos, a súa primeira formación musical, cos carrilexos Fernando de Carril e Miguel de la Torre, que realizan aparicións nas emisións de Radio Pontevedra.

Y los soberanos vendrán de serenata  
a traer las canciones para ti

...

José Antonio, que comezou a súa carreira como locutor na emisora de Radio Arosa, emigrou con vinteún anos a Madrid, onde se presenta co nome artístico de César Gardel no programa de TVE Alta tensión, en 1970. O seu natural magnetismo no escenario levaríao pronto a facerse popular nos ambientes madrileños. Ingresna na compañía de Emilio El Moro, e dous anos despois lánzase en solitario como tanguista.

César Gardel edita dous LP nos anos setenta, sendo as súas versións de Carlos Gardel Silencio e A media luz as máis radiadas. Actúa en teatros e salas de festas de distintos puntos do Estado e en cidades francesas e italianas. En Torreveja chega a constituírse un club de fans. Pero César Gardel tamén chegaría a distintos países de América Latina para presentar os seus tangos. Nas súas estancias era requirido por programas de televisión, como en Venezuela, onde participou durante dous meses no programa La feria de la alegría, de Radio Caracas Televisión. No Brasil actuou durante catro meses

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

na cadea TV Tupí, no programa de Flávio Cavalcanti, onde compartiu programa coa fadista Amália Rodrigues.

Unha vez retirado dos escenarios, José Luís retornou á súa outra grande paixón, a radio. Foi subdirector de Radio Salamanca antes de retirarse en Madrid, onde finou en 2008 con 66 anos.

O tango tivo na comarca da Arousa un foco principal de recepción en Galiza. Tanguistas locais como os Bóvedas ou Joaquín do Cabo, en Vilaxoán, ou os Irmáns Cerqueiras, en Carril, foron algúns dos máis destacados intérpretes na zona desde o momento do seu maior esplendor, nos anos trinta e corenta.

A aparición en Vilaxoán do grupo Os Conexeiros, en 1980, viviuse como algo particular, xa que viña a cubrir o baleiro de grupos estábeis de canción popular desde a desaparición de La Embajada, nos anos sesenta. Composto por dez membros e creado orixinalmente para participar no Concurso de Panxoliñas, Os Conexeiros desenvolveu súa actividade durante a década dos oitenta, cando colleitou recoñecemento en distintos puntos de Galiza. A súa estética estaba influída polo éxito do grupo Mocedades, moi populares nese momento. O seu repertorio era amplísimo e conformábase de versións de distintos xéneros, como a canción latinoamericana ou os éxitos de Fuxan os Ventos.

A mediados dos noventa empezaron as xuntanzas dunha nova agrupación, que rendía unha homenaxe ao mestre Cañotas no seu nome, A Nova Embaixada, baixo a dirección de Manuel “Lolinche”, un antigo discípulo do mestre barbeiro. No seu seo debutará Olalla Bouzas, filla do director, que despois do seu paso pola Nova Embaixada foi seleccionada polo popular pianista e produtor musical Teo Cardalda (Golpes Bajos, Cómplices), tamén de orixe vilaxoanés, para a realización dunha edición discográfica.

Pola súa parte, a asimilación da canción pop-rock comezou xa nos anos sesenta con grupos de Vilagarcía como Los Ibéricos e sería continuada desde fins dos sesenta por formacións como Los Duendes, Klixet, Pirámide, Korosidansas, 29 Espías, 7-24, Los Punktos Suspensivos ou Bocadillo de Luna, antes de chegar aos actuais Cornelius. Músicos de Vilaxoán participaron

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

dalgunhas destas bandas desde finais dos sesenta, como Los Strike (antes Los Calvos), na que tocou precisamente Lolinche, ou 5ª Reacción, fundado no ano 1970. Bandas posteriores vilaxoanesas foran Itupas, Poblemas, Samba ou os actuais Lusco e Fusco. Pero máis que polas súas bandas, Vilaxoán destacará con luz propia no xénero pola organización do Festival Revenidas, unha das citas principais do circuíto galego. Revenidas naceu dunha comisión de festas do Carme hai sete anos e, desde entón, programa a súa actividade os venres e sábados das festas. O festival integra música (rock-folk...), palabra, actividades infantís e sardiñada, e conta coa participación de milleiros de asistentes. Nos dous últimos anos un modesto festival chamado Vilaxoán Rock veu ampliar a escasa oferta de programacións do xénero na vila.

### 4.6. FOLCLORE, FOLCLORISMO E FOLCLORISTAS.

O camiño iniciado por Marcial Valladares na compilación da literatura popular da Arousa será continuado no século XX por destacados investigadores, entre os que atopamos a Armando Cotarelo Valledor, Ramón Cabanillas, Fermín Bouza-Brey, Dorothé Schubarth ou Carlos Rei, que publicaron as súas recollas en traballos xenéricos ou en monografías como Cántigas populares da Arousa, obra en que Bouza-Brey identifica o lugar de moitas das súas recollas e que nos permite ampliar o cancionero específico de Vilaxoán.

Meu amor está en Palmeira  
meu esprito en St. Euxía  
meu coraxón en Carreira  
meu todo en Vilagarcía

Cambados, vello Cambados  
os mozos téñenche medo  
van a tí co peito ledo  
e volven enamorados

Garganta, miña garganta,

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

miña garganta de neve,  
non vou a parte ningunha  
garganta, que non te leve

Heiche querere,  
heiche adorare  
anque non teña, mi vida,  
pan que che dare,  
pan que che dare  
para comere  
heiche adorare, mi vida,  
heiche querere

Pol-o mar abaixo vai  
unha sardiña a nadar  
quen a poidera coller  
quen a poidera pillar  
quen a poidera pillar  
quen a poidera coller  
Pol-o mar abaixo vai  
unha sardiña a correr

Os de Vilagarcía  
mataron un burro  
os de Carril comérono crudo  
e os de Vilaxohán puxeron a bandeira  
para que lle deran a tripa cagueira

En Vilagarcía  
no Salón Varietés  
hay moita pantalla  
e non teñen retretes  
Resínate tú...

As mudanzas sociais do séc. XIX levaran a tomar consciencia en Galiza da riqueza e fragilidade do cancionero popular. As iniciativas para a súa



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

compilación, ordenamento e difusión alimentaran a creación, en 1883, da Sociedade del Folklore Gallego. Fundada na Coruña e presidida por Emilia Pardo Bazán, a Sociedade comezou non só o labor de compilación, mais tamén o de difusión do seu ideario, expresado nos discursos da súa presidenta.

*«Todas cuantas personas se hallan congregadas en este recinto han oído quejarse, ó se han quejado alguna vez, de que desaparecen las antiguas costumbres, de que los pueblos pierden su fisionomía, su carácter, su tipo propio, igualándose bajo la mano niveladora de la civilización, que borra todo lo tradicional. -Pues bien, el Folk-lore quiere recoger esas tradiciones que se pierden, esas costumbres que se olvidan y esos vestigios de remotas edades que corren peligro de desaparecer para siempre. Quiere recogerlos, no con el fin de poner otra vez en uso lo que cayó en desuso, que sería empresa insensata y superior casi a las fuerzas humanas, sino con el de archivarlos, evitar su total desaparición, conservar su memoria y formar con ellos, por decirlo así, un museo universal, donde puedan estudiar los doctos la historia completa del pasado<sup>38</sup>.»*

Será tamén neste mesmo momento cando o farmacéutico e gaiteiro Perfecto Feijoo, coa idea de manter viva a música popular galega, organice na súa botica de Pontevedra unha tertulia de intelectuais para formar un coro que recollese de viva voz as vellas cancións populares e as dese a coñecer nos ámbitos urbanos sen arranxos alteradores. Isto rematará dando forma á aparición de Aires d'a Terra, o primeiro coro galego. As súas actuacións comezarían a desenvolverse a principios do séc. XX. Nelas compúñanse escenas e cadros vivos evocadores de festas e romarías populares; os coristas, seguindo o estilo orfeonístico, cantaban temas recollidos polo propio Feijoo nas aldeas galegas, acompañados polos instrumentos populares e ataviados con traxes populares xa en desuso no ámbito urbano galego.

A iniciativa foi acollida con entusiasmo no ambiente cultural da Galiza do momento, acabando por socializarse en poucos anos. Coros de corte feixoniano comezaron a emerxer en distintas localidades galegas. Toxos e

---

<sup>38</sup> Pardo Bazán, Emilia: "El Folk-lore gallego en 1884-85". Fragmento dun discurso de Emilia Pardo Bazán, 1 de febreiro de 1884, Madrid, 1886.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Froles en Ferrol (1914), La Artística de Vigo (1915), Cántigas e Aturuxos en Lugo (1915) ou Cántigas da Terra na Coruña (1916), figuran entre os primeiros continuadores.

Vilagarcía non chegará a ter unha fundación propia, pero foron varios os veciños do municipio que participarán da xestación do coro compostelán Cantigas e Agarimos (1921). Entre eles estaba o que iría ser o seu director-fundador Bernardo del Río. Del Río, seguindo a tendencia dos directores do momento, como Mauricio Farto, compuxo sobre motivos populares, contribuíndo á fixación duns xéneros-estándar de cantiga folclórica propios dos coros galegos. Entre as primeiras composicións que realiza atópase a Foliada de Vilaxoán, unha das máis exitosas do seu extenso catálogo, que incluíría posteriormente títulos na mesma liña como Foliada de Carril, Cantiga de arada, A Virxe de Guadalupe, Pandeiretada dos vellos, Pandeiretada de Muxía ou Pandeiretada de Ribadumia.

En 1921, técnicos de Odeón desprázanse até A Coruña para gravar o coro máis popular do momento, Cántigas da Terra. Entre o selecto repertorio escollido para ser rexistrado, Cántigas incluíu a Foliada de Vilaxoán, convertida desde entón nun dos temas clásicos das formacións do estilo. Cantigas e Agarimos, Toxos e Froles, Os Cruceiros e outros realizaron despois distintas versións fonográficas. As letras destas novas composicións podían ser coplas populares seleccionadas polo director ou novas composicións seguindo os modelos tradicionais. No caso da Foliada de Vilaxoán son orixinalmente obra de Manuel Rey, aínda que, debido á súa popularización posterior, coñécense múltiples variacións e reelaboracións.

Miña dorna mariñeira  
moi ben capea-lo vento  
fas como unha boa moza  
ai! que anda con dous a un tempo  
Alá van as dornas do xeito  
pesca-las sardiñas a oito  
e van cara á banda do mar  
porque en Rianxo algo van a pescar  
Pasei a ría de Arousa

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

nunha lanchiña de vela  
non vin cousa máis bonita  
ai! nin penso volver a vela  
    Indo para Vilanova  
    parei en Vilaxoán  
tomei unhas revenidas  
ai! moi ben mollaban o pan  
    Vilaxoán ten a sona  
de ter as mellores xoubas  
    son da praia de Canelas  
ai! como elas non hai outras!

Manuel Rey Posse, fundador das Irmandades da Fala na zona, ademais de cantigas moi destacadas no repertorio vilaxoanés contemporáneo como a Foliada ou o Vira pé, escribiu a propósito e foi o libretista da zarzuela A lenda de Montelongo, con música de Bernardo del Río. A representación desta zarzuela, estreada orixinalmente en Vilagarcía, foi das escasas obras teatrais montadas polo coro Cantigas e Agarimos durante a ditadura de Primo de Rivera. Camilo Díaz Baliño, colaborador da agrupación desde os inicios, sería o encargado da realización dos decorados que ilustraban unha fiada e un ambiente mariñeiro.

Outro grande tema musical do xénero será a Muiñeira de Vilagarcía, coñecida popularmente como Lévame. A súa autoría está atribuída en texto e música a Manuel Rey, malia que a súa extraordinaria popularización móstranos o tema con moitas variantes nos seus textos.

Lévame, lévame  
lévame á beira do mar  
que eu ben sei dun abrigueiro  
onde me hei de ir abrigar  
Lévame, lévame, lévame  
lévame, á beira do mar  
lévame, meu queridiño  
que eu tamén quero bailar.  
Eu quero bailar, eu quero bailar

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

quero bailar en Vilagarcía  
que quero bailar, eu quero bailar  
que quero bailar na beira da ría  
Acórdate mariñeiro  
acórdate do teu lar  
cando a lúa serea  
che pretenda enamorar  
Sómosche de Vilaxoán  
non o podemos negar  
na cara xa nos conocen  
polos airiños do mar

Lévame foi adaptado no repertorio de todo tipo de formacións de música popular da comarca como o Grupo da Sección Femenina, Os Campaneiros de Vilagarcía ou a Banda Municipal en versión do seu director Jerónimo Gargallo.

Tras o triunfo do bando nacional na Guerra Civil, o movemento dos coros galegos será incautado polo Estado. Moitos desaparecen e outros son asimilados por novas organizacións como a Sección Femenina e os Grupos de Educación y Descanso da Obra Sindical. Pilar Primo de Rivera, fundadora da Sección Femenina, a través do Departamento de Música y Canto da organización, crea Coros y Danzas de España en 1940, con fins como a educación do gusto e a moral das mulleres españolas para que, entre outras cousas, desterrasen das súas casas “los horribles cuplés de moda”. Só un ano despois xa tiña organizados douscentos oitenta e catro coros, entre os que tamén se encontraba o de Vilagarcía, liderado por Juanita Vilas. A este sumáranse en anos posteriores outros na comarca, como o Grupo de Coros y Danzas de Caldas de Reis ou a Sección Femenina de Rianxo.

A participación ou colaboración con estes coros foi a única saída que en moitos casos tiveron persoas que verdadeiramente querían dedicarse a cultivar a música tradicional en Vilagarcía, como o grupo de gaitas Airiños das Rías Baixas ou Manuel Rey. De Vilaxoán participaron varias persoas, como Máximo Patiño ou María Dolores Montenegro, a actual presidenta da coral.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Ao pouco da fundación do grupo da Sección Femenina en Vilagarcía, este decide encargarlle a Rey unha obra orixinal para concorrer a un concurso dos organizados polo organismo en Vigo. Rey acepta o encargo e compón o Vira pé, coa que o grupo vilagarcían obtería o primeiro premio. Nos anos posteriores estenderíase polo repertorio de gaiteros de toda Galiza. Na súa letra, menos popularizada, Rey refírese ás mulleres de Vilaxoán, co que mantiña un estreito vínculo por traballar durante un tempo na conserveira Hermanos Pita.

O vira pé, mociñas a bailar  
ó compás do vira pé  
traendo sardiñas do mar  
a bailar, a bailar  
rapaciñas de Vilaxoán  
Ó traer peixe fresco do mar  
a muller por bonita que sea  
ha de bailar descalciña na area  
a muller, por bonita que é  
ha de bailar na puntiña do pé

Posteriormente contaría con moitas versións e adaptacións como a realizada para a Banda de Música municipal por Jerónimo Gargallo. Inspirándose nesta obra fixo Ramón González Alegre unha obra teatral, Auto do Virapé, situando a acción en Vilaxoán e publicada por Edicións A.B. de Vigo en Teatro galego (1968).

Coa desaparición da Sección Femenina a fins dos anos setenta, que acompañou a desaparición do organigrama franquista, emerxe a opinión de moitos mozos que entendían que o folclore estaba sendo desvirtuado en favor dun espectáculo ximnástico, escenográfico e competitivo. Estas persoas deciden apoiar ou crear grupos etnográficos que buscaban rescatar e recuperar para a Galiza a autenticidade das súas expresións máis tradicionais. En Vilagarcía xorde nesta liña Talanqueira, en 1977, onde coincidirán, entre outros, Carlos Rei, Cándido Meijide, Anxo Doval ou Loli Bravo, boa parte deles de Vilaxoán e responsábeis á súa vez da creación en

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

1978 do Grupo de Música e Danza Tradicional Revenidas e Mariñeiros de Vilaxoán.

Revenidas nace cunha escola de baile tradicional de oitenta compoñentes e protagoniza numerosas actuacións na comarca. No ano 1984 houbo un punto de inflexión importante no grupo, buscando romper coas inercias do pasado da Sección Femenina e profundar máis na nova liña do folclorismo, máis interesada na “recolla directa de pobo en pobo de cantigas, danzas, traxes, costumes, músicas e instrumentos para, logo da súa análise e posterior montaxe, facer unha mostra fiel dela”.

Nos noventa organiza dúas edicións da Mostra de Folclore Tradicional, un pequeno fito cultural local cos obxectivos de achegarse ao coñecemento da comarca no terreo da Etnografía, a Antropoloxía, a Historia, etc. As súas actuacións e premios en concursos e certames folclóricos leváronos a visitar distintos eventos europeos e realizar unha edición discográfica. Desde comezos do novo século, a súa actividade escénica sumiu. Seguindo a súa estela, fúndase no veciño lugar de Sobradelo en 1986 o grupo Nós. Nos últimos anos, Nós adquiriu protagonismo pola súa actividade, que inclúe escolas de instrumentos, canto e danza tradicional e a organización do Serán de Sobradelo, integrado no circuío destes eventos emerxido na última década.

### 4.7. MÚSICA E DEPORTE

#### 4.7.1. Fútbol

A afección polo fútbol en Vilaxoán é, ao igual que en Vilagarcía, moi temperá. O primeiro campo de xogo da zona situouse na extrema dos dous concellos e sempre foi tema de controversia entre os veciños das dúas localidades.

A primeira grande figura deportiva de Vilaxoán foi un xogador de fútbol. Martín Santos Ferrón (1899-1964) chegou a xogar co Alfonso XIII antes de emigrar a Cuba, onde xogou no Deportivo Habana e foi internacional. Ao seu

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

regreso foi adestrador do Castilla (Madrid). Cando visitaba Vilaxoán realizaba festas recordadas polas cancións cubanas que alí se escoitaban, acompañadas das primeiras maracas que se viron pola zona.

O primeiro equipo que se organiza en Vilaxoán é o Fortuna, fundado en 1931, e que xogará até 1945. Con algúns dos seus elementos enriquecese un novo club formado a fins dos 40, o Club San Martín, que continúa en activo. O San Martín comezou a xogar a partir de 1952 na liga das Rías Baixas co Céltiga, o Catoira, o Amanecida, o Vilalonga, o Umia e o Vilagarcía. Para as viaxes, durante a primeira época ían en autobús ou barco (a Ribeira e a Illa) tanto a equipa como os seareiros. No autobús, cheo sempre, non se paraba de cantar. Cando no regreso xa se aproximaba a Vilaxoán, era habitual que se comezase a cantar un valse moi popular na localidade

En Villajuan voy entrando  
y me va cubriendo un velo  
quiero entrar no me dejan  
quiero salir y no puedo  
dime a dónde vas, morena,  
dime a dónde vas, salada,  
dime a dónde vas, morena,  
a las tres de la mañana

O San Martín era o entretemento do pobo as fins de semana; aló onde fosen desprazábase moita xente para animalos, todo un cerimonial cultural, deportivo e gastronómico en que o cantar era un medio para a exaltación da fraternidade e a cohesión social. Durante os partidos cantábase todo tipo de cantigas, algunhas delas para encirrar ao árbitro ou simplemente para alegrar o ambiente.

Sempre me andas preguntando  
de que romería veño  
Bótame a man por debaixo  
mira que pexeghos teño

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Nos seus distintos momentos, diversas cantigas fóronse acomodando como himnos oficiosos do club. O himno máis "oficial" fíxoo Máximo Patiño e conta con versión en galego e en castelán elaboradas polo propio autor.

### 4.7.2. Boxeo

No séc. XVIII renaceu o vello puxilato, en especial en Londres, aparecendo entón o termo boxeo. Como disciplina deportiva foi regulamentada en Inglaterra en 1860, sen ter eliminado prexuízos físicos aos boxeadores e aínda a morte nalgúns casos.

En Vilagarcía, ao igual que outros deportes de orixe británica como o fútbol, tivo un desenvolvemento precoz debido á influencia dos mariños ingleses. Entre os boxeadores locais destaca o vilaxoanés Felipe Rodríguez, Pantera, fillo á súa vez de boxeador. Pantera é a principal gloria deportiva de Vilaxoán; o seu palmarés continúa sendo o mellor acadado por un boxeador galego e nel contabilízanse, entre outros, a conquista de campionatos de España e o subcampionato de Europa.

Na cantiga Sómosche de Vilaxoán, popularizada masivamente na vila a través de Vilaxoán Canta, réndese homenaxe aos principais signos de identidade da vila, entre as que destaca, ademais da coral e o Club de Fútbol San Martín, o boxeador Pantera. Ou, o que vén sendo o mesmo, a exaltación das dúas principais formas de cohesión da vila: a canción e o deporte.

Tres cousas ten Vilaxoán  
que non as ten calquera  
a coral, o San Martín  
e o campión Pantera

Este tema foi interpretado por Vilaxoán Canta na súa presentación no programa de variedades da TVG Luar, onde Pantera, despois de retirarse como profesional, exerceu de presentador televisivo.



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

O boxeo foi tamén moi popular na rexión rioplatense, onde recalaran moitos galegos emigrados, como o pai do célebre boxeador uruguaio Dogomar. Afeccionado aos tangos, Dogomar ilustra un período de forte relación entre tango e boxeo que se manifesta en composicións como a realizada na súa homenaxe polo vilaxoanés Juan Bóveda Meléndez.

Dogomar, campeón del pueblo  
es tu historia la de todos  
la de aquellos muchachitos que soñaron en triunfos  
los que ríen, los que lloran  
es tu historia, Dogomar  
Dogomar  
Ya sale Dogomar  
y la gente se enloquece  
con su estampa de varón  
Dogomar, ya empieza Dogomar  
una finta, un golpe seco  
y un directo al corazón  
No hay rival que aguante al oriental  
y sus brazos como flechas  
van buscando decisión  
Dogomar, arriba Dogomar,  
en mi voz está tu pueblo  
que te aclama, Dogomar

### 4.7.3. Regatas

O remo como deporte desenvolveuse na Inglaterra do séc. XVII. Foi deporte señorial reservado aos cabaleiros e estendeuse por Europa e o mundo. A comezos do séc. XIX fúndanse os primeiros clubs en Inglaterra e a mediados de século xa había clubs formados no Estado español e en Portugal. As regatas que adquiren protagonismo no séc. XIX son as disputadas nas capitais de provincia, particularmente Santander, Bilbao e San Sebastián, todas no Cantábrico. Á marxe da súa espectacularidade, un motivo do seu éxito son as apostas.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Na Vilagarcía de fins do XIX comeza a normalizarse a realización de regatas dentro das festas estivais galegas, seguindo o modelo importado da costa cantábrica e moi particularmente do País Vasco. As máis populares serán as celebradas nas festas do San Roque, aínda que tamén houbo outras como as que se celebraron en Carril no San Fidel e nas que tamén remarían mulleres.

Os mozos de Vilaxoán  
Son mellor que os de Palmeira  
Collen os remos nas mans  
Fan voar ás traíneiras

De todas as embarcacións que participaran nas regatas no seu período máis brillante destaca con nome propio O Carmelo de Vilaxoán. Non era a única doa vila, aínda que si a máis importante. O Carmelo era unha lancha xeiteira e fora construída nos estaleiros de Places. Na competición participaba desde os anos vinte na categoría de lanchas até doce remos, considerada como a proba raíña da especialidade.

As pugnas mantidas coa Manuela, a lancha de Rianxo, convertéronse no principal atractivo da competición e tamén das apostas. Estes desafíos foron inmortalizados por fotógrafos, xornalistas ou cronistas como Castelao, que recolleu a copla con que os de Rianxo animaban aos seus remeiros, aínda hoxe recordada en ambas localidades da ría.

Ala Manueliña  
dálle un pouco máis  
que os de Vilaxoán  
xa non poden máis

Os de Vilaxoán festexaban as súas vitorias cantando durante toda a noite. As celebracións tiñan lugar na vila despois do regreso das regatas.

Avante, Carmelo de Villagarcía  
que ha ganado las regatas  
la lancha Carmelo en Villagarcía

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

y para el año que viene  
bien te puedes preparar  
lancha de las cuatro rías  
pero el Carmelo siempre ganará

A comezos dos anos cincuenta, O Carmelo deixou de participar nas regatas. Desde esa época até hoxe, o remo experimentou un desenvolvemento acelerado. O Club de Remo Vilaxoán nace en 1982 e pasa a ser en pouco tempo, xunto ao San Martín, a entidade deportiva mais destacada do momento. Gañou en diferentes categorías as bandeiras dos principais campionatos galegos e españois. En 2009 foi o encargado de organizar a LXII edición do Campionato de España.

**BLOQUE 3: CONCLUSIÓN E PROPOSTAS**

### 1. CONCLUSIÓNS DE DIAGNÓSTICO (DAFO)

A situación actual de Vilaxoán é delicada, sobre todo por contraste con épocas anteriores. Nas últimas décadas a vila perdeu poboación e actividade económica, o que desembocou nunha sensación xeral de decaemento vital, de desarraigo e de subordinación periférica. A súa identidade foise debilitando.

Na consolidación deste cadro depresivo confluíron unha amalgama de factores económicos, sociais, culturais, políticos e urbanísticos.

Entre os económicos atopamos: a diminución do emprego e da base productiva motivadas polo cambio da pesca á acuicultura, polo esgotamento dos caladoiros de sardiñas, pola mecanización das fábricas, pola crise do transporte marítimo de cabotaxe, pola emigración dos nativos, pola reconversión naval dos anos 80', polas limitacións á pesca imposta por tratados internacionais, pola caída do pequeno comercio en favor das grandes superficies, polo descenso da hostalería ante a perda de poboación, polo impacto do narcotráfico sobre o tecido productivo, pola actual crise de vendas do mexillón, pola infradotación turística (aloxamentos, praias, servicios), pola falta dunha auténtica promoción gastronómica das viandas locais.

Entre os sociais: a fragmentación social resultante da expulsión de dúas xeracións do pobo (emigración e parálise na edificación), das desavinzas veciñais e partidistas, das carencias formativas da poboación, dos efectos retardados do tráfico e consumo de drogas.

Entre os culturais: o desarraigo e a gradual disolución dos sinais de identidade do pobo polo abandono dos oficios tradicionais (e demais cambios na estrutura económica), pola influencia das migracións na aculturación (p.e. mudanzas nos repertorios musicais tradicionais), pola centralización cultural en Vilagarcía e o seu tradicional desapego ao legado mariñeiro, pola expansión dos medios de comunicación de masas, pola escasa bagaxe en Galicia na recuperación e posta en valor do patrimonio.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Entre os políticos: perda de influencia política derivada do seu menor peso social e económico, da falta de investimentos municipais, da falta de políticas públicas centradas nas necesidades de Vilaxoán, e en definitiva das tendencias centralistas do Concello de Vilagarcía.

Entre os urbanísticos: illamento espacial progresivo debido ás restriccións á edificación no PXOM dos anos 80', ao fracaso nas políticas de rehabilitación, ao incremento do tránsito na estrada Vilagarcía - Cambados, ao retardo na conexión co paseo marítimo, á intensificación industrial da punta de Ferrazo, e cunhas obras de recheo do peirao que alteran a morfoloxía do burgo mariñeiro.

A interacción de todos estes factores xerou un círculo vicioso onde uns elementos alimentaban aos outros nunha deriva suicida. Para inverter o proceso e camiñar cara unha espiral expansiva, de revitalización da vila, é preciso mobilizar todas as enerxías e potencialidades do pobo, apoiado pola inxección de axudas externas, e baixo o paraugas dun proxecto tecnicamente solvente e socialmente compartido. O histórico cambio de enfoque do Concello de Vilagarcía cara unha maior descentralización e valoración das singularidades culturais, a crecente unión e activismo dos axentes económicos e sociais de Vilaxoán, e a disposición dunha equipa técnica que asesora e ordena as prioridades son todos eles bos síntomas para o inicio dun cambio de ciclo. A materia prima coa que se conta non é outra que a herdanza secular dunha vila cunha fonda e marcada identidade mariñeira. A pesar dos reveses pasados aínda están vivos elementos desa cultura que son a mellor garantía de futuro. Por exemplo as súas músicas, a súa gastronomía, a súa historia fabril, os oficios mariñeiros, a súa arquitectura nobre e popular, o seu emprazamento natural e os seus lazos afectivos con outras vilas mariñeiras da Ría de Arousa.

Como resumo analítico dos principais elementos de diagnóstico recollidos neste informe elaboramos un documento DAFO (Debilidades, Ameazas,

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

Fortalezas e Oportunidades<sup>39)</sup> que foi contrastado coas entidades participantes no Grupo 3 (Vilaxoán) do proxecto Urbana AROUSA 21.

## DEBILIDADES

### IDENTIDADES

- O sentimento de pertenza a Vilaxoán (o vello municipio) está en declive nas parroquias e lugares próximos á vila. As identidades locais atópanse en fase de reconfiguración.
- As divisións e desavinzas veciñais, sobre todo por cuestións partidarias, veñen de moi atrás e aínda son significativas.
- Aínda sendo reivindicativo, o pobo de Vilaxoán non se mobiliza de forma organizada para a defensa dos seus intereses.
- A Ria de Arousa foi ate os anos 60' do s. XX unha unidade sociocultural, agora en proceso de disolución polo auxe das comunicacións terrestres.
- Existe en Vilaxoán unha sensación de subordinación periférica, de decadencia e desarraigo froito dunha combinatoria de procesos urbanísticos, políticos, económicos, sociais e culturais.
- A extensión entre o pobo de Vilaxoán dunha actitude victimista fronte ao Concello de Vilagarcía pode xerar desánimo e pasividade.
- Vilaxoán perdeu boa parte da poboación, comercio e hostalería de hai unhas décadas.

### RECURSOS CULTURAIS E RELACIÓNS SOCIAIS

- Fóra das entidades asociativas hai poucas persoas que dinamicen a vida sociocultural de Vilaxoán.
- As actividades que organizan as entidades culturais de Vilaxoán non sempre teñen capacidade de convocatoria, impacto na vida local e vínculo coas raíces culturais da vila.
- Hai preocupación pola desmotivación e a tonía dunha parte da mocidade de Vilaxoán. Resulta difícil implicalos nas actividades sociais e culturais da vila.
- As desavinzas veciñais e as carencias formativas da poboación tamén incidiron no declive socioeconómico de Vilaxoán. En anos recentes houbo varios momentos de tensión e diferencias internas, entre as que destacan o recheo do peirao e o peche do Fogar do Pescador. Resulta sintomática a duplicación de entidades similares: dúas comparsas, dúas AAVV, dúas asociacións de mexilloeiros, dúas corais...
- A Confraría "Virxe do Rosario", a diferenza das do Grove e Vilanova, non organiza actividades de turismo mariñeiro. O risco de accidentes e as potenciais multas para os armadores fan que esa posibilidade estea aínda en fase de estudo.
- O Fogar do Pescador foi o centro social da vila. Bótase en falta un espazo de encontro similar ao servizo da cohesión social. Os problemas de xestión que padeceu o Fogar do Pescador condicionan o seu reflotamento actual. Calquera alternativa deba pasar por unha implicación das administracións públicas na súa xestión e por unha serie de obras de reforma e acondicionamento (instalación eléctrica, chan, illamento de teitos).
- O Centro Sociocultural só suple parcialmente a carencia do Fogar do Pescador. O seu auditorio ten unha acústica deficiente.
- Non existe un museo ou centro das músicas e a cultura mariñeira que recolla a riqueza antropolóxica da vila e a converta nun factor de dinamización socioeconómica.
- Non só se precisan espazos de encontro, senón tamén programacións de diverso tipo (culturais, de ocio, recreativas) que lle dean vida a Vilaxoán nas fins de semana.
- A biblioteca de Vilaxoán é deficiente: pequena, agochada (precisa dun acceso directo), cun horario reducido, con conexión intermitente a internet, sen sinalización na rúa e maioritariamente para nenos.

### IMPLICACIÓN EMPRESARIAL E INSTITUCIONAL

- As empresas conserveiras non teñen unha implicación suficiente na vida comunitaria de Vilaxoán.
- O INTECMAR non organiza actividades de difusión dos seus coñecementos entre a poboación.
- En Vilaxoán non hai un punto de información municipal a diferenza do que existe en Carril.

### RECURSOS PESQUEIROS E MARIÑOS

- Na pesca tradicional había formas ancestrais de organización colectiva do traballo e reparto das capturas. Esa cultura cooperativa estase atenuando.
- Non existe un aproveitamento dos vellos oficios mariñeiros cara o turismo, cara a promoción dos produtos locais (mexillón, berberecho, ameixa, algas...), cara a formación dos máis novos e cara o reforzo da propia identidade.
- As festas do mexillón (C.F. San Martín), do porquiño (Club de Remo) e das revenidas (A.C. A Repichoca), aínda que moi meritórias, non chegan a conformar un escaparate de promoción gastronómica da vila. Falta unha gran festa gastronómica de Vilaxoán que proxecte a súa riqueza natural e cultural fóra do ámbito local.
- Debido á constante acción do home sobre o litoral, e a pesar do seu emprazamento privilexiado, o medio natural de Vilaxoán está severamente afectado en termos ecolóxicos, o que reduce as posibilidades de explotación do turismo ambiental.

### MÚSICA E FESTAS POPULARES

- Houbo unha interrupción na transmisión xeracional da música popular e a comunidade non foi dotada de institucións ou programas orientados á súa compilación sistemática, clasificación e divulgación. Non se é consciente da relevancia do patrimonio musical local.
- Os repertorios autóctonos fóronse substituíndo por adaptacións de músicas foráneas debido á emigración e á expansión dos medios de masas (radio e tv, fundamentalmente).
- As formacións corais de Vilaxoán teñen eivas en canto ao relevo xeracional, a ausencia de liñas formativas, o voluntariado, o sistema de arquivo das partituras e a (auto) exclusión de circuitos de contratación.
- A festa dos Maíos foi perdendo dimensión popular e participativa pola centralización en Vilagarcía do concurso e a falla de implicación das entidades locais.
- As festas patronais, do Carme e do Rosario, foron perdendo o seu sentido orixinal conforme a pesca foi mingando na economía local e hoxe, aínda que festexos importantes para a comunidade, non teñen o vigor de tempos pasados.
- Os principais eventos musicais de Vilaxoán (Paxoliñas, Revenidas, Vilaxoán Canta) poderían ver comprometida a súa continuidade por falta dunha maior implicación dos axentes locais e dunha xestión profesionalizada.
- Non existen traballos sobre o patrimonio musical dos pazos, e o seu potencial é descoñecido pola comunidade.
- Carecese dunha programación cultural e musical articulada.
- A oferta de formación musical é escasa e esporádica ou de continuidade irregular.
- Non existe un fondo bibliográfico especializado en temas locais na biblioteca de Vilaxoán.
- Boa parte da poboación de Vilaxoán non participa activamente na preparación de Vilaxoán Canta e carece de materiais de apoio.

<sup>39)</sup> As debilidades e ameazas son aspectos negativos; as fortalezas e oportunidades positivos. As debilidades e fortalezas pertencen ao ámbito interno de Vilaxoán; as ameazas e oportunidades ao seu contexto externo.

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

## AMEAZAS

### MEDIO FÍSICO: URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS

- As restriccións á edificación en Vilaxoán e a abertura de novas urbanizacións en Vilagarcía (Piñeiriño) implicaron a expulsión de case dúas xeracións de vilaxoaneses, o que por vez levou á caída do pequeno comercio e hostalería, ao risco de peche de servizos na vila (SERGAS, Correos) e á ruptura na transmisión da cultura mariñeira. Resultado: falta a xente emprendedora de entre 30 e 50 anos que lle podería dar vida económica e cultural á vila.
- A política de rehabilitación posta en marcha no anterior PXOM non deu resultados satisfactorios: poucas persoas se acolleron ás axudas e fallou o control sobre os criterios de conservación. A día de hoxe non hai unha política que incentive a rehabilitación de baixos para usos comerciais e o alugueiro para mozos.
- O retraso na chegada do paseo marítimo a Vilaxoán foi unha oportunidade perdida.
- A construción do porto municipal no centro de Vilagarcía foi no seu día cuestionada pola falta de calado. As instalacións industriais do porto vilagarcían ubicáronse do lado de Vilaxoán, contribuíndo á súa degradación paisaxística.
- O recheo do porto de Vilaxoán foi motivo de tensións veciñais e pode ter un impacto negativo no desenvolvemento turístico da vila.
- Vilaxoán non está debidamente sinalizada nos cruces, o que acentúa a súa invisibilidade.
- Os déficits no saneamento teñen incidencia nos cultivos mariños e no potencial turístico.
- Vilaxoán sufriu un illamento espacial progresivo entre dous estrangulamentos: depósitos de Ferrazo e estrada Vilagarcía - Cambados.

### CAMBIOS NAS INDUSTRIAS DO MAR

- A crise xeral da industria do mar desde hai uns 25 ou 30 anos levou a que se esgotasen os bancos de sardiñas (artes de pesca masivas), pechase a Atlántica, rematase o traballo en Noruega, baixase o emprego nas fábricas e practicamente desaparecesen os pescadores. Tamén as cotas nacionais e as novas fronteiras marítimas limitaron decisivamente a pesca.
- A crise do transporte marítimo de cabotaxe e o descenso xeralizado na actividade do porto de Vilagarcía tivo un impacto negativo sobre as alternativas laborais da xente de Vilaxoán.
- O cambio da pesca á acuicultura e a automatización de certas empresas locais derivou nunha perda neta de emprego.
- A crise actual nas vendas de mexillón é a maior ameaza para o futuro de Vilaxoán. A falta de mecanismos de promoción gastronómica do mexillón lastra unha posible vía de xeración de riqueza.

### AFECCIÓNS NO COMERCIO

- A abertura de grandes superficies comerciais en Vilagarcía tamén tivo consecuencias negativas para o pequeno comercio local.
- A praza de abastos de Vilaxoán foi decaendo en favor da de Vilagarcía.

### A DESATENCIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA

- Desde os anos 50' a política municipal de Vilagarcía primou a centralización da actividade (urbanística, poboacional, económica) arredor do seu núcleo urbano.
- A sensación de abandono político por parte do Concello de Vilagarcía susténtase nos seguintes argumentos -históricos e actuais-: 1) taxa de residuos ao dispensario médico, 2) parálise á edificación, 3) indiferencia ante a ameaza de peche da oficina de Correos, 4) discutible localización inicial do porto municipal, 5) nula dotación de seguridade pública, 6) centralización das festas en Vilagarcía, 7) perda do alcalde de barrio, 8) falta de iluminación, decoración, pavimento axeitado, sinalización..., 9) ausencia dunha política cultural específica para Vilaxoán, 10) insuficiente inserción dos pazos locais na oferta turística de Vilagarcía.

### OUTROS FENÓMENOS SOCIAIS

- A emigración e os embarques a Noruega (pesca, plataformas, mariña mercante) trouxeron unha importante suma de divisas á vila, pero a cambio tiveron efectos perniciosos en forma de abandono dos oficios tradicionais mariñeiros e desarraigo cultural (frente ao modelo de Rianxo e Cambados, onde se puxeron en valor)
- O contrabando de tabaco e droga tivo un impacto negativo evidente na mocidade e efectos nocivos na base productiva (ingresos fáciles e rápidos: gasto suntuario en vez de investimento productivo).

### TURISMO E PATRIMONIO MUSICAL

- Os pazos de Vilaxoán non están debidamente inseridos na oferta turística de Vilagarcía.
- Historicamente, o desinterese de Vilagarcía cara o seu legado mariñeiro e a non consideración do mesmo como un activo enriquecedor para o municipio, levou a unha falta de políticas activas de coidado, protección e promoción.
- Nos folletos de promoción turística da fundación comarcal do Salnés a presenza de Vilaxoán está moi aminorada, con breves referencias ao burgo mariñeiro e ás conserveiras.
- En Galicia apenas existen experiencias (exemplos de boas prácticas) nin vontade política para a recuperación e posta en valor do patrimonio.
- A organización do concurso musical dos Maíos en Vilagarcía incidiu na desarticulación do festexo popular de Vilaxoán.
- Os Encontros da Federación Galega de Cultura Marítima e Fluvial son unha excelente oportunidade de dinamización socioeconómica e de promoción das vilas que os acollen. O elevado custe da súa organización e a escasa capacidade do peirao de Vilaxoán poden prexudicar a nosa candidatura.



# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

## FORTALEZAS

### IDENTIDADES

- A pesar dos cambios na base socioeconómica de Vilaxoán, a vila mantén unha forte identidade mariñeira (en fase de remodelación).
- Vilaxoán móstrase unido ante ameazas externas. É un pobo orgulloso de seu, pasional e reivindicativo.
- Catro momentos de unión e mobilización popular: creación da AVV Vilaxoán, rexeitamento do peche do dispensario médico polo SERGAS, intento de mudar o nome do campo de fútbol, demanda de exención da taxa municipal de residuos para o dispensario médico.
- Vilaxoán posúe unha intensa relación histórica con Rianxo e mesmo coa Illa de Arousa e Carril. Existen plans para a recuperación da lancha xeiteira Carmelo e a posibilidade de artellar unha Rede de Vilas Mariñeiras da Arousa.
- A pesar das marcadas diferencias entre Vilaxoán e Carril, existen entre ambas vilas máis intercambios e lazos individuais dos que ás veces se recoñecen.

### RECURSOS SOCIOCULTURAIS

- Vilaxoán ten abundantes recursos sociais e culturais: dúas comparsas de Antroido, a AVV Vilaxoán, dúas Asociacións de Mexilloeiros, a Confraría Virxe do Rosario, o Club de Remo, dúas festas patronais, a Asociación de Mulleres Rurais “Avelaiña”, a Asociación Marítimo Cultural de Vilaxoán, a Festa das Revenidas, a Coral Máximo Patiño, o Centro Sociocultural, o C.F. San Martín, o Atlético Faxilde, o Coro Parroquial, o Centro Sociocomunitario da Xunta, a Casa da Cultura, Vilaxoán Canta, o Festival de Panxoliñas...
- Distintas obras de autores literarios recoñecidos teñen vinculación con Vilaxoán e a súa contorna.
- En Vilaxoán existe un importante patrimonio arquitectónico, tanto nobiliario (3 pazos e igrexa románica) como popular (burgo mariñeiro) e industrial (fábricas de salgadura). Habería que tomar medidas de protección, como por exemplo coa casa de Montenegro.
- A Asociación de Mulleres Rurais Avelaiña ten unha valiosa experiencia federativa, de cooperación con entidades externas.
- Existe a proposta de organizar unha “Vila Mariñeira”, a modo dunha festa histórica ou exposición local, que serviría como actividade dinamizadora e inclusiva de todas as entidades culturais, ademais de como escaparate da vila.
- Na actualidade percíbese un momento de maior unión e activismo sociocultural en Vilaxoán a respecto de épocas pasadas: nacemento da A.C. A Repichoca, da Asociación Marítimo Cultural de Vilaxoán, rexurdimento da AVV, importante labor do Club de Remo, escola de rapaces do C.F. San Martín, recuperación do Enterro da Sardiña, Coro Parroquial, festival Vilaxoán Rock, nova etapa da Coral Máximo Patiño...
- Ao non haber programación cultural municipal específica para Vilaxoán, está afianzada entre a veciñanza a autoxestión da vida cultural e das iniciativas de ocio.
- A Confraría “Virxe do Rosario” é a principal institución de Vilaxoán e das de maior patrimonio da contorna. Presta numerosos servizos á comunidade: primeiro dispensario médico mariñeiro de Galicia, rexeneración de praias, apoio ás asociacións de mexilloeiros, espacio de reunión e festexos para as entidades da vila... Hoxe en día está a estudar vías de turismo mariñeiro.

### MEDIOS ECONÓMICOS E IMPLICACIÓN EMPRESARIAL

- A cidadanía de Vilaxoán vive a día de hoxe das bateas (129 bateas asociadas), conserveiras Cuca e Peña, cocedoiros Santórum, depuradora Ameixa de Carril, bacaloeira Coinba, Náutica Vidal, Mariscos Saiñas, Transportes Torró, 65 mariscadoras a pé (colleitan ameixa, berberecho, miñoca e algas), 40-50 mariscadores a flote (medrando en licencias), pescantinas, hostalería (Lagar, Vilaxoán, Eiras e diversos bares), Instituto Cotarelo Valledor, CEIP Vilaxoán, Centro Sociocomunitario (Xunta), INTECMAR, praza de abastos, pequeno comercio e servizos (perruquerías, tendas, fisioterapia, aseguradora...), pensións de xubilación e un sector da construción declinante.
- Hai un grupo de pequenas e medianas empresas que patrocinan actividades culturais, deportivas e recreativas do pobo.

### RECURSOS PESQUEIROS E MARIÑOS

- A riqueza dos vellos oficios mariñeiros como potencial turístico, como ferramenta de promoción dos froitos do mar, como elemento de cohesión cultural e como renovación xeracional e vía de emprego.
- Hai un potencial gastronómico arredor do mexillón por explorar: historia, receitas singulares (p.e. restaurante Chocolate), materia prima de altísima calidade.
- A proximidade ao Parque Nacional Illas Atlánticas e a existencia dun punto de observación de aves migratorias no Rial abre expectativas en canto unha posible inserción en circuitos de turismo ambiental.
- Conservas Cuca (Hermanos Pita) saca edicións limitadas de “conservas de autor”, serigrafadas por artistas, para mercados exclusivos. Exemplo de colaboración artístico - empresarial.
- No fondo da Ría de Arousa hai un gran número de buques afundidos e non está suficientemente explotado o submarinismo especializado en visitas aos pecios.
- Na enseada no Rial houbo unhas saíñas, tradición na cría de ostras e instaláronse os primeiros cultivos de mexillón da Ría de Arousa.
- Estase a iniciar unha tímida rehabilitación de vivendas no burgo mariñeiro, sobre todo por parte de emigrantes retornados de idades avanzadas.
- A parálise na edificación en Vilaxoán propiciou a conservación dun burgo mariñeiro con potencialidade turística.

### MÚSICA E FESTAS POPULARES

- A afección ao canto e á música popular é unha característica central da identidade colectiva de Vilaxoán.
- A pesar dos cambios socioeconómicos das últimas décadas, o pobo de Vilaxoán conserva a memoria dun importante repertorio musical local. Os repertorios foron mudando co tempo pero aínda sobreviven vellas cantigas.
- Vilaxoán é berce dunha estirpe de acordeonistas de recoñecido prestixio e a súa poboación está familiarizada con este instrumento característico da música portuaria.
- O Festival Revenidas, quizás o evento musical de Vilaxoán con maior repercusión fóra da comarca, conta con voluntariado e colaboración de empresas da zona.
- Músicos e investigadores de renome teñen recollido e interpretado o patrimonio musical de Vilaxoán: Marcial Valladares, Fermín Bouza - Brey, Carlos Rey, Grupo Revenidas, Cantigas e Agarimos, Coro Toxos e Froles, etc..
- A Coral Máximo Patiño está a vivir unha nova etapa: impulso da actual directora, renovación en parte do repertorio, identificación da vila coa Coral e continuidade do Concurso de Panxoliñas en colaboración co CEIP. En 2012 celebrárase o seu 50 aniversario.
- Vilaxoán Canta é un fenómeno social singular que proxecta a imaxe da vila no exterior.
- O Antroido de Vilaxoán é referente no municipio, ten unha profunda raizame popular e cataliza o enxeño e a creatividade da cidadanía (coplas, comparsas e Enterro da Sardiña).
- En tempos había unha grande afección aos xogos tradicionais (billarda, chave, etc..) e hoxe hai vontade de recuperalos.
- Os nenos de Vilaxoán gañan habitualmente o concurso musical dos Maíos de Vilagarcía.
- Vilaxoán é o berce natal de Juan Bóveda, un dos principais mestres galegos da música popular en América. Considerado o autor máis prolífico da historia de Uruguai.
- Os mozos veñen xerando desde os anos 80' bandas locais de rock con presenza do acordeón. Relevancia do Vilaxoán Rock.

# CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

## OPORTUNIDADES

### AXUDAS PÚBLICAS

- Desde o Concello de Vilagarcía estase a desenvolver o proxecto europeo Urban AROUSA 21 que contempla unha serie de investimentos para a rexeneración de espazos públicos ademais de medidas de apoio a emprendedores, de fomento da conciliación da vida familiar e laboral e de posta en valor da cultura mariñeira.
- Existen axudas anuais da Consellería do Mar para a promoción sociocultural das comunidades mariñeiras.
- Hai un programa europeo en marcha (GAC 5 Ría de Arousa, do Fondo Europeo de Pesca) centrado no apoio a iniciativas de turismo mariñeiro e diversificación económica nas vilas costeiras.
- Ademais do Concello de Vilagarcía, a Deputación de Pontevedra ten mostrado a súa receptividade ante as demandas de Vilaxoán.
- Está en vigor o Programa Cultura 2007-2013 da Unión Europea para financiar proxectos internacionais de desenvolvemento e intercambio cultural. Nunha edición anterior a Confraría de Lira foi adjudicataria.
- O INTECMAR e o CIMA (Vilanova de Arousa) poderían involucrarse no concepto “cultura mariñeira” impartindo charlas divulgativas sobre os controis das calidades das augas ou os novos métodos de explotación dos cultivos mariños. As Universidades galegas e diferentes institutos de investigación poderían difundir coñecementos aplicables na mellora productiva (cultura mariñeira contemporánea, tecnocientífica).
- Estase a negociar unha ambiciosa ampliación do calado do porto con visos de prosperar.

### POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO E APROVEITAMENTO TURÍSTICO

- A organización en Vilaxoán dos Encontros da Federación Galega de Cultura Marítima e Fluvial sería unha magnífica oportunidade de dinamización social, económica e cultural da vila. Poderíase buscar o apoio e sinerxia de diferentes entidades dedicadas á promoción da cultura mariñeira na zona. A solicitude da candidatura debe ser presentada pola Asociación Marítimo Cultural de Vilaxoán.
- En Galicia apenas hai exemplos de fomento da cultura mariñeira a través da organización de festas históricas. Aproveitando a conservación do burgo mariñeiro de Vilaxoán poderíase organizar unha exposición local (denominada “Vila Mariñeira”) que dese a coñecer o patrimonio cultural e gastronómico da vila.
- En Vilagarcía hai unha notoria carencia de espazos museísticos. No conxunto da Ría de Arousa, e en Galicia enteira, abundan equipamentos e programacións culturais ligadas ao mar, pero non hai un centro específico en patrimonio inmaterial (músicas, oralidade, artes visuais, oficios e saberes, turismo mariñeiro...). Sería por tanto un bo momento para a creación dun Centro da Música e a Cultura Mariñeira.
- Vilaxoán podería suplir parte das carencias turísticas de Vilagarcía coa implantación de equipamentos hoteleiros, ampliación, rexeneración e maior publicidade das praias e servizos turísticos ligados á cultura mariñeira. A conexión co paseo marítimo facilitará o acceso a pe desde Vilagarcía, atraendo así a novos visitantes.
- A proxección e o grao de coñecemento exterior do fenómeno Vilaxoán Canta e da Festa das Revenidas é un recurso a explotar cara unha maior promoción da vila, o que esixiría dun respaldo popular e institucional superior ao que se dá na actualidade.
- Desde o Concello poderíase liderar un traballo sistemático de promoción gastronómica do mexillón que axude ao sector productivo e que reforce os atractivos turísticos do municipio (a través de feiras específicas, festas gastronómicas, mexillón de temporada en bares, edición e difusión de recetarios, etc..).
- Os problemas e disfuncións xerados polas “políticas desarrollistas” do pasado propiciaron un cambio paulatino de mentalidade na sociedade galega cara un maior respecto e coidado do patrimonio común.
- Hai unha empresa en Carril (Audiorestauración) punteira a escala estatal na recuperación e dixitalización de arquivos sonoros, o que supón unha excelente oportunidade para a elaboración dunha fonoteca mariñeira única en Galicia e albergada no futuro Centro de Música e Cultura Mariñeira.
- Nós de Sobradelo mantén unha escola de música popular e está no seu mellor momento organizativo e artístico. O serán de Sobradelo está integrado no circuito dos serán do sur de Pontevedra.
- A día de hoxe apréciase en toda Galicia un interese renovado nas músicas portuarias, tanto nos profesionais e afeccionados como no público.
- A ausencia en Galicia de festivais de músicas mariñeiras abre a oportunidade de dispor en Vilaxoán dunha programación musical singular e única.

### APOIOS PRIVADOS

- As entidades financeiras poderían respaldar economicamente proxectos culturais, turísticos e patrimoniais sempre que concorresen tres circunstancias: proxectos ben articulados, con impacto social e apoio institucional.
- A expulsión de poboación derivada do freo urbanístico en Vilaxoán implicou que marchasen do pobo dúas xeracións de emprendedores, persoas que agora residen noutros territorios onde constituiron novas empresas. Poderíase artellar unha rede de empresarios de Vilaxoán no exterior que se involucren no desenvolvemento da vila.

### CONMEMORACIÓNS

- En 2013 cumprírase un século da fusión dos Concellos de Carril, Vilagarcía e Vilaxoán.
- En 2012 celébrase o 50 aniversario da Coral Máximo Patiño.

### COHESIÓN SOCIAL

- Unha radio local e un portal web permitirían crear novos espazos de convivencia nos ámbitos mediático e virtual, e dese xeito reforzar a cohesión social e a identidade da vila.

### 2. METODOLOXÍA, PROCESO DE PARTICIPACIÓN E PROPOSTAS

O obxectivo expreso que guiou a realización do presente informe foi “explorar potencialidades de desenvolvemento local ligadas á música e á cultura mariñeira en Vilaxoán”. Este obxectivo xeral contemplaba un período de execución de catro meses, entre setembro e decembro de 2009. Concibíase como unha fase inicial dun proceso a máis longo prazo (2012) que perseguía “fomentar o desenvolvemento local de Vilaxoán en base a lograr (coa implicación activa da poboación) a implantación dunha rede de empresas viables vinculadas á dinamización cultural do seu territorio”.

De cara á elaboración do informe, empregamos unha serie de metodoloxías de investigación e intervención social:

- **Técnicas distributivas:** antes da entrada no “campo” fixemos un baleirado e análise de datos secundarios de cara a dispoñer dun mapa dos datos cuantitativos máis relevantes da vila e da contorna municipal (demográficos, laborais, empresariais, culturais e asociativos, etc.). En paralelo estudiamos o patrimonio musical de Vilaxoán, boas prácticas internacionais que combinasen cultura e desenvolvemento local, equipamentos e programacións mariñeiras das Rías Baixas, e en xeral toda canta información comparada puidera atinxir ao noso obxecto de estudio. Tratábase de responder ás preguntas “que” hai e “canto” hai.
- **Técnicas estruturais (ou explicativas):** nas primeiras semanas de “observación participante” e co apoio de informantes locais, seleccionamos unha listaxe de persoas a entrevistar en función do seu coñecemento, implicación e diversidade posicional a respecto da temática a analizar. A composición desa listaxe debía incluír canto menos aos seguintes perfís: líderes asociativos e comunitarios de Vilaxoán, axentes culturais do municipio, técnicos e responsables políticos, representantes de entidades empresariais e expertos en turismo e economía da cultura. En total acometemos 60 entrevistas en profundidade semidirectivas coas que recolleamos a riqueza e pluralidade

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

de perspectivas en xogo. Tratábase de responder ás preguntas “por que” e “como”.

- Técnicas dialécticas (ou participativas): de entre os informantes previamente entrevistados convidamos a un número limitado (12 persoas) a participar nun grupo de análise e proposta que se reuniu en dúas ocasións. Nunha primeira para debater un informe sintético de diagnóstico (DAFO) sobre a realidade actual e o potencial de desenvolvemento de Vilaxoán, elaborado a partir das investigacións anteriores (datos secundarios e entrevistas). A segunda xuntanza tivo por obxecto a identificación e priorización de propostas a implementar. As técnicas participativas buscan responder ás preguntas “para que” e “para quen”.

Visto de forma cronolóxica, as fases nas que se dividiu este proxecto, e por extensión o proceso a longo prazo de desenvolvemento cultural de Vilaxoán, foron as que seguen:

- a) Baleirado e análise de datos secundarios
- b) Identificación de actores locais a entrevistar
- c) Realización de entrevistas en profundidade
- d) Conformación dun grupo de participación
- e) Definición de primeiras liñas de acción culturais e musicais
- f) Presentación do informe
- g) Implementación das actividades culturais
- h) Avaliación de resultados e reorientación
- i) Identificación de oportunidades de negocio
- j) Difusión entre potenciais emprendedores
- k) Acompañamento e titorización na definición de plans de empresa
- l) Procura de partenariados e apoio na captación de financiamento
- m) Elaboración dunha marca territorio de Vilaxoán
- n) Inserción en redes e circuítos externos

Nesta táboa podemos apreciar dunha ollada a etapificación tanto do proxecto como do proceso na súa integridade. En amarelo as fases que incumben ao proxecto (set - dec 2009) e en laranxa as posteriores ate completar o ciclo do proceso.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

	1-15 SET	15-30 SET	1-31 OUT	1-30 NOV	1-15 DEC	15-30 DEC	XAN-MAR 2010	ABR-XUÑ 2010	XUL-SET 2010	OUT-DEC 2010	XAN-XUÑ 2011	XUL-DEC 2011	2012
Baleirado datos													
Identificación actores													
Realización entrevistas													
Grupo participación													
Liñas de acción													
Presentación informe													
Implementar actividades													
Avaliación resultados													
Oportunidades negocio													
Difusión emprendedor													
Plans de empresa													
Procura financiamento													
Marca territorio													
Inserción circuitos													

Ao proceso de participación (nov - dec 2009) foron convidadas 12 persoas en representación doutras tantas entidades e colectivos de Vilaxoán: Confraría “Virxe do Rosario”, Asociación de Veciños “Vilaxoán”, Asociación de Mulleres Rurais “Avelaiña”, Asociación Cultural “A Repichoca”, Coral Polifónica “Máximo Patiño”, Coro Parroquial, “Vilaxoán Canta”, Comisión de Festas, Asociación Marítimo Cultural, Nós de Sobradelo, Club de Remo e C.F. San Martín. Todos eles foron seleccionados polo seu peso na dinamización social e cultural da vila. No caso de “Nós de Sobradelo” asistiron en calidade de convidados polo seu importante labor na promoción da música tradicional, pola presenza de nativos de Vilaxoán nas súas ringleiras e pola decisiva colaboración que poden prestar na futura posta en marcha das propostas.

Como xa comentamos, a misión deste grupo foi: 1) axudarnos a realizar un diagnóstico rigoroso da situación de Vilaxoán, sobre todo no eido cultural mais tamén abordando o contexto social e económico no que se inscribe; 2) deseñar e consensuar propostas de futuro orientadas á mellora e ao desenvolvemento da vila.

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

As propostas resultantes debían posuír tres cualidades: a) que “enganchasen” aos veciños -dinamización e vertebración social-; b) que atraeran visitantes e turistas -elevación da autoestima e captación de recursos externos-; c) que puidesen seducir ás institucións e ás empresas locais -patrocinios e sostenibilidade-.

Do proceso de participación saíron 16 propostas, todas elas altamente valoradas polos asistentes. Destacouse a necesidade de acometelas na súa integridade por canto unhas estaban ligadas coas outras, xerando sinerxías e conformando unha intervención rica e complexa para a transformación da vila. Tamén se explicitou o temor de que as novas accións puidesen implicar un trasbase de recursos municipais en detrimento dos eventos culturais e festas patronais xa existentes na vila.

De cara a facilitar a futura planificación das accións, os técnicos solicitamos ao grupo que sinalase a prioridade das mesmas, indicando en cada caso o seu grao de importancia para o desenvolvemento de Vilaxoán. A tal fin, e previo debate, sometéronse a votación. Cada persoa debía valorar a prioridade de cada proposta puntuándoa como “alta”, “media” ou “baixa”. Ningunha proposta foi considerada de baixa prioridade por ningún dos participantes.

O resultado das votacións consta na última columna das táboas que presentamos a continuación. Nalgúns casos o total dos votos varía en función de baixas conxunturais de asistentes que máis tarde se reincorporaron á xuntanza. Cada táboa recolle unha proposta, e están dispostas en orde de maior a menor prioridade (ver páxina seguinte):

## PROPOSTAS

TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
1. COORDINADORA CULTURAL DE VILAXOÁN	Herdeira do Fogar do Pescador, a CCV sería un novo espacio de encontro e cooperación entre todas as entidades sociais, culturais, deportivas e recreativas de Vilaxoán. Interlocutora ante as institucións para a presentación de propostas nestes ámbitos. Promotora e xestora de proxectos compartidos de mellora e promoción da vila. Localizada na antiga sede do Fogar ou no Centro Sociocultural. A Confraría sería membro da Coordinadora e prestaría o seu apoio sen asumir os gastos de persoal e mantemento das instalacións.	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ As entidades socioculturais de Vilaxoán.</li><li>▪ Axudas da Consellería de Pesca.</li><li>▪ Apoios da Confraría Virxe do Rosario.</li><li>▪ Concello de Vilagarcía</li></ul>	8 Alta

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

<b>PROPOSTAS</b>			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
2. PROGRAMACIÓN CULTURAL ESTABLE	<p>O peche do Fogar do Pescador non só supuxo a perda dun espacio social de encontro senón a desaparición dun conxunto de actividades culturais que dinamizaban a vida do pobo. De cara a suplir esa carencia propoñemos a posta en marcha dunha programación estable de fin de semana onde se exhiban de forma regular diferentes espectáculos artísticos, sexan musicais, teatrais, cinematográficos, etc., e contando para iso coa participación das entidades culturais da vila ou con artistas profesionais. O abano de actividades debera ser plural e orientarse a todas as idades. Os recintos preferentes para a acollida destas accións serían o Fogar do Pescador e o Centro Sociocultural. A periodicidade mínima de comezo debera ser dun espectáculo ao mes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordinadora Cultural de Vilaxoán.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> </ul>	7 Alta



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
3. CENTRO DA MÚSICA E A CULTURA MARIÑEIRA	<p>Espacio multifuncional de promoción da cultura mariñeira, con especial atención aos elementos inmateriais (música, oralidade, audiovisual, literatura, plástica e deseño industrial, oficios e saberes, turismo mariñeiro). Complementado por unha tenda, unha mediateca e un punto de información turística. Entre as actividades a organizar inclúense ciclos de cine mariñeiro, demostracións de oficios mariñeiros para turismo e mocidade local, encontros musicais, investigación e edición sonora, charlas divulgativas sobre innovación en cultivos mariños, visitas guiadas polo burgo mariñeiro, obradoiros sobre carpintería de ribeira, seminarios gastronómicos, etc.. O CMCM é municipal e o seu ámbito de influencia abrangue toda a Ría de Arousa. Localizado na antiga conserveira Mariscadora ou na fábrica de salgadura xunta ao Centro Sociocultural. Implica a restauración do patrimonio arquitectónico industrial e unha completa dotación de equipamentos. As funcións a desenvolver polo futuro CMCM comezarán a implementarse de forma gradual e con carácter previo á disposición do inmovible.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rehabilitación e equipamento a cargo do Concello de Vilagarcía e a Deputación de Pontevedra.</li> <li>▪ Asesoramento do INTECMAR, CIMA, Universidades e centros de investigacións mariñas, A.C. Dorna, A.C. Rompetimóns, FGCMF, entidades socioculturais de Vilaxoán.</li> <li>▪ Persoal de Vilaxoán contratado polo Concello ou mediante a constitución de empresa mixta.</li> <li>▪ Colexios e institutos do Concello</li> <li>▪ Empresa “Audiorestauración”</li> </ul>	7 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
4. “VILA MARIÑEIRA”	<p>Proposta enunciada por veciños de Vilaxoán, en proceso de negociación co Concello. A “Vila Mariñeira” funcionaría como unha exposición universal de Vilaxoán e basearíase en termos escénicos nas festas históricas. A virtude desta iniciativa é a súa capacidade de aglutinar a todas as entidades socioculturais de Vilaxoán na organización do evento, e por tanto na consolidación de dinámicas cooperativas. Ademais, ao ser modulable a través de stands particulares, permite que empresas e colectivos poidan presentar as súas iniciativas e produtos (gastronómicos, musicais, de oficios mariñeiros, de xogos tradicionais, etc..). Podería incluír a celebración dun festival musical singular e actividades de turismo a remo. Non debera coincidir coa Festa do Carme.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordinadora Cultural de Vilaxoán.</li> <li>▪ Apoio económico do Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Posible amarre da Goleta Nieves (con visitas organizadas).</li> </ul>	7 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
5. POLÍTICA INTEGRAL DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO E PRAIAS	<p>A promoción de Vilaxoán en tanto que vila mariñeira comporta unha serie de intervencións físicas que melloren a estética e funcionalidade dos espazos públicos e que contribúan a un repunte da poboación e do comercio local. Así, entre as primeiras medidas contéplase a ampliación e rexeneración de praias (condicionado á actividade marisqueira), solventar os déficits de saneamento e un maior investimento en pavimentos, iluminación, mobiliario urbano e sinalización. Algunhas medidas concretas serían o adecentamento da explanada xunta ao Centro Sociocultural e o pavimento en adoquín e redución da velocidade de tránsito na estrada Vilagarcía - Cambados á altura do Pazo do Lagar (reintegración na vila). E entre as segundas, normativas municipais que incentiven a rehabilitación de baixos para usos comerciais e o aluguer de vivendas baleiras para xente nova. Tamén se recomenda: 1) habilitar un paso público directo para o acceso á Casa da Cultura; 2) pór en marcha un plano de accesibilidade a internet sen fíos para todo Vilaxoán.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Concello de Vilagarcía</li> </ul>	7 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
<p><b>6. POTENCIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS MUSICAIS EXISTENTES</b></p>	<p>En Vilaxoán, ademais dos festexos locais, existe unha programación cultural estacional de eventos e actividades musicais promovidos por entidades locais. Algunhas destas programacións teñen unha dilatada tradición como o Concurso Popular de Panxoliñas ou Vilaxoán Canta e outras un crecente protagonismo tanto local como exterior, como o Festival Revenidas ou o veciño Serán de Sobradelo. Porén unha serie de perigos poderían afectar ao futuro destas iniciativas por estar fundamentadas no voluntarismo e carecer dunha produción profesionalizada e dunha promoción específica.</p> <p>No caso de Vilaxoán Canta, propoñemos algunhas medidas de mellora:</p> <p>1) elaborar uns criterios simples de xestión do evento e selección do repertorio asumidos pola poboación; 2) o repertorio debera potenciar os factores distintivos locais e ao tempo abrirse aos de toda a Ria de Arousa; 3) promoción diferenciada da marca Vilaxoan Canta; 4) merchandising de camisetas con diversos deseños encargados a diferentes artistas gráficos; 5) complementar a súa programación con actividades de irmanamento con outras localidades mariñeiras da Arousa; 6) asistencia de grupos galegos ou internacionais invitados anualmente ao evento; 7) acentuar o carácter portuario - mariñeiro de Vilaxoan Canta.</p> <p>E no relativo ao Festival Revenidas, propoñemos: 1) acentuar a súa vinculación coas músicas portuarias contemporáneas e valerse dese potencial diferencial; 2) profesionalizar a súa xestión técnica e promover a colaboración e implicación das entidades locais na súa realización; 3) facer unha promoción diferencial da súa marca en foros galegos e internacionais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entidades socioculturais de Vilaxoán.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Empresas de deseño gráfico.</li> </ul>	<p>6 Alta; 1 Media</p>

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
7. RADIO LOCAL E PORTAL WEB DE VILAXOÁN	<p>Á marxe da constitución dunha Coordinadora Cultural de Vilaxoán compre crear novos espacios de encontro e de (auto)identificación nos ámbito mediático e virtual que contribúan a cohesionar á comunidade de Vilaxoán, con especial énfase na mocidade local. Así, unha radio require de pequenos investimentos e é un medio moi atractivo para a creación dunha opinión pública local e para involucrar ás diferentes expresións da vila. O portal web permitiría facer visitas virtuais á vila (promoción turística), crear noticias, dispor dunha axenda local e habilitar espacios para os diferentes colectivos da zona. Neste caso a problemática podería xurdir pola taxa de alfabetización informática e uso de novas tecnoloxías en Vilaxoán. Recomendamos acompañar a creación do espacio web con accións formativas de iniciación a internet na biblioteca local (e incrementar a dotación de ordenadores na mesma). Posible localización da radio: piso superior da Casa da Cultura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entidades socioculturais de Vilaxoán.</li> <li>▪ Instituto Cotarelo Valledor e CEIP de Faxilde.</li> <li>▪ Casa da Cultura</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía</li> <li>▪ Empresa informática</li> </ul>	6 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
8. CONSTITUCIÓN DUNHA CORAL INFANTÍL	<p>A afección ao canto é un dos riscos diferenciais da cultura de Vilaxoán (se non o principal). Ademais da abundancia de formacións musicais que nutren a historia da vila e das famosas destrezas polifónicas dos veciños e veciñas (na rúa, tabernas, fútbol, remo, conserveiras...) en Vilaxoán existen dúas corais con varias décadas ás costas. Unha das maiores problemáticas ás que se enfrontan é o relevo xeracional. A idade media de ambas corais é elevada e non se albiscan recambios. Co obxectivo de darlle continuidade e “traballar a canteira” propónse a creación dunha coral infantil desde a que formar futuros valores musicais, dinamizar o concurso de panxoliñas e recuperar as roldas infantís dos Maios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coral Máximo Patiño.</li> <li>▪ Coral Parroquial.</li> <li>▪ Instituto Cotarelo Valledor e CEIP Faxilde</li> </ul>	6 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
9. NOVAS PROGRAMACIÓNS MUSICAIS	<p>A entidade musical con maior tradición e que conta coa maior representatividade de Vilaxoán é a Coral Máximo Patiño, que está pronta a cumprir o seu 50 aniversario no ano 2012. Esa feliz coincidencia permitiría deseñar un ano de novas programacións articuladas que escenificasen a aposta da vila pola súa riqueza musical. Entre outras poderían sinalarse distintas liñas de novas programacións específicas de música mariñeira e portuaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Celebración dun Festival Internacional de Cantos Mariñeiros</li> <li>- Constitución dunha Escola de Música Popular</li> <li>- Exposición 100 anos de acordeón en Galicia.</li> <li>- Residencias artísticas de Arte e Paisaxes sonoras marítimas.</li> <li>- Organización do Encontro Galego de Tocadores de Acordeón Diatónico</li> </ul> <p>Ademais tamén podería implementarse unha liña de programacións destinadas á posta en valor da igrexa e os pazos de Vilaxoán a través de ciclos musicais especializados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entidades socioculturais de Vilaxoán.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular</li> </ul>	5 Alta; 1 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
10. RECUPERACIÓN DE FESTAS E XOGOS TRADICIONAIS	<p>Vilaxoán posúe un rico acervo patrimonial no tocante a festas populares e xogos tradicionais. Nas últimas décadas unha serie de mudanzas (recollidas no diagnóstico DAFO) levaron ao desuso dese legado comunitario e no mellor dos casos á súa substitución por outras fórmulas importadas. A saída de case dúas xeracións do pobo froito da parálise urbanística e da emigración a Noruega supuxo a quebra na transmisión dos elementos da identidade local. Hoxe en día son varias as persoas e colectivos interesados na súa recuperación. Os eventos máis destacados a restaurar e/ou potenciar son: 1) o Enterro da Sardiña; 2) a festividade dos Maíos; 3) encontro de rivalidade entre as lanchas xeiteiras Carmelo e Manuela; 4) campionatos de xogos tradicionais como a billarda e a chave</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comparsas de Antroido.</li> <li>▪ A.C. A Repichoca.</li> <li>▪ A. Marítimo Cultural</li> <li>▪ Asociacións de mexilloeiros</li> <li>▪ Club de Remo</li> </ul>	5 Alta; 2 Media



## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
<p>11. FESTAS GASTRONÓMICAS DO MEXILLÓN E A SARDIÑA (ou da conserva e da salgadura)</p>	<p>O mexillón de Vilaxoán (primeiro lugar da Ría de Arousa en instalarse unha batea) ten unha altísima calidade alimentaria e non dispón das axeitadas ferramentas de promoción local que o convertan nun manxar obrigado de temporada. Os consumos de mexillón en Galicia son inferiores aos de Italia ou Bélxica. En Vilaxoán existen recetarios para a súa preparación en formas diversas e saborosas (p.e. Restaurante Chocolate). A Festa do Mexillón organizada polo C.F. San Martín merece o respaldo e colaboración das asociacións de mexilloeiros e da hostalería local de forma que adquira potencialidade turística e sirva de escaparate do sector productivo. Ademais, a festa debera ser complementada con accións de difusión entre a hostalería de Vilagarcía mediante a edición de receitas, convocatoria de concursos, etc.. // Outra cuestión é a potencialidade gastronómica das conservas e das formas tradicionais de conservación do peixe. Unha festa destes produtos con elaboracións exquisitas se incardinaria na historia de Vilaxoán, tería unha notable singularidade e podería implicar ás empresas do sector. // Tamén cabe a opción de organizar unha semana gastronómica forte coa pluralidade dos produtos mariñeiros de Vilaxoán, coincidindo coas Festas do Carme.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ C.F. San Martín.</li> <li>▪ Coordinadora Cultural de Vilaxoán.</li> <li>▪ Asociacións de Mexilloeiros.</li> <li>▪ Hostalería local.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Empresas conserveiras.</li> </ul>	<p>5 Alta; 3 Media</p>

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
12. MOSTRA PERMANENTE DE OFICIOS MARIÑEIROS	<p>Independentemente da creación ou non do Centro da Música e Cultura Mariñeira, un recurso central para o desenvolvemento de Vilaxoán reside nos saberes acumulados polos traballadores do mar, sexa en forma de vellos oficios (redeiras, cesteiros, linterneiros, naseiros, tecedores de vela...) ou de novas profesións ligadas aos cultivos mariños. A ruptura na transmisión xeracional destes coñecementos non supuxo só a perda de cualificacións laborais dos máis novos senón un proceso de disolución da identidade mariñeira da vila. O principal atractivo turístico de Vilaxoán reside na súa singularidade mariñeira. Pois ben, visitas guiadas ao marisqueo e bateas e pequenas mostras dos oficios tradicionais serían un interesante servizo turístico durante o verán e unha oportunidade durante o curso escolar para que os rapaces do municipio coñezan as súas orixes e mesmo nalgún caso para orientarse profesionalmente por ese camiño</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colexios e institutos do Concello.</li> <li>▪ Confraría e asociacións profesionais (mexilloeiros e mariscadoras).</li> <li>▪ Persoas maiores expertas nos vellos oficios.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía</li> </ul>	4 Alta; 3 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
13. ORGANIZACIÓN DOS ENCONTROS DA FGCMF	Os Encontros da Federación Galega de Cultura Marítima e Fluvial son unha oportunidade de primeira orde para a dinamización das vilas que os acollen, así como un importante escaparate cara o exterior. Consiste nunha mostra de embarcacións tradicionais e actividades culturais mariñeiras á que acoden representantes galegos, españois, portugueses e franceses. Á proposta temática de Vilaxoán sería novidosa: 1º Encontro Internacional do Patrimonio Inmaterial Marítimo. Deste modo Vilaxoán referenciaríase como a capital galega da música e a cultura mariñeira.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordinadora Cultural de Vilaxoán.</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Asociacións de bateiros e mariscadoras.</li> <li>▪ Colaboración de A.C. Dorna e A.C. Rompetimóns.</li> <li>▪ Ponte nas Ondas</li> </ul>	4 Alta; 4 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
14. CREACIÓN DUNHA REDE DE VILAS MARIÑEIRAS DA AROUSA	<p>Os Concellos da Illa de Arousa, Rianxo e A Pobra reciben importantes continxentes de turistas no período estival. Asociarse a eles nun roteiro turístico común implica aproveitar parte dese caudal en beneficio propio. As comunicacións por terra de Vilaxoán adoecen de eivas na sinalización, o que repercute nunha certa invisibilidade do pobo. Sen embargo por mar ten un doado acceso e unha fonda tradición de intercambios alomenos con Rianxo e A Illa. A idea é crear un roteiro marítimo entre as catro vilas ademais de Carril, amenizadas por actuacións musicais e con visitas guiadas en terra, onde cada vila tería unha especialidade temática: A Illa coas embarcacións tradicionais, Rianxo coa literatura, A Pobra coa arquitectura, Carril coa vela latina e Vilaxoán coa música mariñeira. Poderíase complementar con: 1) recuperación e celebración conxunta do Día da Arousa; 2) regatas de lanchas xeiteiras; 3) cooperación cultural a través do Centro da Música e a Cultura Mariñeira; 4) celebración en 2013 do 50 aniversario da travesía a nado de Vilaxoán.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Programa europeo GAC 5 Ría de Arousa</li> <li>▪ Concellos de Vilagarcía, A Pobra, A Illa e Rianxo.</li> </ul>	3 Alta; 5 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
15. ACCIÓNS NAS CONSERVEIRAS (e outras empresas do sector)	<p>Noutras latitudes de Europa é habitual que as empresas se impliquen activamente na vida da comunidade que as acolle. A procura da calidade diferencial nos productos ten que ver en ocasións cos elementos singulares que a cultura local lle proporciona. E a colaboración nas actividades populares repórtalles unha mellor imaxe e un plus de lexitimidade cara aos seus propios empregados e clientes. Pois ben, as conserveiras de Vilaxoán están na medula da historia e da identidade local, forman parte do seu patrimonio. A vila non se entendería sen elas. A súa contribución a un proceso de desenvolvemento local pode retribuírlle beneficios directos e indirectos. Algunhas posibles accións: 1) visitas guiadas ás conserveiras dentro dos itinerarios turísticos de Vilaxoán; 2) promoción de “conservas de autor” en cuxo deseño se impliquen artistas locais; 3) realización dalgunha actividade musical que evoque ou reproduza os cantos nas conserveiras; 4) participación con stand propio na Aldea Mariñeira ou en festa gastronómica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Conserveiras de Vilaxoán (Hermanos Pita e Peña).</li> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Entidades socioculturais de Vilaxoán</li> </ul>	1 Alta; 6 Media

## CULTURA MARIÑEIRA E DESENVOLVEMENTO EN VILAXOÁN

PROPOSTAS			
TÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS	PRIORIDADE
16. OUTRAS LIÑAS DE FOMENTO DO TURISMO	<p>Algunhas outras propostas destinadas a fomentar o turismo en Vilaxoán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- no vindeiro PXOM habilitar solo urbano para uso hoteleiro (preferiblemente no solar de Atlántica ou inmediacións);</li> <li>- celebración do Día dos Pazos de Vilaxoán, con acceso aos recintos e / ou visitas guiadas;</li> <li>- varar unha batea/cafetería na baía con ambientación histórica e pesqueira;</li> <li>- recuperación do antigo cine de Vilaxoán con fins recreativos;</li> <li>- prácticas de submarinismo especializado en buques afundidos;</li> <li>- promoción da igrexa románica de San Martiño;</li> <li>- oferta de cursos de navegación durante todo o ano;</li> <li>- desenvolvemento dunha fachada turística da vila, con cafés, bares, hoteis, restaurantes...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Concello de Vilagarcía.</li> <li>▪ Confraría Virxe do Rosario</li> <li>▪ Emprendedores e / ou empresas concesionarias.</li> </ul>	1 Alta; 6 Media

